



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 52

VIII lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 26 de maio de 2010

Presidencia da Excm. Sra. D.^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

4. Proposicións non de lei ante o Pleno

4.4 08/PNP-0542 (32058)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sánchez Montenegro, Isabel

Sobre a construción do encoro denominado salto de Suarna na conca alta do río Navia, promovido pola empresa Saltos del Navia, nos termos municipais da Fonsagrada, Navia de Suarna e Ibias, nas provincias de Lugo e Asturias, e as actuacións para levar a cabo pola Xunta de Galicia ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 220, do 28.04.2010

4.5 08/PNP-0546 (32719)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Veira, Pedro Manuel

Sobre a actuación do Goberno galego para a inclusión no futuro marco enerxético nacional do desenvolvemento das enerxías reno-

vables en Galicia e a presentación de propostas ante a posible adopción de medidas de reaxuste retroactivo para unha nova reordenación do sector

Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG núm. 226, do 06.05.2010

4.6 08/PNP-0555 (33138)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Barcón Sánchez, María del Mar, e cinco deputados máis

Sobre as actuacións para levar a cabo en relación co desenvolvemento do Plan Hurbe

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 230, do 12.05.2010

6. Interpelacións

6.1 08/INT-0357 (30716)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Tomé Roca, José

Sobre os criterios seguidos para a concesión das axudas ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2008 para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 215, do 21.04.2010

6.2 08/INT-0366 (31565)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Blanco Álvarez, Fernando Xabier

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha dalgún plan específico para frear a crise e o desemprego en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 220, do 28.04.2010

6.3 08/INT-0395 (33174)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, Carmen, e Pose Mesura, Modesto

Sobre a intención da Consellería de Sanidade de agrupar as gardas de radioloxía dos hospitais comarcais, os motivos deste cambio e a incidencia desta medida na atención sanitaria dos pacientes

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 230, do 12.05.2010

7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

7.1 08/POPX-0040 (34341)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre as previsións de continuación pola Xunta de Galicia co recorte do gasto social

7.2 08/POPX-0041 (34347)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vázquez Fernández, Manuel

Sobre a transparencia da acción do Goberno galego

8. Preguntas orais ante o Pleno

8.1 08/POP-1194 (33789)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel, e dous deputados máis

Sobre a situación na que se atopa o proceso de apertura da residencia de persoas maiores de Covas, no concello lucense de Viveiro (art. 155.5)

Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG núm. 230, do 12.05.2010

8.2 08/POP-1208 (34342)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Blanco Álvarez, Fernando Xabier

Sobre os pasos que está a dar o Goberno galego para a aplicación dos artigos non recorridos ante o Tribunal Constitucional da Lei 10/2009, do 30 de decembro, de modificación do Decreto lexislativo 1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das leis 7/1985 e 4/1996, de caixas de aforros de Galicia (art. 155.5)

8.3 08/POP-0966 (29113)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro

Sobre as actuacións que se van desenvolver dentro do Plan Move no ano 2010

8.4 08/POP-1053 (30582)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López-Chaves Castro, Ignacio Javier, e Ferverza Costas, José

Sobre a situación do proxecto da cidade da xustiza de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 215, do 21.04.2010

8.5 08/POP-1098 (31907)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e catro deputados máis

Sobre as razóns do incumprimento do acordo parlamentario referente á ampliación ata catrocentas da oferta de prazas para estudantes de medicina no curso 2010 - 2011

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 220, do 28.04.2010

8.6 08/POP-1122 (32557)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel, e catro deputados máis

Sobre a valoración do Goberno galego da execución do Plan de desenvolvemento integral de Ferrol, Eume e Ortegal durante o ano 2009

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 226, do 06.05.2010

8.7 08/POP-1130 (32652)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a investigación dos crimes da ditadura franquista en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 226, do 06.05.2010

8.8 08/POP-1136 (32680)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre os datos relativos á evolución do gasto farmacéutico da sanidade pública galega

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 226, do 06.05.2010

8.9 08/POP-1139 (32699)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, Carmen, e Pose Mesura, Modesto

Sobre a dimisión da directora médica de Atención Primaria de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 226, do 06.05.2010

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Carlos Ignacio Aymerich Cano, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións de continuación pola Xunta de Galicia co recorte do gasto social. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Aymerich Cano (BNG). (Páx. 9.)*

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 9.)*

Réplica do autor: *Sr. Aymerich Cano (BNG). (Páx. 10.)*

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 11.)*

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Manuel Vázquez Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a transparencia da acción do Goberno galego. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Vázquez Fernández (S). (Páx. 12.)*

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 13.)*

Réplica do autor: *Sr. Vázquez Fernández (S). (Páx. 14.)*

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 14.)*

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a Isabel Sánchez Montenegro e D. Fernando Xabier Blanco Álvarez, sobre a construción do encoro denominado salto de Suarna na conca alta do río Navia, promovido pola empresa Saltos del Navia, nos termos municipais da Fonsagrada, Navia de Suarna e Ibias, nas provincias de Lugo e Asturias, e as actuacións para levar a cabo pola Xunta de Galicia ao respecto. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta anuncia que a esta proposición non de lei se lle presentaron dúas emendas: unha do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 35286) e outra do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 35287). (Páx. 16.)

Intervención do autor da proposición non de lei: *Sr. Blanco Álvarez (BNG). (Páx. 16.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Gallego Calvar (S) (Páx. 18.) e Sr. Varela Suanzes-Carpegna (P). (Páx. 19.)*

O señor Blanco Álvarez (BNG) intervén para pechar o debate e posicionarne respecto das emendas. (Páx. 21.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Manuel Arias Veira, sobre a actuación do Goberno galego para a inclusión no futuro marco enerxético nacional do desenvolvemento das enerxías renovables en Galicia e a presentación de propostas ante a posible adopción de medidas de reaxuste retroactivo para unha nova reordenación do sector. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Baltar Blanco) anuncia que a esta proposición non de lei se lle presentou unha emenda polo G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 35302). (Páx. 21.)

Intervención do autor da proposición non de lei: *Sr. Arias Veira (P). (Páx. 22.)*

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Losada Álvarez (S). (Páx. 23.)*

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Viéitez Alonso (BNG). (Páx. 26.)*

O señor Arias Veira (P) intervén para pechar o debate e posicionarse respecto da emenda. (Páx. 28.)

Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María del Mar Barcón Sánchez e cinco deputados máis, sobre as actuacións para levar a cabo en relación co desenvolvemento do Plan Hurbe. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Baltar Blanco) anuncia que a esta proposición non de lei se lle presentou unha emenda polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 35259). (Páx. 29.)

Intervención da autora da proposición non de lei: *Sra. Barcón Sánchez (S). (Páx. 29.)*

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Táboas Veleiro (BNG). (Páx. 31.)*

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Rodríguez González (P). (Páx. 33.)*

A señora Barcón Sánchez (S) intervén para pechar o debate e posicionarse respecto da emenda. (Páx. 35.)

A señora presidenta anuncia que se vai proceder á votación das proposicións non de lei debatidas. A seguir dálle a palabra á señora Caride Estévez (S) para que indique se se chegou a algún acordo na proposición non de lei documento número 9693. (Páx. 35.)

A señora Caride Estévez le o texto transaccionado da citada iniciativa. (Páx. 36.)

Votación do texto transaccionado da proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, documento número 9693, por iniciativa de D.^a María José Caride Estévez e catro deputados máis, sobre o cumprimento dos compromisos do Acordo pola competitividade de Galicia 2008-2011 e o impulso do diálogo social coa convocatoria de empresarios e sindicatos para concertar as iniciativas e respostas que require a actual situación de crise: *aprobada por unanimidade, por 71 votos a favor. (Páx. 36.)*

A señora presidenta dálle a palabra á señora Táboas Veleiro (BNG), que le o texto transaccionado da proposición non de lei documento número 30566. (Páx. 36.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, documento número 30566, por iniciativa de D.^a María Teresa Táboas Veleiro, sobre o inicio de negociacións co Goberno central para comprometer unha contía mínima de cen millóns de euros do chamado Plan extraordinario de infraestruturas do Ministerio de Fomento, co fin de iniciar

en Galicia un servizo de proximidade que permita un modelo alternativo de mobilidade : *aprobada por unanimidade, por 71 votos a favor.* (Páx. 36.)

Votación do texto orixinario da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, documento número 31708, por iniciativa de D. Rosendo Luis Fernández Fernández e catro deputados máis, sobre a demanda ao Goberno central dun pacto, en coordinación coas comunidades autónomas, pola sostibilidade e a calidade do sistema sanitario : *aprobada por 38 votos a favor, 11 en contra e 22 abstencións.* (Páx. 37.)

A señora presidenta dálle a palabra ao señor Blanco Álvarez (BNG), que le o texto transaccionado da proposición non de lei documento número 32058. (Páx. 37.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei documento 32058, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a Isabel Sánchez Montenegro e D. Fernando Xabier Blanco Álvarez, sobre a construción do encoro denominado salto de Suarna na conca alta do río Navia, promovido pola empresa Saltos del Navia, nos termos municipais da Fonsagrada, Navia de Suarna e Ibias, nas provincias de Lugo e Asturias, e as actuacións para levar a cabo pola Xunta de Galicia ao respecto: *aprobada por unanimidade, por 71 votos a favor.* (Páx. 37.)

Votación do texto orixinario da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia documento número 32719, por iniciativa de D. Pedro Manuel Arias Veira, sobre a actuación do Goberno galego para a inclusión no futuro marco enerxético nacional do desenvolvemento das enerxías renovables en Galicia e a presentación de propostas ante a posible adopción de medidas de reaxuste retroactivo para unha nova reordenación do sector: *aprobada por 38 votos a favor e 33 en contra.* (Páx. 38.)

A señora presidenta dálle a palabra á señora Barcón Sánchez (S), que le o texto transaccionado da proposición non de lei documento número 33138. (Páx. 38.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, documento número 33138, por iniciativa de D.^a María del Mar Barcón Sánchez e cinco deputados máis, sobre as actuacións para levar a cabo en relación co desenvolvemento do Plan Hurbe: *rexeitada por 33 votos a favor e 38 en contra.* (Páx. 38.)

Interpelación de D. Fernando Xabier Blanco Álvarez, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha dalgún plan específico para frear a crise e o desemprego en Galicia.
(Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr Blanco Álvarez (BNG).* (Páx. 39.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Facenda.* (Páx. 41.)

Rolda de grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 43.) e *Sr. Arias Veira (P).* (Páx. 46.)

A señora presidenta solicítalle ao señor Arias Veira que retire unhas frases do seu discurso. (Páx. 47.). *Así mesmo, a señora Pontón Mondelo e a señora Barcón Sánchez, solicítanlle á presidenta que esas expresións non figuren no Diario de Sesións. Por orde da señora presidenta, ao abeiro do artigo 105.1 do Regulamento, retíranse as citadas frases.* (Páx. 48.)

Réplica do autor: *Sr. Blanco Álvarez (BNG).* (Páx. 49.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Facenda.* (Páx. 50.)

Pregunta de D. Fernando Xabier Blanco Álvarez, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os pasos que está a dar o Goberno galego para a aplicación dos artigos non recorridos ante o Tribunal Constitucional da Lei 10/2009, do 30 de decembro, de modificación do Decreto legislativo 1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das leis 7/1985 e 4/1996, de caixas de aforros de Galicia (art. 155.5). (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Blanco Álvarez (BNG).* (Páx. 51.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Facenda.* (Páx. 52.)

Réplica do autor: *Sr. Blanco Álvarez (BNG).* (Páx. 52.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Facenda.* (Páx. 53.)

Pregunta de D. Alejandro Gómez Alonso, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións que se van desenvolver dentro do Plan MOVE no ano 2010. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Gómez Alonso (P).* (Páx. 54.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.* (Páx. 54.)

Réplica do autor: *Sr. Gómez Alonso (P).* (Páx. 55.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.* (Páx. 56.)

Pregunta de D. Ignacio Javier López-Chaves Castro e D. José Ferverza Costas, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación do proxecto da Cidade da xustiza de Vigo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. López-Chaves Castro (P).* (Páx. 57.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.* (Páx. 57.)

Réplica do autor: *Sr. López-Chaves Castro (P).* (Páx. 58.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.* (Páx. 59.)

Pregunta de D.^a María Concepción Burgo López e catro deputados máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns do incumprimento do acordo parlamentario referente á ampliación ata catrocentas da oferta de prazas para estudantes de medicina no curso 2010-2011. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Burgo López (S).* (Páx. 60.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.* (Páx. 60.)

Réplica do autor: *Sra. Burgo López (S).* (Páx. 61.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.* (Páx. 61.)

Pregunta de D. Abel Losada Álvarez e catro deputados máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego da execución do Plan de desenvolvemento integral de Ferrol, Eume e Ortegá durante o ano 2009. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sra. Sestayo Doce (S).* (Páx. 62.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.* (Páx. 63.)

Réplica do autor: *Sra. Sestayo Doce (S).* (Páx. 64.)

SUMARIO

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. (Páx. 64.)*

Pregunta de D.^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a investigación dos crimes da ditadura franquista en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 65.)*

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo. (Páx. 66.)*

Réplica do autor: *Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 67.)*

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo. (Páx. 68.)*

Remata a sesión ás dúas e media da tarde.

Retómase a sesión ás dez da mañá.

A señora PRESIDENTA: Señorías, bos días.

Por favor, vaian ocupando os seus escanos.

Reiníciase a sesión co punto seis da orde do día, de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Carlos Ignacio Aymerich Cano, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións de continuación pola Xunta de Galicia co recorte do gasto social

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra o señor Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Grazas, señora presidenta.

Señor Feijóo, na Galiza chove sobre mollado. Os recortes que vén de anunciar o Goberno español caen sobre os recortes e os axustes que vén aplicando vostede desde hai catorce meses, con resultados coñecidos; porque desde hai catorce meses, desde o tempo que vostede leva no Goberno, xa experimentamos que no orzamento do ano 2009 deixaron de investir 1.600 millóns de euros, e iso provocou xa os seus efectos.

No orzamento do ano 2010, pola primeira vez na historia da nosa Comunidade Autónoma, recortaron vostedes os cartos destinados a educación, a sanidade e a protección social. E agora veñen de anunciar un novo recorte nos orzamentos do ano 2010 de 206 millóns de euros, o 56 % dese recorte en gastos de capital, en investimento, nos capítulos VI e VII –apenas o 43 % correspondente ao que vostedes denominan gasto corrente–; un recorte que afecta especialmente á sanidade, onde volven recortar sobre o xa recortado 43 millóns e medio de euros; a traballo, 14,2 millóns de euros; ou ao investimento en infraestruturas e medio ambiente, onde recortan case 60 millóns de euros. Este é o seu contributo á dinamización da economía produtiva e á creación de emprego en Galiza.

E, claro, os resultados desta política de axustes, os resultados do seu recorte, son coñecidos. Desde que vostede goberna en Galiza temos 38.000 parados e paradas máis. O pri-

meiro trimestre deste ano Galiza encabezou a destrución de emprego no conxunto do Estado, e os recortes –como dicía– que vén de anunciar o señor Zapatero, seguindo o ditado dos mercados financeiros, van agravar aínda máis esta situación; agravarán o desemprego, retrasarán a saída da crise e recortarán aínda máis o gasto social.

Mais onte a súa conselleira de Facenda –hoxe ausente– xa puxo a venda antes da ferida; dixo: “é que estas medidas de Zapatero van facer que en Galiza crezamos menos”; en concreto, cifrou en 5 décimas o retroceso no PIB galego. Mais, claro, aquí as cuestións... Hoxe a prensa fala de que isto anula o efecto Xacobeo. E penso que deberíamos repasar o cadro macroeconómico dos seus orzamentos, dos orzamentos para o ano 2010. Porque coincidiremos en que as medidas de Zapatero o que van sobre todo é afectar á demanda interna, non ao que é a demanda externa. E na demanda interna vostedes xa prevían unha baixada de 1,3 puntos, xa prevían unha baixada da demanda interna do 1,3. É certo, prevén –nunca explicaron baseándose en que– un incremento da demanda exterior de 2,3 puntos, o resultado era un crecemento do PIB dun 0,2, agora será –como se chama– un crecemento negativo, un decrecemento, e bótanlle a culpa ao señor Zapatero; en parte será certo.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO: Ademais, ¿que está facendo vostede, señor Feijóo, para que isto non sexa así? ¿Que medidas adoptou para que isto non sexa así e para que Galiza creza no ano 2010?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Aymerich.

Para respostar ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señoría, creo que a pregunta está mal formulada –señor Aymerich, dígollo con todo respecto–, está mal formulada, non no seu contido senón no seu destinatario. Os recortes debe vostede formulalos dentro desa bancada e non cara a esta bancada. *(Murmurios.)*

Señoría, dicirlle a un pensionista que se lle rebaixan as pensións que cando chegue á casa ten que dar explicacións do recorte é dobremente inxusto. Se a un Goberno da Xunta de Galicia se lle rebaixan os ingresos do Estado, se lle rebaixan os investimentos; se á poboación galega se lle conxela e, en consecuencia, se lle rebaixan as pensións –medio millón de fogares–; se a máis de 150.000 familias se lles rebaixa o 5 % o salario, non serán responsables nin ese Goberno ao que se lle rebaixan os presupostos, nin esas familias ás que se lles rebaixa o soldo, nin esas 500.000 familias pensionistas ás que se lles conxelan as pensións. (*Murmurios.*)

Señoría, polo tanto, debe de vostede preguntar nas súas bancadas e non nas bancadas que sufrimos o recorte. Pero non un, señoría, catro recortes levamos. O primeiro, 2.000 millóns de euros que temos que pagar como consecuencia, iso si, da política impropia dun Goberno en Galicia gastándose o diñeiro que non tiña no ano 2008 e no ano 2009, primeiro recorte; o segundo, o recorte do 12 % das transferencias do Estado aos presupostos da Comunidade Autónoma galega; o terceiro, o recorte de 206 millóns de euros como consecuencia da modificación unilateral do pacto de financiamento; e a última, señoría, o recorte a 150.000 empregados públicos, 500.000 pensionistas e a todos os galegos nas próximas semanas co incremento do imposto do valor engadido. (*Interrupcións.*)

Polo tanto, señoría, nós o que estamos é actuando con responsabilidade, facendo os axustes obrigados como consecuencia dos recortes. Pero antes diso xa recortamos nós; iso si, declarámonos autores e culpables de facer o maior recorte en gastos superfluos, en gastos administrativos e plantexando o plan de austeridade máis importante de todos os gobernos autonómicos de España. Iso si que nos declaramos culpables, señoría, (*Aplausos.*) culpables de reducir o 50 % o número de altos cargos, o 25 % o número de asesores, o 30 % o número de persoal de confianza e un 47 % os gastos do parque móbil.

Mire, señoría, imos seguir traballando, primeiro, pagando o que debemos; segundo, non gastando máis do que temos; e, terceiro, señoría, contándolle á xente a verdade... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... E a verdade, señoría, é que estamos nunha profunda depre-

sión económica onde a Xunta de Galicia está mantendo o gasto social e está crecendo medio punto por riba de España.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, presidente.

Ten a palabra para réplica o señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO: Bueno, vostede fala de austeridade. Mire, eu, de acordo co dicionario galego de Xerais –que o galego tamén vale para as matemáticas e vale para falar de números–, da austeridade dá as seguintes acepcións: “Dise da persoa que se comporta sen excesos nin abusos”, isto ao Partido Popular non se lle pode aplicar. (*Risos.*); “sobrio”, tampouco; “dise do obxecto que carece de adornos excesivos ou superfluos”, non, creo que bastan os mítins en Venezuela para...; cuarto, “dise da persoa íntegra e incorruptíbel, así como da súa conduta”, (*Risos.*) isto desde logo tampouco se lles pode aplicar. Por tanto, non falamos de austeridade, falamos de recortes, recortes que vén aplicando o señor Núñez Feijóo e o seu Goberno desde hai catorce meses.

Ten que dicir unha cousa, señor Feijóo: vostede agora fala dos pensionistas, ¿defende o seu partido, defende vostede unha reforma estrutural do mercado de pensións, ¡eh!, do sistema de pensións, para que compute toda a vida laboral no cálculo da pensión? Iso é o que están dicindo, iso é o que di o FMI, iso é o que din os seus portavoces económicos. Por tanto, non se vista vostede agora de mesa petitoria dicindo que defende aos pensionistas. Era vostede o que quería eliminar o complemento das pensións non contributivas, era vostede, era vostede. (*Aplausos.*)

Dí vostede: os traballadores públicos; ¡pero se vostedes levan defendendo durante meses que hai que recortar o salario dos traballadores públicos!, e logo virán os do sector privado na negociación colectiva. Nós estamos en contra das medidas que anuncia o señor Zapatero, imos votar en contra, ¿que vai facer o seu partido? ¿Que vai facer o seu partido mañá? ¿Vai apoiar ese decreto lei? ¿Que vai facer o seu partido?

O que nos ten que dicir, señor Feijóo –onte falaba tamén a súa conselleira de Facenda de progresividade fiscal–, é que vai facer dentro do ámbito das súas competencias. ¿Vai

reformular, dentro do tramo autonómico, utilizando a súa potestade normativa, o IRPF, para introducir máis progresividade fiscal e que paguen máis os que máis teñen? ¿Segue mantendo a súa idea de eliminar totalmente o imposto de sucesións e doazóns, ...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO:... que agora só pagan entre ascendentes e descendentes de primeiro grao os que reciben de herdanza máis de 1 millón de euros? ¿Quere eliminar o imposto para esas persoas?

¿Vai introducir –como anunciou o seu conselleiro Agustín Hernández– un imposto regresivo sobre a auga, que vai pagar toda a poboación galega, ...

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO:... gañen o que gañen? Por tanto,...

(O señor Aymerich Cano pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Aymerich.

(O señor Aymerich Cano pronuncia palabras que non se perciben.)

Moitas gracias, señor Aymerich.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, nós o que estamos facendo é dicíndolle a verdade á xente. *(Murmurios.)* Onte reformamos a previsión de crecemento de Galicia porque non lle queremos mentir a Galicia. Mire, se o Goberno do Estado di que no ano 11 vai baixar a economía medio punto, ¿como é posible que no ano 10 non baixe a economía nada sobre as súas previsións? ¿Quéreme vostede explicar isto? Nós non imos mentirlle a ninguén; insisto: imos crecer medio punto máis que España, e España séguelles mentindo a todos os españois, a vostede incluído.

Señoría, se vostede quere falar de austeridade, sigamos. Mire, señoría, permítame simplemente algunhas reflexións, que non consellos; como se sabe, os nacionalistas naceron sen pecado orixinal; polo tanto, ningún consello, algunha reflexión. Mire, onte escoitabamos aquí a algún dos seus voceiros falar das deputacións; mentres vostedes queren eliminar as deputacións, así mesmo as gobernan. Señoría, en Lugo teñen vostedes tres deputados, ¿sabe cantos vicepresidentes dos tres deputados nacionalistas? Dous. Un récord, señoría, tres deputados provinciais do BNG e dous vicepresidentes dentro dos tres; un récord, señoría.

Sigamos falando de austeridade. *(Murmurios.)* Vostedes e o Partido Socialista incrementaron...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... incrementaron por cinco as dedicacións exclusivas na Deputación da Coruña. Señoría, vostedes e o Partido Socialista incrementaron por dous os gastos nos soldos no Concello de Vigo; un 85 % as dedicacións exclusivas, por exemplo en Cee; e un 145 %, por exemplo, o salario da alcaldesa nacionalista de Tomiño. Mire, deputacións, cidades pequenas, cidades grandes, vilas pequenas, vilas grandes; dálles igual, en todo é incremento e falta de austeridade.

Por certo, señoría, cando nós imos a Venezuela imos visitar á colectividade galega, o billete págao o partido e non imos con gastos da Xunta de Galicia a render homenaxe ao señor Chaves. *(Aplausos.)* Non, a iso non, señoría, a iso non. *(Aplausos.)*

Mire, señoría, en momentos de crise económica incrementamos un 71 % aos dependentes as súas rendas. En momentos de crise económica estamos facendo dous grandes hospitais públicos en Galicia. En momentos de crise económica estamos incrementando 4.500 novas prazas –tome nota–, 4.500 novas prazas, dos centros de día, nas residencias dos maiores e nas escolas infantís. En momentos de crise económica estamos subindo do 68 % ao 70 % o gasto social nos presupostos. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E permítanme unha cousa. Non, señoría, non, señoría, mire, mire,...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, presidente, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Grazas, presidenta.

Mire, dado que vostede agora quere empezar a falar de responsabilidade, mire, nós si que fomos responsables. Estas bancadas son testemuña de que falamos da crise económica que vostede como portavoz do BNG negaba. E voulle recordar outra cousa; mire, señoría, os recortes –se vostede quere ser estrito– teñen un dobre cuño: o cuño, por suposto, do Partido Socialista Obreiro Español e do Goberno socialista de España e o cuño dos partidos que apoiaron a política económica que nos leva aos recortes durante cinco anos consecutivos.

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Como vostede sabe, quen apoiou eses recortes foi o Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Manuel Vázquez Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a transparencia da acción do Goberno galego

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra don Manuel Vázquez Fernández.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Gracias, señora presidenta.

Señor presidente,... *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

(O señor Vázquez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)

Por favor, déanlle voz ao escano do señor Vázquez.

Ten a palabra, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor presidente, escoitándoo a vostede e escoitando á conselleira descubrimos con sorpresa que os 233.000 parados de Galicia non son os seus parados, que as empresas que pechan en Galicia non son as súas empresas, que as explotacións gandeiras que van pechando en todo o largo do mundo rural galego non é o seu problema. Nin a sanidade galega nin a dependencia galega, non son o seu problema. Vostede –comprobamos todos onte aquí e en Madrid– que o único problema que ten son as eleccións.

Vostedes, o Partido Popular, xa só descubriron que a crise, que antes era culpa dos socialistas galegos, agora xa non é culpa do Goberno galego, agora é culpa de axentes externos que se dedican a conspirar contra Galicia.

Mire vostede, señor Feijóo, vén aquí permanentemente a esta Cámara a contar cousas que non son certas. E vén aquí a dicir sempre xusto o contrario do que dixo cando era oposición. Pero sempre se lle encheu a boca de falar de transparencia, de corresponsabilidade e de dicir a verdade. E voulle demostrar que vostede non só non di a verdade, senón que enganou á Cámara. E voulle facer con dúas fotos moi sencillas. Díxoo vostede: Venezuela, Venezuela. ¿Saben quen está nesta foto en Venezuela o 23 de abril? O señor Rueda, o señor Camba e o señor Felisindo López, recibindo, nunha viaxe do Partido Popular, un talón de 120.000 euros de todos os galegos e galegas, que estaban entregándollo nese mesmo momento.

E outra foto na que están os mesmos, pero de postura distinta, ao día seguinte, 24 de abril, celebrando a elección de Felisindo como presidente do Partido Popular de Venezuela e de Caracas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)* Vostede veu aquí a enganar.

Vostede diga agora que esta foto está trucada, vostede diga agora que non foron cun maletín con 120.000 euros para entregarlle ao Partido Popular de Venezuela, de Caracas, 120.000 euros de todos os galegos e de todas as galegas para entregarllos ao Partido Popular.

Mire, señor Feijóo, vostede mentiulle a esta Cámara, señor Feijóo; o señor Rueda mentiu a este Parlamento, e vostede, que di que sempre vai dicir a verdade, eu só lle pido tres palabras: transparencia, coherencia e verdade. Pois teno moi fácil: cese ao señor Rueda. (*Murmurios.*) Si, claro, teno moi fácil. (*Aplausos.*) Cese... Perdón, que me falta... Déixeme acabar, déixeme acabar...

A señora PRESIDENTA: Por favor, por favor, silencio.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ:... cese ao señor Camba, por certo, que anda paseando Argentina dicindo que a el o que lle gusta da emigración, ...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ:... como ben é, é o voto transparente e limpo, cos cartos de todos os galegos. Pero unha cousa máis importante: comprométase, por transparencia, a que o Partido Popular devolva os 120.000 euros a todas as galegas e todos os galegos, que lles sacaron para financiar ilegalmente o seu partido.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Vázquez, fai quince días vostede sorprendíanos a todos porque nos increpaba sobre os recortes que estaba producindo o Goberno da Xunta de Galicia.

Mentres vostede se dirixía a Galicia sobre este asunto, o seu xefe de filas, o presidente do Goberno de España, facía o maior recorte social da democracia. (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Como parece que iso non lle interesa, porque pasamos do Estado do benestar ao Estado do malestar, como parece que a vostede isto non lle interesa, agora ten unha nova teima: a transparencia.

Perfecto. Falamos de transparencia, señor Vázquez, sen ningún problema.

Mire, supoño que vostede tiña que felicitar este Goberno por ser transparente. O primeiro é evitar a prevaricación por vostede denunciada sobre o concurso eólico. Evitamos a prevaricación. Agora temos un concurso eólico transparente.

Segundo. O outro día fixo vostede unha rolda de prensa en San Caetano, utilizou vostede unhas dependencias que custaron 4 millóns de euros e que cando vostede estaba na oposición negaba a existencia das mesmas. Máis transparencia, imposible, vostede mesmo as utilizou.

Terceiro. Onte mesmo, mediante un error tipográfico, díselles a 5.000 concellos de España que non poden endebedarse e, mediante o erro tipográfico, agora díselles que si poden endebedarse; máis transparencia do Partido Socialista, imposible.

Señoría, pero sigamos falando de transparencia.

Mire, señoría, voume centrar soamente na actuación dun conselleiro da Xunta de Galicia, dun, non temos para moito máis. Había un conselleiro que quixo facer unha nova sede, innecesaria, onde se gastou 1.600.000 euros. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois ben, esa sede aínda non se pode utilizar agora, ese conselleiro está no Tribunal de Contas como consecuencia dun gasto non xustificado do 33 % da totalidade do gasto dos mobles nesa sede.

Había un conselleiro que declarou 83 obras que se tramitarían por trámite de urxencia, 83 obras; isto significa nin publicidade nin concorrència. Houbo outro conselleiro que decidiu outorgar 40 millóns de euros a dedo, sen publicidade, sen concorrència, sen concurso, sen nada, 6.500 millóns de pesetas a dedo.

Señor Vázquez, ¿sabe quen é ese conselleiro, señor Vázquez, ese conselleiro que está no Tribunal de Contas, ese conselleiro que abre unha sede e gasta 1.600.000 euros de forma innecesaria, ese conselleiro que adxudica 83 obras a dedo, ese conselleiro que outorga 6.500 millóns de pesetas, 40 millóns de euros, a dedo? Ese conselleiro é vostede. (*Aplausos.*) Vostede.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando. Presidente, vaia rematando, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Poño á súa disposición este convenio. Un convenio asinado en funcións polo Goberno anterior onde se lle outorga unha subvención a outra fundación en Brasil cuxo presidente é o secretario xeral do Partido Socialista en Brasil.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Para réplica ten a palabra o señor Vázquez Fernández.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Vexo, señor presidente, que non lle soa a palabra Venezuela; non a repetiu para nada, de Venezuela non sabe nada. Repítoallo para ver se me levan ao xulgado: 120.000 euros de todos os galegos ao Partido Popular de Venezuela que lle levaron.

Pero, mire, transparencia por exemplo é, transparencia, a súa transparencia é entregarlle a Atos Origin, dirixido por unha sobriña de Romay Beccaría, que curiosamente sempre o acompaña a vostede, esa empresa, en Correos, no Ministerio de Sanidade, en Sanidade e na Xunta de Galicia, con suculentos contratos de ata 4 millóns de pesetas.

Amigos del alma, amigos del alma, amigos del alma. *(Murmurios.)*

Señor Piqué, que de casualidade tamén sae de Galicia só con 7 millóns de euros. Así é, 7 millóns de euros de nada que se leva o señor Piqué, que creo que algo se coñecen –me parece–.

Empresas de Miguel Ángel Fernández, que chegan aquí e se levan outros 7 millóns de euros.

Mire, señor Feijóo, vostede non só non goberna este país, senón que cada día máis se parece ao presidente da Deputación de Ourense e de Pontevedra. Ese é o seu problema, señor Feijóo. O seu crédito neste país vai en picado, non ten ningún recato, non ten ningún recato en mentir á Cámara.

Por suposto que este conselleiro nunca contratou ningunha sede por 1.600 millóns de euros, 1.600, nunca, *(Murmurios.)*

nunca, nunca, señor Feijóo; ensine algún papel que o sosteña. Pero a vostede dálle igual, porque vostede descubriu que mentindo na Cámara en cada regate pode saír vivo. E mire, xa o pillamos en moitas mentiras, señor Feijóo.

Vostedes teñen un problema: están ocultando contratos para amigos, están usando diñeiro público dos galegos para facer políticas do PP, e o señor Rueda e o señor Camba teñen que presentar a súa dimisión.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: E vostede... Si, si, non, perdoe.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ:... E vostede, señor Feijóo –voullo dicir con maiúsculas, a ver se entende–, é o cómplice necesario para todo iso. Vostede, señor Feijóo, é o que está ocultando, e por suposto que vostede, que non quere falar de Galicia, é o único presidente galego que non quere falar de Galicia. Vostede quere falar do pasado e de Madrid, pero ten un problema, señor Feijóo, ...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Remato, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Ten este país na peor situación económica da súa historia e está sendo o adalid de todas as prácticas de corrupción...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ:... que sempre...

(O señor Vázquez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, agradézolle esta pregunta e todas as que me faga en relación a este asunto. *(Pronúncianse palabras que*

non se perciben.) Todas. É que hai moita lexislatura todavía. Podemos seguir falando de transparencia, eu só trouxen un caso dun conselleiro. Por certo, é vostede; reitérolle: 1,6 millóns de euros, os gastos nunha sede, que non se pode utilizar, de Sogama. Vostede está no Tribunal de Contas, señoría.

Prosigamos, prosigamos, señoría.

Sinto moito as súas comparecencias. Dáme a sensación de que vostede está nostálxico, está nostálxico, e parece que bota de menos as chafalladas do bipartito. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non hai chafalladas neste Goberno, nin as haberá mentres eu sexa presidente do mesmo, señoría. Polo tanto, leccións, ningunha, ningunha. (*Aplausos.*)

Señoría, unha chafallada, ademais das que vostede fixo, é inxuriar. En Atos Origin traballan 6.500 persoas, é unha multinacional onde traballa o Goberno de Cantabria, o Ministerio de Defensa e ata a Axencia Europea Espacial. Non sabía como tiña esta persoa tanto enchufe na Axencia Europea Espacial e no Ministerio de Defensa; igual llo procurou vostede, igual llo procurou vostede.

Mire, Vueling é a segunda compañía aérea de España, a segunda; 40 destinos, 90 rutas, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) a terceira liña de baixo custo de Europa.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E vostede pode vir aquí a inxuriar e a insidiar.

Señor Vázquez, non todos somos iguais. Probablemente vostede levaría con algunha intelixencia a agrupación do Partido Socialista en Carballiño, pero ser líder dunha das oposicións é un pouco máis difícil, señor Vázquez, un pouco máis difícil.

Señor Vázquez, reitérolle: de Venezuela, falamos cando queiran, do señor Chávez se lle parece pouco. Vólvolle reiterar: cando queira; se vostede me obriga, teremos que traer á Cámara todos os gastos dos desprazamentos do anterior Goberno na emigración (*Murmurios.*) e os comparamos co presidente e o resto dos seus conselleiros.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Vázquez, vólvolle reiterar, mire...

Supoño que vostede sabe que con fondos públicos vostedes pagaban axentes electorais; sábeo. Vostede sabe que con subvencións públicas vostedes financiaban as campañas a través de axentes electorais en Arxentina; sábeo. Polo tanto, falemos de Arxentina, falemos de Uruguai, falemos de Venezuela e falemos do que queira.

Mire, señor Vázquez, ten vostede un problema. Ten o piloto automático posto ante a negación da realidade. Estivo vostede en contra da austeridade, estivo vostede en contra de rebaixar un 3 % o soldo aos deputados e aos membros do Goberno, estivo vostede en contra na baixada dos impostos, estivo vostede en contra na fusión das caixas, estivo vostede en contra...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, presidente, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... no equilibrio da lingua e agora vostede está en contra da transparencia. Si, señoría, porque transparente non é o concurso do bipartito –que vostede agora di que é bo–, transparente non é utilizar fondos electorais, fondos públicos, para axentes electorais.

Señoría, está claro que vostede está en contra da transparencia. Eu reitérolle o meu compromiso coa transparencia, co rigor e coa responsabilidade, e reitérolle: este Goberno non volverá traer as chafalladas...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... que trouxo o Goberno bipartito.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Continuamos coa orde do día do Pleno co punto cuarto, de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a Isabel Sánchez Montenegro e D. Fernando Xabier Blanco Álvarez, sobre a construción do encoro denominado salto de Suarna na conca alta do río Navia, promovido pola empresa Saltos del Navia, nos termos municipais da Fonsagrada, Navia de Suarna e Ibias, nas provincias de Lugo e Asturias, e as actuacións para levar a cabo pola Xunta de Galicia ao respecto

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei presentáronse a emenda número 35286, dos Socialistas de Galicia, e a número 35287, do Grupo Popular.

(O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Carmen Gallego Calvar, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei en Pleno do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, sobre a construción do encoro denominado salto de Suarna na conca alta do río Navia, promovido pola empresa Saltos del Navia, nos termos municipais da Fonsagrada, Navia de Suarna e Ibias, nas provincias de Lugo e Asturias, e as actuacións para levar a cabo pola Xunta de Galicia ao respecto (08/PNP-0542, doc. núm. 32058))

Emenda de Adición no punto 2.-

Adición dun novo apartado c.- bis do punto 2.-, que quedará redactado co seguinte contido:

“c.- bis. Que solicite do Goberno de España a incorporación da declaración do río Navia libre de novos aproveitamentos hidroeléctricos no Plan Hidrolóxico Nacional que se está realizando neste intre.”

Adición dun novo apartado c.- ter do punto 2.-, que quedará redactado co seguinte contido:

“c.- ter. Poñer en marcha os Plans de Ordenación e de Xestión dos recursos naturais das distintas figuras de protección ambiental declaradas neste territorio como son o LIC, a reserva da biosfera e a Rede Natura 2000.”

(O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e a iniciativa do seu deputado Daniel Varela

Suanzes - Carpegna, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte emenda de substitución á Proposición non de Lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista de Galicia, sobre a construción do encoro denominado salto de Suarna na conca alta do río Navia, promovido pola empresa Saltos del Navia, nos termos municipais da Fonsagrada, Navia de Suarna e Ibias, nas provincias de Lugo e Asturias, e as actuacións para levar a cabo pola Xunta de Galicia ao respecto. (08/PNP-0542 (32058)).

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN

Débese substituír o punto C da parte resolutiva da iniciativa polo texto que segue a continuación:

“C.- A que se favoreza o mellor aproveitamento dos recursos da zona dentro do marco do Plan Impulsa Lugo, para beneficiar a esta zona e deste xeito promover un desenvolvemento económico e social que sexa harmónico no conxunto de Galicia, acadando un reequilibrio territorial, baseado nos principios de solidariedade e converxencia.”

A señora PRESIDENTA: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra don Fernando Blanco Álvarez.

O señor BLANCO ÁLVAREZ: Señora presidenta, señorías.

A iniciativa que hoxe o Bloque Nacionalista Galego trae a este Parlamento non é unha iniciativa nova, pero si é novo o impulso que lle queremos dar a algo que é moi importante.

A comarca de Navia e parte tamén do concello da Fonsagrada teñen desde o ano 1926 unha lousa encima, unha especie de espada de Damocles que lastra o desenvolvemento socioeconómico da zona, que lastra tamén o despegue turístico e que incide tamén en termos medioambientais. E o lastra porque desde o ano 63, e desde unha orde ministerial do ano 51, deuse o aproveitamento hidroeléctrico do río Navia a dúas empresas: Hidroeléctrica do Cantábrico e Eléctrica do Viesgo.

Non deixa de sorprenden nestes tempos que, máis de corenta anos despois de que se argumentara que esa presa, que ese encoro era por interese público, non se teñan presentado nin proxectos nin desenvolvido ningún tipo de aproveitamento enerxético nestas zonas.

E, polo tanto, ese interese público decae, non existe, non existía antes e menos existe agora, onde hai xa unha aposta por outro tipo de enerxías renovables, e onde, ademais, o consumo enerxético estase a reducir. ¿Quen é o prexudicado en todo este proceso? Os homes e mulleres de toda a comarca, que viron como as súas leiras se devaluaban, como non se podían poñer en marcha iniciativas que melloraran a calidade de vida de todos os que alí viven, e que polo tanto son os auténticos prexudicados por este aproveitamento, por esta concesión.

E para resolver esta situación é polo que o Parlamento galego se ten que pronunciar con claridade en varios sentidos. Porque, desde logo, o proxecto desta segunda concesión, que despois foi reclamada polo concesionario, denominado Gran Suarna, supoñía entre outras cousas o asolagamento da Póboa de Navia, entre outras poboacións. Pero este plan, que non recibiu ademais resolución administrativa, presentou un segundo proxecto, para construír –e así mesmo eles o definían– o maior dos encoros do Estado español.

O forte rexeitamento que tivo esta decisión entre todos os veciños, entre partidos políticos, entre agrupacións ecoloxistas, entre científicos, paralizou ese intento de construír alí o Gran Suarna. No mes de xullo de 1985, as empresas concesionarias presentan ante ese rexeitamento un novo proxecto, que contempla neste caso a realización de dous encoros: o denominado Suarna e o de Penamil. Estes proxectos foron igualmente rexeitados pola poboación, contestados pola poboación, alegando ademais máis de cen alegacións neste caso, precisamente para impedir este novo intento de construír dous encoros. Todo isto en base á concesión do ano 1963; é dicir, que aínda segue vixente esa concesión.

Non deixa de sorprender que nun momento onde os traballadores, os homes e mulleres perden prestacións sociais, perden dereitos, estas empresas non perdan ningún, haxa ou non haxa interese público, haxa ou non haxa un paso do tempo máis que prudencial. Sorprende, e isto é o que nos debe levar tamén indubidablemente a unha modificación deste tipo de concesións, para que non suceda o que está sucedendo agora mesmo na comarca da Montaña de Lugo, que unha concesión lastra, como unha lousa que cae enriba de toda ela, o desenvolvemento socioeconómico.

En xuño de 1993 o Ministerio de Obras Públicas autoriza a construción do encoro de Suarna e denega o de Penamil, e

en 1995 a Dirección Xeral de Política Ambiental do Ministerio de Obras Públicas e Transportes informou da conveniencia de someter este proxecto ao procedemento de avaliación de impacto ambiental.

En 2004 a Sala 3.^a do Tribunal Supremo estimou o recurso contencioso-administrativo do Concello de Navia de Suarna, anulando así a resolución do Ministerio de Obras Públicas que modificaba as características desta concesión outorgada en 1951 para derivar auga do río Navia nos termos municipais de Ibias –de Asturias–, da Fonsagrada e da propia Navia de Suarna. Con esa decisión xudicial anulábase o proxecto, mais non a concesión, que, como dicíamos, segue vixente.

Pese a estes antecedentes, expostos xa con anterioridade, seguen aínda coa teima de construír un novo encoro, e é así como se ten iniciado tamén unha nova tramitación administrativa dun proxecto que plantexa un encoro dunha cota de 290 metros, cunha capacidade de almacenamento de 123 hectómetros cúbicos e unha conca aproveitada de 1.065 quilómetros cadrados. Digo estes datos para explicar a importancia e a amplitude do encoro que se pretende.

É preciso ademais lembrar que no río Navia xa existen outros tres grandes encoros e catro centrais hidroeléctricas, que ocupan uns 45 quilómetros cadrados, máis do 40 % do seu treito. É, polo tanto, evidente que o río Navia, os homes e as mulleres de Navia, da Fonsagrada e o conxunto de Galicia ten xa feito máis do necesario, máis do suficiente, para non ter que sufrir unha nova explotación hidroeléctrica nin neste río nin no noso país.

Polo tanto, o Parlamento galego ten claramente que posicionarse, e ten que posicionarse en dous sentidos: primeiro, rexeitando claramente calquera encoro nese territorio, rexeitando con claridade e solicitando do Goberno do Estado a revogación para que novamente esa concesión non pendure sobre o conxunto dos galegos e das galegas. É hora xa de que esa concesión caduque; púdoo facer o ministerio por oficio e non o fixo, e polo tanto hai que reclamarlle agora con claridade que o faga e que ese encoro non vaia para adiante.

Pero hai outro aspecto importante tamén, e é que durante todos estes anos, e como consecuencia desta concesión, a comarca de Navia, da Fonsagrada, sufriu precisamente no

seu desenvolvemento as características dun proxecto deste tipo, e, polo tanto, é necesario tamén poñer en marcha un plan especial de impulso para esta comarca. Un plan especial que actúe no eido do traballo, que actúe no eido do turismo, das infraestruturas, do potenciamento da industria, para garantir que o prexuízo que se lles ten causado, durante moitísimos anos, non só desapareza esa ameaza, senón que ademais sexan capaces de poñer en marcha iniciativas que novamente dean vida a esta comarca, que actúen de xeito positivo no crecemento demográfico e que, polo tanto, atendan ás necesidades dos homes e das mulleres que delas viven.

Isto é imprescindible, e é imprescindible ademais que este Parlamento claramente –e eu atrevome a pedir por unanimidade– se pronuncie con rotundidade neste caso. Estámonos a xogar ou estamos a intentar que unha inxustiza histórica, que leva máis de corenta anos pendurando sobre todos os homes e mulleres nesta zona, por fin remate. E para iso é necesario un posicionamento firme, unánime, para que o Goberno do Estado caduque esa concesión e para que o Goberno da Xunta poña en marcha un plan de reactivación económica nesa comarca que dalgunha maneira devolva a eses homes e mulleres a confianza no seu futuro, a posibilidade de desenvolver a súa vida e o seu traballo nela.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Blanco.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra dona Carmen Gallego Calvar.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señora presidenta.

Bos días, señoras e señores deputados.

O Grupo Parlamentario Socialista vai apoiar esta iniciativa, entre outras cousas porque consideramos que o río Navia ten xa suficiente grao de sobreexplotación –creo lembrar que neste momento hai tres encoros e catro centrais hidroeléctricas neste río– e cremos que é o momento de declarar o río Navia libre de novos aproveitamentos hidroeléctricos.

Temos, ademais, unha magnífica ocasión, unha magnífica oportunidade, no Plan hidrolóxico nacional, que se está a elaborar neste intre e que se fai en cumprimento da directiva marco, e un Plan hidrolóxico nacional que nas concas que lle corresponden á Comunidade Autónoma se está elaborando, a Xunta de Galicia, e neste caso na Confederación do Cantábrico, que é a que corresponde co río Navia, está elaborando esa confederación e o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Medio Mariño.

Polo tanto, cremos que debemos de aprobar entre todos neste Parlamento de Galicia se é posible solicitar do Goberno de España que incorpore a declaración do río Navia libre de novos aproveitamentos hidroeléctricos neste Plan hidrolóxico nacional. Parécenos que é o compromiso máis forte que podemos acadar entre todo o Parlamento de Galicia para evitar que no futuro este culebrón administrativo que acaba de relatar aquí o señor Blanco, por parte do Grupo Parlamentario do BNG, se repita.

Porque, como el ben dicía, estas concesións veñen dos anos 51 e sesenta e tantos e agora na actualidade o que está a facer a empresa é intentando tramitar o salto de Suarna, e está neste momento en procedemento de declaración de impacto ambiental, un procedemento que se iniciou a primeiros deste ano e no cal pois están sendo consultadas todas as administracións competentes, tamén a Xunta de Galicia, neste caso a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Polo tanto, tamén é un momento oportuno para que eses dous organismos da Xunta de Galicia que teñen que pronunciarse no senso de avaliar o impacto que o proxecto presentado pola empresa faría no río Navia pois tamén estes dous organismos da Xunta de Galicia se pronuncien de xeito que quede claro o rexeitamento por parte do Parlamento de Galicia e do Goberno de Galicia de outorgar ningún novo aproveitamento no río Navia.

E, ademais, nós, desde o Grupo Parlamentario Socialista, ademais de solicitar esta incorporación da declaración de libre de novos aproveitamentos hidroeléctricos no río Navia, dentro do Plan hidrolóxico nacional, consideramos pertinente, dado que nestes concellos da Fonsagrada e de Navia de Suarna, na zona onde se quere facer este salto, se dan varias figuras de protección de espazos naturais –a Rede Natura

2000 por suposto, unha reserva da biosfera e dous, cando menos, dous LIC, que teñen hábitats ou especies de interese prioritario ou comunitario–, cremos que sería tamén moi acaído elaborar os plans de ordenación dos recursos naturais e os plans de xestión destes recursos para esas zonas.

Porque estes plans de ordenación dos recursos naturais e plans de xestión destes recursos poden axudar a que ese desenvolvemento económico do que falaba o señor Blanco na súa intervención se dea dun xeito máis sostible. A través do plan de ordenación dos recursos naturais ou dos plans de xestión desta reserva da biosfera, dos LIC e da Rede Natura 2000, se poden implementar dende o Goberno de Galicia a través dos fondos europeos medidas e accións tendentes a poñer en valor pois todo ese patrimonio natural que está nos concellos da Fonsagrada e en Navia de Suarna. Incluso se podería facer algún proxecto coa Comunidade Autónoma de Asturias, e esa posta en valor podería supoñer que se puideran incorporar fondos europeos nesas zonas para, bueno, pois facer diversificación de actividades relacionadas, pois como turismo de carácter natural, e con outras que poidan incrementar a calidade de vida das mulleres e dos homes que viven nos concellos da Fonsagrada e de Navia de Suarna e por suposto tamén, pois se se considera procedente, se poderían facer neses plans algunha proposta na que tamén se incluíra o concello asturiano de Ibias, que tamén está afectado por este salto do Suarna.

Así que espero que no día de hoxe sexamos capaces de poñernos de acordo entre os tres grupos políticos para dar unha mensaxe clara acerca da necesidade de non conceder novos aproveitamentos no río Navia e tamén da necesidade de aproveitar eses valores naturais que están recoñecidos por figuras europeas, coa Rede Natura 2000, coa reserva da biosfera e cos dous LIC, aproveitar ese recoñecemento da normativa comunitaria para tamén levar a esa comarca e a eses concellos, á Fonsagrada, a Navia de Suarna e a Ibias, pois fondos europeos que permitan diversificar a actividade que alí se leva a cabo e incrementar a calidade de vida das mulleres e dos homes que viven nese territorio.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Gallego.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra don Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna.

O señor VARELA SUANZES-CARPEGNA: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, teño a honra de subir hoxe a esta tribuna en nome do Grupo Popular para expor o posicionamento do noso grupo, o grupo maioritario da Cámara, encol desta proposición non de lei presentada polo Bloque Nacionalista Galego, nunha área xeográfica que me é especialmente querida, singular e fermosa, como é a Montaña lucense, e especialmente a conca navega. Que dende Busmullán, serra do Rañadoiro, Pedrafita do Cebreiro, nas estribacións dos Ancares, mirar Ancares e velos por entre de carambelos, señores das grandes neves –cantou o louvado poeta do Courel–, baixa serpenteando e encaixonado o río até o seu encontro co mar na Navia do Principado.

A súa historia nos derradeiros setenta anos e a dos seus aproveitamentos hidroeléctricos: Grandas de Salime, Doiras, Herbón, case que en cadoiros, en cascada, que dá unha boa proba evidente da sobreexplotación que sofre este río e tamén desa ameaza permanente, desa espada de Damocles –como se ten dito– que foi, é, segue sendo, o Gran Suarna. Esta historia está ben recollida e documentada na exposición de motivos da proposición non de lei que comentamos e foi ben exposta polo seu autor; polo tanto, remítome a ela.

Pero os tempos felizmente teñen cambiado: dispoñemos dunha democracia, temos unha autonomía política, contamos con este Parlamento e somos membros tamén da Unión Europea, a institución e organismo que, como ningún outro no mundo, protexe os recursos naturais, a biodiversidade e os ecosistemas e a paisaxe. No espazo do que hoxe falamos, efectivamente, contamos con dous espazos protexidos pola Unión Europea, dous LIC, lugares de importancia comunitaria: alto de Navia e Ancares e Courel; e tamén con dúas reservas da biosfera intercomunicadas e recoñecidas pola Unesco, que son Os Ancares lucenses, montes de Navia, Cervantes e Becerreá, e tamén a do río Eo, Oscos e terras de Burón. Protección, señorías, que debe de ser o símbolo, o emblema da Galicia moderna.

Por outra banda, tense sinalado –e estamos totalmente de acordo– que hoxe en día as necesidades de producir enerxía eléctrica para outros, estragando os nosos propios recursos, debe de pasar á historia. Hoxe somos –como se ten recoñecido– unha potencia en enerxías renovables e temos con-

ciencia –ou cando menos deberíamos tela– do que é o respecto ao noso medio ambiente. Por iso, señorías, a Xunta de Galicia, actual, o pasado día 12 de abril do presente ano, comunicou á Confederación Hidrográfica do Cantábrico o seu rexeitamento a esta construción deste novo encoro.

Por iso, señorías, compráceme hoxe aquí nesta Cámara anunciar que o grupo maioritario da mesma apoia esta proposición non de lei, e para que deste modo, señorías, o Parlamento de Galicia, a representación xenuína democrática e lexítima da cidadanía galega, poida por unanimidade enviar unha mensaxe contra a construción deste encoro sen fisuras, clara, como a auga que queremos para o Navia. Por iso, señorías, somos conscientes da riqueza e das potencialidades da comarca da que estamos a falar e apoiamos, como digo, as propostas que se conteñen nesta proposición non de lei.

Existe unha segunda parte, como ten afirmado aquí o seu autor e defensor, que é o apartado c), que pide un plan especial para a comarca. Coincidimos tamén no fondo nesta cuestión. Non chega con protexer o patrimonio natural e ollar para el, hai que vivir del, e fundamentalmente sobre todo, evidentemente, os seus propios habitantes, os habitantes dos seus lugares, evidentemente, que teñen que saber que a protección non debe ser, non ten que ser, non pode ser unha rémora para o seu desenvolvemento económico e social senón xustamente o contrario: unha palanca dese desenvolvemento endógeno.

Precisamente por iso se necesitan inversións, axudas, incentivos, proxectos na zona. Señor Blanco, vostede o dixo: impulso, medidas de impulso. Por iso, dende o Partido Popular cremos que o noso proxecto Impulsa Lugo, dentro del, poden enmarcarse perfectamente as accións de desenvolvemento e impulso desta comarca. Iso é o que cremos.

Este programa Impulsa Lugo está publicado no *Diario Oficial de Galicia* do día 25 de novembro do ano pasado. Considera que todos os presupostos da Consellería de Economía e Facenda –por iso llo digo, por se sae esta cuestión, e os do Igape, que agora están incorporados á mesma– poden ser destinados prioritariamente á provincia de Lugo, e, ademais, con axudas moi xenerosas, que poden ir ata o 50 % dos proxectos de investimento na zona; hai reservados 12,5 millóns de euros para o mesmo. E, polo tanto, efectivamente, cremos que nese marco, señor Blanco, podemos chegar a un acordo.

Facemos a esta proposición unha pequena emenda que metemos para ver se podemos transaccionala; estamos de acordo en que poderíamos chegar a un acordo aceptando moitas cousas das que vostedes poñen se vostedes aceptan que poñamos que se engadira dentro do Plan Impulsa Lugo. Pero, aínda así, non me preocupa porque, se non fora posible chegar a acordo nesta cuestión, pediríamolle unha votación separada deste punto nada máis para non desvirtuar o acordo unánime e importante desta Cámara para dicir non a este encoro no río Navia. Por iso creo que efectivamente é importante a oferta que lle estamos facendo de transacción neste pequeno punto.

E para facilitar a transacción tamén, señor Blanco, se mo permite, fago tamén referencia aos emendamentos que ten presentado o Grupo Socialista. Estamos tamén de acordo cos emendamentos que presenta o Grupo Socialista. Polo tanto, podemos acadar un importante acordo, penso eu. En primeiro lugar, porque apoiamos que dentro do Plan hidrolóxico nacional se presente esta declaración do río Navia como río libre de aproveitamentos hidroeléctricos. Creo que é importante esta declaración e incorporala na súa proposta. E tamén estamos de acordo que se poñan en marcha os plans de ordenación dos recursos, aínda que nesta segunda cuestión pediríamos –e podemos transaccionalo tamén– que primeiro se faga –creo que estaremos todos de acordo– o Plan director de ordenación dos recursos naturais da Rede Natura de Galicia, que é prioritario e preceptivo pola normativa da Unión Europea e, ademais, está sen facer. Polo tanto, primeiro haberá que facer este marco e despois, evidentemente, desenvolver os respectivos plans de ordenación parciais, dos máis de setenta que existen en toda Galicia e que están sen facer. Pero tampouco está feito aínda o plan fundamental, que é o primeiro de todos, que é o plan director, no que se está a traballar. Poderíamos incluílo e poderíamos chegar a unha transacción; se non, evidentemente, podíamos deixalo á marxe, pero creo que podemos chegar a un acordo neste punto.

Con isto, señorías, quero demostrar o convencemento do noso grupo parlamentario de que estamos na boa dirección, de que a proposición é moi oportuna e que, polo tanto, é unha mostra importantísima de que podemos empezar a mirar cara ao futuro dunha maneira diferente. E, dalgún xeito, voltar ao río Navia nas lembranzas de Novoneyra cando nos di: “a que nunha pousa cabia, troita feita do Connavia, fritida sen máis avío, i o ío-ío do río”.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Varela.

Pecha este debate o autor da proposición, o señor Blanco Álvarez.

O señor BLANCO ÁLVAREZ: Señor presidente.

Señorías.

Quero, en primeiro lugar, agradecer a posición dos grupos políticos a prol desa búsqueda de unanimidade que eu solicitaba e que é importante na medida en que non só hai actuacións do Goberno galego senón tamén que hai actuacións do Goberno do Estado. E dalgunha maneira isto nos obriga, tamén mesmo nesas Cortes, a poñer en marcha o que hoxe aquí aprobamos: en definitiva, que caduque esa concesión e que, polo tanto, dunha vez por todas, efectivamente, Navia, A Fonsagrada, non estean baixo esa lousa. E, polo tanto, benvidos a esa unanimidade que se pedía, que creo que é positiva para o conxunto do país tamén.

Porque, efectivamente, Galiza xa ten dado moito en materia enerxética, esencialmente transportada cara a fóra, cara a ese gran burato consumidor que é Madrid, e non hai camiño, non hai xamais camiño para seguir ese curso de explotacións. Explotacións que, por certo, tampouco trouxeron precisamente vantaxes para o país, porque nin tivemos un prezo diferenciado na enerxía eléctrica nin fomos capaces de constituír ao redor desa explotación dos recursos unha industria que, dalgunha maneira, fora capaz de impulsar o noso crecemento.

É bo, polo tanto, que poñamos xa claro que Galiza non debe facer máis esforzos de ningunha maneira en explotación enerxética se non é, primeiro, nesa aposta que hai a través das renovables, e, segundo, para que redunde en beneficio do conxunto do país.

Esta Cámara, xa no 94, aprobou un plan de actuacións, co voto tamén a favor do Partido Popular e do Partido Socialista; un plan de infraestruturas e inversións nesta comarca que, dalgunha maneira, resolveran o que está a ser un despoboamento xeneralizado ante a lousa que supoñía poñer en mar-

cha as iniciativas que podían estar condicionadas por unha concesión claramente inxusta e que en ningún caso se corresponde nin co interese público nin co interese xeral. E, polo tanto, é hora tamén que desde o Goberno galego poñamos en marcha ese plan. Debateremos que marco debe ter pero, indubidablemente, debe servir para impulsar o desenvolvemento socioeconómico da zona e eu espero que aí cheguemos a acordos.

Porque, en definitiva, con isto eu espero que se peche unha situación que nunca se debeu producir, e era o condicionante da vida de moitos homes e mulleres que non puideron desenvolvela con liberdade por unha concesión da época franquista que inexplicablemente segue en vixencia. E isto seguramente ao que nos terá que levar tamén é á reflexión de que condicións se conceden ás concesións desta ou doutro tipo para ir a unha modificación da norma que impida situacións como estas ao longo do tempo. E desde logo aí tamén terán sempre o apoio e a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Blanco.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Manuel Arias Veira, sobre a actuación do Goberno galego para a inclusión no futuro marco enerxético nacional do desenvolvemento das enerxías renovables en Galicia e a presentación de propostas ante a posible adopción de medidas de reaxuste retroactivo para unha nova reordenación do sector

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Presentouse unha emenda, do Grupo dos Socialistas, o documento 35302.

(O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do deputado Abel Losada Alvarez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a actuación do Goberno galego para a inclusión no futuro marco enerxético nacional do desenvolvemento das enerxías renovables en Galicia e a presentación de propostas ante a posible adop-

ción de medidas de reaxuste retroactivo para unha nova reordenación do sector (08/PNP-0546, doc. núm. 32719)

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva da Proposición non de lei polo seguinte:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que:

1. Acentúe os esforzos para que o desenvolvemento das enerxías renovables en Galicia se integre no marco enerxético do conxunto de España.

2. Presente propostas para que a reordenación da política enerxética en Galicia favoreza o desenvolvemento industrial da Comunidade Autónoma.”)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Para formular esta iniciativa ten a palabra o señor Arias Veira.

O señor ARIAS VEIRA: Muchas gracias, señor presidente.

Señorías.

¿Cuál es el estado del problema? El estado del problema es que la deuda del sector energético, es decir, el conjunto de las retribuciones menos los costes del sector energético, se ha disparado el año pasado. Es decir, el sector energético en España tiene una deuda en el subsector de energías renovables que ha llegado a los 6.006 millones de euros, 6.006 millones de euros; esta cifra duplica la del año 2008. Esto ¿qué significa? Que en este contexto de políticas de ajuste y recortes podría ocurrir que se congelaran, se recortaran o se llegase a un nivel de primas para las futuras instalaciones eólicas gallegas e incluso las que ya están en cartera y las que se pueden conceder de tal manera que las hagan económicamente inviables. Por lo tanto, es un problema que atañe a todo el conjunto del Estado, no solamente a Galicia; hasta ahora las políticas de reajuste han ido de carácter económico-sectorial, por un lado, pero todavía no se han desarrollado en toda su profundidad de tipo territorial.

Esto significa que podríamos llegar a un punto donde no solamente se descende el gasto sino se recorta la inversión productiva. Estamos hablando de un problema del futuro del

crecimiento. Esto es fundamental e importantísimo. Porque, ¿qué significa una deuda de 6.000 millones de euros? Pues, señorías, significa más, es mayor este problema que todo el ahorro que se tiene previsto en las medidas actuales del Gobierno, que salieron ayer en el decreto, que son 5.000 millones de euros, que son 5.000 millones de euros; por lo tanto, es probable que se vaya a los recortes de las primas energéticas.

Está todo el sector en toda Galicia y en toda España muy preocupado; se están dando enfrentamientos y choques entre los sectores del gas, entre los sectores de la hidráulica, entre los sectores de la fotovoltaica, entre los sectores de la eólica. Es decir, existe actualmente una carencia muy importante y Galicia y este Parlamento gallego tiene que estar ahí, en esa decisión, o por lo menos que se escuche esta voz.

Es el objetivo de esta proposición no de ley, que yo, exclusivamente, ahora, después de este preámbulo explicativo de su función, naturaleza e interés, voy a plantear aquí. Yo espero —o por lo menos intentaré— que esto pueda ser una base para ese pacto que el Partido Socialista proponía ayer; por lo menos en este plano concreto pues quizás se pudiera llegar a una voz común. Esto también no afectaría, no es un problema de *Titanics*, de primera, segunda y tercera categoría, como planteaba el Bloque Nacionalista Galego. Porque realmente esto lo que puede afectar es a la viabilidad económica y los futuros económicos no solo de un sector, sino de los ingresos y posibilidades de desarrollo de más de 200 municipios gallegos. Esto es importantísimo, es decir.

Y yo, sin más preámbulos, voy a leerles exactamente el texto de la proposición y de los aspectos conclusivos:

“Durante os últimos anos lanzouse unha política de promoción de enerxías renovables que o tempo revelou como carente de coherencia, rigor e anticipación; creáronse incentivos fóra de estimación de viabilidade orzamentaria, déuse-lles prioridade e acceso obrigatorio á rede, non se esixiron plans financeiros de solvencia para as empresas aspirantes ás distintas modalidades e tampouco se estableceu un cadro realista de capacidade económica de administración pública para soste-lo modelo.

A consecuencia dunha improvisación xeneralizada e a supe-ditación da política industrial á propaganda política, os fon-

dos para cubrir as subvencións ao réxime especial de enerxías, na que figuran as renovables, arroxa un nivel de déficit no pasado ano 2009 de 6.215 millóns de euros, unha cantidade a todas luces imprevista para o Ministerio de Industria e realmente insostible para o estado das contas públicas, cada vez con déficits máis acentuados, do que a cobertura está abocando a toda a cidadanía, ao resto das administracións públicas, Autonomía, Administración local, a unha incertidume, limitacións e angurias que non poden ser subsanadas con palabras nin reiteradas promesas destinadas ao permanente incumprimento.

Os sobrecostos nas primas están elevando o déficit tarifario do conxunto do sistema eléctrico, ensanchando outro burato fiscal, que deberemos de abonar entre todos, máis ben cedo que tarde. E o seu compoñente esencial radica nas políticas aplicadas á enerxía fotovoltaica e termosolar, que representa máis da metade dos custos, seguida coa solar térmica, de 1.500 millóns de euros.

Para afrontar este problema, ao Ministerio de Industria non se lle ocorreu outra medida que propiciar un parón para as enerxías renovables, establecendo en 2009, precisamente no 13 de novembro do 2009, un sistema para limitar os novos parques, co rexistro de preasignación, no que a Galicia só se recoñeceron entre 40 e 148 megavatios, para a continuación establecer uns topes de autorización de 10.000 novos megavatios para o cuatrienio 2010-2013, o que supón unha media anual de 2.500.

E nestas semanas púidose saber que o Goberno de España incluso baralla a posibilidade de medidas de reaxuste retroactivo para unha nova ordenación do sector, e que, ademais de xerar inestabilidade xurídica, perda de crédito e confianza na nosa política industrial e caos enerxético, supón unha flagrante desautorización da súa propia política de economía sostible.

A enerxía eólica non é precisamente o compoñente que máis está pesando sobre os déficits do sector, xa que supón menos da metade das primas á fotovoltaica, e, sen embargo, é a máis importante para zonas necesitadas de especiais impulsos ao desenvolvemento industrial como Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei neste Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a:

1. Acentúe os esforzos para que o futuro marco enerxético do conxunto de España non peche as portas ao desenvolvemento das enerxías renovables en Galicia.
2. Que transmita este Parlamento a súa voz á presente proposta para que as reordenacións esixidas pola política industrial central non conleven revisións, retroactividades irreflexivas e enfoques unilaterais ou discriminatorios que puideran danar o presente e o futuro do tecido industrial galego”.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Arias.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Si, moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Bueno, temos aquí unha nova proposición non de lei do Grupo Popular, un novo exercicio de cortina de fume –ao que nos ten habituados, por outra parte–, que en realidade o que intenta é pois –digamos– agochar pois os seus remordementos, a súa mala conciencia do que está facendo e do que ten feito este Goberno no ano que leva gobernando en relación coas enerxías renovables, concretamente coa enerxía eólica en Galicia.

A estratexia de botar balóns fóra, de buscar culpables externos –sexa Zapatero, sexa pois o mercado neste caso enerxético nacional–, bueno, pois eu creo que non lles dá case ningún resultado, máis alá de mostrar a absoluta carencia de sentido de Estado e absoluta aposta por unha confrontación política que indubidablemente ten un único obxectivo, que é gañar as eleccións xerais do ano 2012.

Á primeira cuestión, señor Arias, o ministro de Industria, Turismo e Comercio do Goberno de España, o señor Miguel

Sebastián, xa dixo textualmente que non vai haber axuste retroactivo.

Eu entendo que non hai peor xordo que o que non quere oír, e que vostede o trae aquí e probablemente o repetirá no turno de peche, pero –insisto– o Goberno de España xa dixo que non vai haber axuste retroactivo no pago das primas. Polo tanto, non se preocupen dos cambios, preocúpense un pouco de organizar o que teñen dentro, que bastante teñen, bastantes cambios teñen que facer.

Eu quero falar un pouco da situación das enerxías renovables en Galicia. Miren: estes lodos veñen dalgúns polvos. Veñen exactamente dunha paralización política, dun Plan de desenvolvemento eólico en Galicia que fixo este Goberno. E, por certo, a oposición avisámoslle, falámoslle da crónica dunha morte anunciada para o sector eólico en Galicia que significaba aquel parón. Porque, indubidablemente, o mercado eléctrico do conxunto de España é finito, señor Arias, é finito, e os recursos son escasos.

Vostedes, que falan sempre da optimización de recursos escasos como elemento central da actuación económica, deberían de sabelo, e vostede máis; debería de sabelo, aínda que só fora pola orientación profesional, na súa vida profesional.

En realidade, anticipamos absolutamente o que está a pasar. Cando se tramitou aquel proxecto de lei fixemos observacións concretas. Observacións e críticas que se están a cumprir milimetricamente. Porque o sector eólico galego perdeu un tempo precioso á hora de competir con outras comunidades autónomas. Efectivamente, había un mercado competitivo –por dicilo dalgunha maneira–; competitivo fundamentalmente en función do tempo; non había outra liña que fora máis alá, que fora posible, máis alá dun prerrexistro de entrada. Se non, plantexen alternativas, porque non plantezan ningunhas alternativas. Eu non escoitei nunca ao señor Montoro falar da máis mínima alternativa á situación do mercado eléctrico en España e, por suposto, en Galicia.

Falamos tamén de motivacións escuras nesa suspensión do decreto e na promulgación dunha nova lei; por unha parte, ideoloxía, unha auténtica aversión á participación pública. Esa era a razón fundamental que estaba debaixo dese parón. E despois, por outra parte, tamén, sen ningunha dúbida, esta-

blecer novos requisitos técnicos e financeiros que favorecían a determinados axentes económicos. Algúns se abrazaron no Obradoiro co presidente da Xunta e outros non. Pero está claro para quen estaba feito ese decreto, para que tipo de empresas, con que potencial económico, financeiro e técnico estaba feito ese decreto. Supoño que neste tema tampouco hai demasiada discusión.

Pero, aínda así, había outro elemento aínda polo menos igual de lamentable, que era a propia irrealidade do presidente da Xunta e do conselleiro de Economía e Industria cando faláron deste tema. Seguro que o recorda, señor Arias: 5.800 millóns de euros de inversión directa e inducida e unha creación de 5.000 empregos no desenvolvemento deste plan.

Un auténtico brinde ao sol, por non adxectivoalo dunha maneira un pouco máis dura. Unha absoluta desconexión do que é a realidade e as posibilidades de crecemento do sector das enerxías renovables en Galicia e no conxunto de España. Pero como este Goberno todo é *márketing*, todo é *powerpoint* e todo son roldas de prensa, indubidablemente esas cifras, para aí, para o *powerpoint*, para o *márketing* e para as roldas de prensa, servían; lamentablemente aos axentes económicos non lles vai servir. Non sei se lles servirá ás grandes empresas, pero aos traballadores que traballaban en industrias vinculadas ao sector eólico que están pechando, desde logo xa non lles serve, señor Arias. A eses o *powerpoint* e as roldas de prensa desde logo xa non lles serven.

Pero hai outra cuestión aínda máis grave, que é a dobre linguaxe que vostedes utilizan, porque o sector eléctrico español ten historia, ¡eh! Vostede, loxicamente, no seu texto da proposición non de lei fala desde fai cinco anos, pero esta cuestión arrástrase desde moito antes. ¿Sabe desde cando? Desde a Lei 54/1997, do sector eléctrico español. ¿Sabe quen gobernaba, señor Arias? Ao mellor non o recorda, naquel momento igual non estaba no PP e non o sabe: gobernaba José María Aznar, gobernaba José María Aznar, señor Arias.

Eu recomendaríalle que, cando empece a historia das exposicións de motivos, ¡home!, un mínimo de rigor, un mínimo de rigor. Eu non pido unha tese doutoral, pero pido un mínimo de rigor.

E, por suposto, dentro daquela ortodoxia absolutamente obsesiva do déficit cero, o señor Aznar fixo unha cousa e

promulgou unha lei que tiña uns obxectivos. Vouno traducir; aínda que non o escribiu Castelao, vouno traducir ao galego: “Non require de máis intervención estatal que a que a propia regulación específica supoña, sen considerar necesario que o Estado se reserve para si o exercicio de risco de ningunha das actividades que desenvolve o sector eléctrico”.

¿Para que o Estado, verdade, señor Arias? ¿Para que queremos o Estado? ¿Para que queremos o Estado que regulara? Efectivamente, a filosofía e o enfoque foi ese: liberdade de instalación sometida unicamente a unha autorización administrativa baixo unha regulación específica. ¿Sabe que trouxo consigo iso, señor Arias? Os cuñados, os fiscais, o escándalo do sector neste caso eólico galego durante o Goberno do señor Fraga. Que procede de aí, desa lei que promulgaron tamén vostedes. Non busque culpables externos en Zapatero, en Miguel Sebastián, no presidente Touriño, no conselleiro Blanco, non, non. José María Aznar, Manuel Fraga e unha lei absolutamente desreguladora e liberalizadora que concluíu –insisto– cos cuñados e cos fiscais, señor Arias. Non traían tinta de calamar, non traían fume, porque ao final indubidablemente, non tanto pola oposición, pero sobre todo polos cidadáns, sobre todo polos cidadáns.

Iso si, regulación non, pero fondos públicos de apoio ás grandes empresas eléctricas españolas, si. Son amigos. Non os imos deixar na estacada. Que compitan, pero se a algún lle vai mal, ¡home!, o Estado ten que estar, o déficit público xa se corraxirá doutra maneira: vendendo autopistas de peaxe. Iso si, pero aos amigos ímoslles garantir os fondos públicos se o tema non vai mal; claro, sempre hai unha coartada: o interese público do sector eléctrico; é perfecto, é un escenario, unha argumentación perfecta: como é un sector de interese público, que indubidablemente o é, desregulamos, que se pelexe; o que gana, gana, e o que perde, o Estado.

Esta foi a política eléctrica do Partido Popular alá onde gobernou, señor Arias. Polo tanto, eu creo que, en fin, convén aquilatar un pouco os termos agresivos, agresivos, tanto da exposición de motivos como, por outra parte, da propia resolución plantexada.

E, efectivamente, o Goberno socialista de José Luis Rodríguez Zapatero, primeiro, seguindo unha directriz política da Unión Europea que é o fomento das enerxías renovables, viuse na obrigaón de articular dalgunha maneira e

de coordinar ese sistema. Porque vostede sabe perfectamente que as comunidades autónomas non son unha illa eléctrica, que é necesario harmonizar tanto a distribución como o transporte e os propios niveis de produción e de consumo horario da enerxía eléctrica. E, efectivamente, para potenciar a utilización de enerxías alternativas, de enerxías renovables, procedeuse a unha concesión de primas incentivadoras. Que indubidablemente a idea, por certo, non era ningún invento do señor Zapatero nin do señor Sebastián: son as políticas que se están facendo en todos os países occidentais.

A idea é que esas primas, a medida que o avance tecnolóxico vai facendo máis barata a súa produción, vaian diminuíndo. E, efectivamente, é necesario atopar puntos de equilibrio. E atopámonos con que –digamos– a evolución tecnolóxica dos dous grandes sectores (o termosolar e o eólico) foi diferente. O que no sector eólico avanzou moi rapidamente e se conseguiu polo tanto –digamos– un axuste entre o custo de produción e o hipotético prezo de venda de tarifa, bastante aceptable, no caso termoeléctrico pois non se produciu aínda.

Pero o propio Goberno de España –que tamén se esqueceu de dicilo, señor Arias– xa manifestou que se vai producir unha redución máis fonda, entre o 20 % e o 45 %, das primas ao sector termosolar. Xa o dixou. Vostede tampouco o escoitou, pero xa o dixou.

Polo tanto, eu tamén lle agradecería que se incorporaran –por dicilo dalgunha maneira– ese tipo de datos que son ilustrativos do que está sendo a liña de actuación en temas de mercados por parte do Goberno de España. O Goberno de España deixou moi clara cal era a súa aposta: un mercado eficiente, sostible, dirixido polas directrices políticas da Unión Europea e desde logo, iso si –e espero que sexa así con forza–, que non traslade o sobrecusto das primas das empresas, do señor Sánchez Galán, aos consumidores; desde logo, iso é o obxectivo político fundamental que busca o Goberno de España. Eu non teño moi claro cal é o obxectivo que buscan os gobernos do Partido Popular. Por certo –con isto remato–, señor Arias, cando fala de efectos retroactivos, ¿non se referirá vostede ao seu canon eólico?, que vai agora cobrarlles aos postes eólicos que se instalaron cando a época dos cuñados...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ... e dos fiscais.

Remato, señor presidente.

Polo tanto, eu creo que é un pouco, en fin, de linguaxe minimamente coherente –por dicilo algunha maneira– entre o discurso político que se fai aquí e a práctica política que os distintos gobernos fan onde teñen competencias.

Por certo, outra asignatura pendente, señor Arias, e esa é de vostede: a garantía e a calidade do subministro das eléctricas en Galicia; olvidouse sorprendentemente de falar diso; ¿non será porque ao mellor hai que dicirlle ao señor Sánchez Galán que invista un pouco máis?

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Losada.

Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Viéitez Alonso.

O señor VIÉITEZ ALONSO: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

¿Que está a pasar nestes momentos que o Partido Popular nos está invadindo cunha serie de iniciativas centradas no sector eólico? Algo debe de estar pasando, señor Arias e señores do Partido Popular, non é normal esta batería de iniciativas sobre o sector eólico.

Posiblemente ¿poida ser que non teñen a conciencia tranquila? ¿Ou é que están preparando a venda antes que a ferida?, que, por certo, xa está aberta. Outra explicación non ten, e, desde logo, esta iniciativa que vostedes presentan carece de todo rigor, absolutamente de todo rigor –non quero pensar que a vostedes lles falte documentación–, pero desde logo fáltalle absolutamente un rigor que se lle supón.

E toda esta batería de iniciativas que ten presentado o Partido Popular son única e exclusivamente para desviar a atención sobre a responsabilidade que vostedes teñen neste sec-

tor e no noso país. Por certo, creo que aínda non se enteraron, porque a folla de ruta marcouna o presidente da Xunta cando dixo o día 1 de xullo do ano pasado que xa non facía falta ter tanta presión no desenvolvemento do sector eólico, porque as primas xa se perderon. Isto díxoo diante de 300 empresarios, e creo que vostedes aínda non se enteraron sobre este tema. Por certo, ¿sabe como cualificaron estas declaracións o sector? De demagogia eólica, tal cal, ao señor presidente da Xunta, que é o auténtico responsable desta situación, igual que o Partido Popular.

E é certo que había e segue habendo preocupación no sector, porque foron vostedes quen a introduciron. E desde logo na proposta obvian unha serie de antecedentes fundamentais para saber da situación a que chegamos nestes momentos. E desde logo concordamos con vostedes nunha afirmación que fai, que fan –mellor dito–, na introdución, no preámbulo: “unha política de promoción das enerxías renovables que o tempo revelou como carente de coherencia, rigor e anticipación ás consecuencias reais da súa programación, e tampouco se estableceu un cadro realista de capacidade económica da administración pública para soste-lo modelo”.

Concordamos con esta afirmación. Pero, ¿quen son os realmente responsables desta situación? Vostedes xogan á desmemoria, e a carencia de rigor que mostra esta proposición non de lei é intencionada, é calculada.

O primeiro que temos que partir é da Lei 54 do ano 97 –por certo, gobernaba un señor de bigote, pequeno e con bastante mala uva, que se chamaba o señor Aznar–. Pois moi ben, este señor promulgou esta lei, que entre outras cousas o que fixo foi desregular o sector, ¡eh!, eliminar o termo de servizo público do abastecemento da enerxía eléctrica, e desde logo o abaratamento da enerxía para os consumidores que promulgaba esta lei quedou no desaguisado que agora temos, que os custos repercútense precisamente nos consumidores.

Esa é a desfeita que temos nestes momentos. ¡Ah!, pero os pactos aos que chegou o señor Piqué ou o señor Rato nas súas etapas de ministros coas empresas enerxéticas evidenciaron unha submisión total do poder político aos intereses das grandes compañías de produción e de distribución da enerxía eléctrica: Iberdrola, Unión Fenosa, Endesa. Creo que lles soan estas empresas, ¿verdade?, que implantaron un

mercado maiorista que funciona con criterios de prezo marginal e recoñecen ás distribuidoras pertencentes ao mesmo grupo empresarial a existencia dun déficit xerado porque os prezos de venda non cobren o custo da enerxía no devandito mercado, que son unha repercusión directa aos propios consumidores. ¿Sóalles esta práctica?

Sobre os custos da prima da que vostedes falan, miren: o Real decreto 436 do 2004 non foi promulgado por calquera, foi promulgado por un señor, un economista moi famoso el, que se chamaba Rodrigo de Rato e Figueredo, é dicir, cando estaba gobernando o Partido Popular. E vostede fala de que as primas están en xogo e tamén nomeou o rexistro de preasignación. Pois este real decreto xa recollía precisamente o rexistro de preasignación e tamén falaba das tarifas e da súa revisión.

Léase vostede –porque non creo que sexa un indocumentado, senón todo o contrario, polo menos llo presupño– o artigo 33 deste real decreto, onde fala das tarifas e incentivos para instalacións de enerxía solar. E fala dunha prima –escoite ben–, dunha prima do 250 % durante os vinte e cinco primeiros anos da súa posta en marcha; vinte e cinco anos; estamos falando dun real decreto do 2004; é dicir, que isto se prolongaría ata o ano 2029 se non houberse unha revisión, como houbo.

Primas do 250 % para enerxía solar e para enerxía eólica o 40 % das primas, cun incentivo tamén do 10 %. E tamén comentaba en cada un destes apartados que cando o grupo correspondente chegara no caso do eólico aos 13.000 megavatios da potencia instalada, se procederá á revisión da contía das tarifas, incentivos e primas expresadas neste artigo, exactamente igual que as primas da solar.

Polo tanto, este escenario non o debuxaron calquera, debuxárono vostedes, vostedes, e polo tanto a isto é ao que se ten que recorrer. E o rexistro de preasignación, ¿onde estaba o Partido Popular o día 7 de maio do 2009? Nin estaba nin se lle agardaba. O día 7 de maio do 2009 é publicado o Real decreto 6/2009, que fala precisamente do rexistro de preasignación. ¿E que pasou con isto? Pois o Partido Popular o único que fixo foi única e exclusivamente un anuncio publicitario que despois non se cumpriu. “Galicia recorre a preasignación del Estado que frena el sector”, e fala de que o conselleiro de Economía e Industria vai presentar un

recurso a respecto deste real decreto. ¿Onde está presentando? Precisamente faise un anuncio o 9 de febreiro do 2010, o 9 de febreiro do 2010, cando estamos falando do 7 de maio do 2009, ¿onde estaban precisamente vostedes? En ningún lado.

Miren, en definitiva, esta proposta persegue única e exclusivamente desviar a atención e ocultar a enorme responsabilidade que teñen vostedes cando tumbaron o decreto eólico. Por certo, hoxe á mañá escoitamos ao presidente da Xunta falar de chafallada, falar de prevaricación, e desde logo debera de medir un pouquiño máis as súas palabras, e sobre todo as súas cualificacións, entre outras cousas porque hai unha sentenza – precisamente a 3002 do 2010 –, recente, dunha das empresas amigas de vostedes como é Endesa, un recurso que fixo Endesa, a respecto dun concurso eólico, e fala moi claro sobre esa tacha de inconstitucionalidade que se lle criticaba ao decreto do bipartito. E fala precisamente do criterio de valoración da participación pública e deixa moi claro que en absoluto é inconstitucional, senón todo o contrario: é un criterio de valoración e polo tanto non ten ningunha incidencia na participación pública, na iniciativa empresarial; todo o contrario.

Por certo, falando de participacións públicas, ¿que cambiou precisamente cando o señor Núñez Feijóo participaba do Goberno de Fraga e agora a iniciativa pública non pode ser? ¿Terá algo que ver cun informe feito precisamente en decembro do 2003 –por certo, o señor Núñez Feijóo participaba nese Goberno– onde fala sobre a participación nos parques eólicos, entre outras cousas con cartas dirixidas polo director xeral de Industria daquela, falando de participación da Administración autonómica nas sociedades creadas para a explotación de parques eólicos? Aquí está o informe, aquí están as cartas dirixidas a distintas empresas onde mostraba a intención do Goberno galego de querer participar nas empresas constituídas para explotación eólica.

En definitiva, vostedes o único que conseguiron en todo isto foi a unidade do sector –iso si que non o conseguíu o bipartito– e foi para que rexeitaran de xeito unánime o método da Xunta para anular o reparto e a nova lei que vostedes crearon para a explotación dos recursos eólicos. O único que pretendían vostedes era, como aquí manifestaba o actual...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Viéitez.

O señor VIÉITEZ ALONSO: ...director xeral de Enerxía, unha segunda oportunidade para os seus amigos, para o que non os tiveron. O único que conseguiron, en definitiva, foi parar ao sector, destruír o emprego, máis de 3.000 empregos que neste momentos poderían estar efectivos. E, polo tanto, señores do Partido Popular, non escondan realmente a súa responsabilidade. Por certo, aplíquense o conto, aplíquense o calendario, publicado aínda actualmente –está presente...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Grazas.

O señor VIÉITEZ ALONSO:... na páxina web da Consellería de Industria–, e cumbran cos prazos, que non os están cumprindo en absoluto.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Viéitez.

Pecha este debate a intervención do señor Arias Veira.

O señor ARIAS VEIRA: Señor presidente, señorías.

Señor Losada, non hai remorso neste tema, ou sexa, hai unha análise de xestión e vontade dalgún xeito de confluír ideas como un tema preventivo para evitar un gravísimo problema de xestión de consecuencias inalcanzables.

Señor Viéitez, tampouco non existe ningún tipo aquí de cortina de fume, manobra de distracción nin teorías conspirativas. Eu vou dar uns datos fundamentais porque a xestión, é dicir, máis alá de todas as intencións, están as consecuencias da xestión.

O déficit do sector das renovables, no ano 2004, cando remata o Goberno do Partido Popular en España, era de 1.200 millóns de euros, é dicir –reteñan esta cifra fundamental: 1.200 millóns de euros–, cifra sostible, cifra sostible. No ano 2005 – primeiro ano de xestión do Partido Socialista– practicamente se estabiliza: 1.200 millóns, é dicir, incluso pola inercia. Segundo ano de xestión, 2006: pasa a 1.800 millóns. Terceiro ano de xestión: 2.300 millóns de euros, é dicir, practicamente xa se duplica, xa se duplica. Aparece nese ano o Decreto 611, de novas retribucións e tarifacións

para todo o conxunto de enerxías renovables. No ano 2009 pasa a 3.371 e no derradeiro ano pasa a 6.000 millóns.

É dicir, as consecuencias da xestión governamental nos temas do sector das enerxías renovables, da economía sostible e renovable neste subsector en concreto, multiplica practicamente case por cinco, por cinco; é dicir –isto é unha evidencia–, é dicir, o problema é un problema de incompetencia xestora, é un problema de incoherencia xestora.

É dicir, o tema da retroactividade, é dicir, primeiro o Goberno dixo que ía establecer o problema de retroactividade; díxoo, dixo que o ía estudar. Aparecen grandes conflitos, grandes problemas, discusións loxicamente xurídicas, é dicir, un problema de retroactividade de dereitos, indemnizacións, problema, inseguranza. Aí aparece caída de cotizacións illadas de todas as empresas, que non soamente son amigas de Feijóo, ¡eh!, sobre todo empresas internacionais e empresas de todo tipo e de toda condición. A partir de aí, ¿que ocorre? ¿Que se di: non? Clarificación. Hai un tipo de retroactividade impropia, que é o problema que se está dicindo agora; dende que se redacta isto ata que aparece aquí no Parlamento, podemos matizar iso, que é o que se está dicindo no sector, a preocupación, que é unha retroactividade impropia, como se está entendendo no sector exactamente.

É dicir, e que se revisan a partir de agora as condicións tarifarias que, en primeiro lugar, implican problemas de viabilidade para moitas instalacións xa existentes, xa instaladas; en segundo lugar, implican un parón para calquera posible a que se poida investir agora. É dicir, é un parón para os novos establecementos eólicos de toda España, de toda España. E nós precisamente, en Galicia, non temos, por razóns climáticas, obviamente, unha enerxía termosolar moi potente, loxicamente; pero precisamente a enerxía diferencial moderna de futuro, excluída a nuclear –que tamén agora se contempla no mix governamental teoricamente, polo menos de mantemento–, non temos.

É a enerxía de futuro galega, a enerxía de futuro galega é a eólica, polo espallamento territorial, polas especiais características precisamente agora, cando o clima xa non era unha condena senón precisamente podía ser unha oportunidade grazas ao desenvolvemento científico e técnico; podía ser o sector eólico, ademais espallado, de equilibrio territorial. Isto non é encubrir nada.

É dicir, aquí claramente os datos avalan que se disparou algo por carencias de xestión, por mala xestión, por mala concepción que fai insostible os sectores da economía sostible.

Por iso, independentemente do que se pode discutir: de concursos eólicos, non concursos, políticas, intencións, xuízos de intencións, matizacións, etc., aquí o problema fundamental na práctica real está ocorrendo. E a min me parece que o Goberno actual, pero tamén o Bloque Nacionalista Galego, estivo apoiando a política governamental, ¡eh!, do Partido Socialista. Pero eu penso que, en calquera caso, é preciso rectificar, non por corrección de erros precisamente no *Boletín Oficial do Estado*, senón un remordemento, máis que un remordemento, unha toma de conciencia e unha reconsideración, unha análise autocrítica do que realmente pasou nestes anos.

Porque podémonos cargar o sector enerxético, de multiplicador fundamental para o equilibrio territorial de Galicia, a oportunidade histórica do sector enerxético galego de futuro, de futuro. Pode precisamente agora hipotecarse en todo este conxunto de políticas de austeridade non selectiva, porque o gran problema da austeridade é que debe ser selectiva e competente e analizar os custos e beneficios e as facianas e as vertentes territoriais. Este era exclusivamente o motivo, non existe unha cousa máis alá.

E por iso, en función da pragmatividade, do sentido de futuro e incluso do carácter –podíamos dicir– puntual e sectorial da medida, eu neste senso propuña, en nome de todo o Grupo Popular, este tipo de proposta sobre os temas que preocupan, para que non remate inviable o sector fundamental da enerxía eólica en Galicia.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Arias.

Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María del Mar Barcón Sánchez e cinco deputados máis, sobre as actuacións para levar a cabo en relación co desenvolvemento do Plan Hurbe

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): A esta iniciativa presentouse unha emenda polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego.

(*O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Teresa Táboas Veleiro e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda de modificación á Proposición non de lei en Pleno con número de rexistro 33138, do Grupo Socialista, Sobre as actuacións para levar a cabo en relación co desenvolvemento do Plan Hurbe. 08/PNP-0555.*)

Emenda de Modificación

Débese substituír a parte resolutiva da devandita Proposición non de lei nos seguintes puntos.

“1º Repartir os fondos do Plan Hurbe entre tódolos concellos galegos, tendo en conta dous factores para o cálculo das axudas: o número de persoas desempregadas no concello e a dispersión da poboación.

2º Incluir os honorarios dos proxectos técnicos no total da contía.

5º Abonar o pago dos traballos coa presentación de cada unha das certificacións de obra nun prazo inferior aos 30 días.”)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Ten a palabra para formular a proposición non de lei a señora Barcón Sánchez.

A señora BARCÓN SÁNCHEZ: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Permítanme iniciar a presentación desta iniciativa coas palabras que utilizaba o señor presidente da Xunta –que a min méreceme moita credibilidade– coas que presentaba o Plan Hurbe cando se aprobou no Consello da Xunta o pasado 15 de abril.

O señor Feijóo dixo literalmente: “O Plan Hurbe será un programa de calidade de vida que procurará vilas accesíbeis e habitábeis para que os cidadáns vivan o seu concello”. Dixo algo máis: “Para nós o Plan Hurbe non é outra cousa que saber onde queremos ir en época de crise” –que xa non estaba mal–. E o presidente, por último, sintetizou o que se buscaba con este Plan Hurbe nunha desas frases do *márke-*

ting político a que é tan aficionado e que algunhas lle saen ben; e esta era unha frase preciosa, díxolles: “Vou resumir-lles a filosofía do Plan Hurbe: unha praza, un concello”.

Como as súas señorías se poden imaxinar, ante tales anuncios, fomos todos a saudar a iniciativa deste Plan Hurbe, sobre todo porque significaba unha cousa moi importante: significaba que por fin a consellería, que reúne case a metade da capacidade de investimento da Xunta de Galicia, daba por fin un paso adiante. Que esa Consellería de Medio Ambiente, de Territorio, de Urbanismo, de Vivenda, de Transporte, por fin se decidía a facer algo para que as empresas se puideran dinamizar, para que se puidera crear emprego, para axudarlles aos concellos a desenvolver reformas e a mellorar os seus contornos, e por fin a converterse no motor económico que se tiña que ter convertido dende fai máis dun ano e saír dese letargo no que vive o señor Hernández e todo o seu equipo. Certo que nese momento de felicidade súbita axudounos tamén o voceiro do Partido Popular, que dixo que isto si que era un bo plan, real e equitativo –non como o Plan E–, e que ía aos proxectos que eran de verdade importantes para os concellos.

Dende logo, nós tiñamos a esperanza de que isto fora certo e buscamos na información do Consello da Xunta algún dato que nos axudara a concretar en que consistía o Plan Hurbe, que parece que consistía en humanizar rúas, en facer equipamentos e en urbanizar. Buscamos e atopamos algúns datos certamente concretos. Dixo o señor conselleiro que dedicaría 96 millóns de euros para levar a cabo 53 actuacións, 53 actuacións –nin unha máis nin unha menos–, en algo máis de 40 concellos galegos. Polo tanto, con todos estes datos nós pensamos que, por fin, o Goberno da Xunta tiña un plan e que efectivamente tiña un plan decidido e definido con obxectivos que parecía ser axudarlles aos concellos. E entendemos naquel momento que con seguridade atoparíamos algún lugar onde se dixera que concellos eran, cales eran esas 53 actuacións e en que criterios se baseaba o señor conselleiro e o Goberno da Xunta para decidir esas 53 actuacións. E aí démonos subitamente coa realidade.

¿Que criterios ían seguirse para o reparto deses 96 millóns entre os concellos? Ningún, ningún coñecido, ningún publicado e ningún transparente. ¿Que concellos eran eses máis de 40? Non se sabía, non había ningunha declaración nin en ningún lugar figuraba que concellos e que actuacións. ¿En

que criterios se sustentaba o reparto deses 96 millóns, segundo cada unha das liñas de actuación? En ningún. Non sabíamos por que se decidían unhas obras e outras non, mellor dito, non sabíamos que obras se tiñan decidido. ¿E como podían acceder os concellos a estes fondos? E aquí si que levamos unha sorpresa, porque un alcalde dun concello pequeno, de interior, emocionado ante esta noticia e ante o reequilibrio territorial que se aveciñaba, chamou á consellería e díxéronlle: “usted mande un proxecto, un proxecto que quiera facer, que si el conselleiro ve que encaja, se acepta”. Entón, atopamos por fin cal era o criterio, e era que entre a opacidade e a arbitrariedade o único criterio que decidía onde se facían as obras era o mellor criterio do mundo: o do señor conselleiro, que era o que mandaba e o que decidía sobre eses 96 millóns. E é que iso é exactamente este Plan Hurbe.

Este Plan Hurbe é un paso máis nesa liña de actuación que leva iniciado o Partido Popular dende fai ano e pico, que é unha liña como a que se percibía esta mañá, como a que se denunciaba dende as bancadas da oposición esta mañá, e que consiste en darlles cartos aos concellos gobernados polo Partido Popular e non darlles cartos a aqueles concellos e castigar aos cidadáns que están gobernados por gobernos municipais que non son do Partido Popular. En definitiva, financiar a precampaña electoral e a campaña electoral dos alcaldes e alcaldesas do Partido Popular. Facer partidismo absoluto cos orzamentos, cos cartos públicos.

O Plan Hurbe é un exemplo de arbitrariedade e de descaro e é unha burla política. Porque na anterior sesión plenaria o presidente da Xunta contestáballe ao líder da oposición e dicíalle ao señor Vázquez ante a súa denuncia do Plan Hurbe: “Señor Vázquez, ¿como imos parar o Plan Hurbe?, ¿non quere que se faga o auditorio de Lugo ou o auditorio de Vigo?”. ¡Era o que nos faltaba, home! Encima –como din os chelis–, encima, recochineo. O auditorio de Lugo e o auditorio de Vigo están sustentados en convenios previos asinados pola Xunta de Galicia, e ¡xa era o que nos faltaba!: que o Goberno da Xunta se plantexara non asumir as súas responsabilidades asinadas neses convenios. Bastante fixo xa restándolle 1 millón de euros ao auditorio de Lugo, dos 2 millóns de euros que tiña o ano pasado, polo tanto retrasaron a obra.

Eses auditorios e esas obras non son máis que unha coartada que agochan a realidade: que o Plan Hurbe se utiliza

a dedo, que o Plan Hurbe e os fondos do Plan Hurbe serven para que se asinen convenios alí onde hai un interese partidario, partidista, do Partido Popular. Non serve nin está pensado para dinamizar as empresas, non está pensado para crear emprego, non está pensado para eses máis de 233.000 galegos e galegas que perderon o seu emprego, non está pensado para os concellos, non está pensado para acordar coa Fegamp nin cos concellos. Está pensado para favorecer a aqueles alcaldes e alcaldesas do Partido Popular.

Vou pasarlles a ler o listado dos convenios asinados no primeiro trimestre polo conselleiro de Medio Ambiente, Infraestruturas, Territorio, Urbanismo, Transporte e Vivenda, para ver se lle soan. Vou empezar ao revés; direilles que asinou con Foz, Partido Socialista; Monforte, Bloque Nacionalista Galego; Pontevedra, Bloque Nacionalista Galego; Viveiro, o Partido Socialista; e Meira, que é dunha terceira formación, creo que de Tega. E agora pasemos ao resto: Vilanova de Arousa, Mondariz, Outes, Cartelle, Tordoia, Ponteceso, Salvaterra de Miño, Fisterra, Pontearreas, Esgos, Avión, Ribeira, Xove, Betanzos, Sober, Cabanas, Oia, Cabana de Bergantiños, Palas de Rei, Montederramo, Avión, Bolo, Vilariño de Conso, Barreiros, Cervo, Peroxa, Cerdido, Lán cara, Melón, San Amaro, Gudiña, A Cañiza, Ribadumia, Carral, Barro, Cerdedo, Xinzo de Limia, Mos, Antas de Ulla e Bande. Isto é o reequilibrio territorial do Partido Popular (*Aplausos.*): o 89 % dos convenios asinados en concellos gobernados polo Partido Popular.

Por certo, voulles facer unha recomendación a quenes queiran vivir unha vida política boa. Voulles recomendar tres destinos: as alcaldías de Cabanas, de Cabana de Bergantiños ou estar na provincia de Pontevedra a la sombra del señor Louzán. Son os tres mellores destinos. ¿Saben por que? Porque non só lles beneficia o Plan Hurbe, porque non só lles beneficia o señor conselleiro desta consellería tan enorme, senón que, ademais, todos eses concellos son os maiores beneficiados nese plan de cooperación que a señora conselleira de Traballo e Benestar tiña problemas de axenda para estar hoxe aquí asumindo esa interpelación. Son os mesmos concellos, este listado e os concellos gobernados polo Partido Popular son os mesmos concellos que teñen recibido os fondos do plan de cooperación. Porque isto é o que está facendo o Partido Popular dende a administración: pagar a precampaña e a campaña.

Contra iso presentamos esta proposición non de lei; presentamos unha proposición non de lei para incluír criterios obxectivos: repártanse os fondos do Plan Hurbe entre os concellos galegos e dun xeito equitativo, cun tanto por cidadán, tendo en conta a dispersión, tendo en conta o número de desempregados e desempregadas; favorézase ás empresas galegas, páguese en trinta días as obras, abóese o custo dos proxectos técnicos e, en lugar de campaña, por Dios, fagan algo para atallar a crise.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Barcón.

Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Táboas Veleiro.

A señora TÁBOAS VELEIRO: Grazas, señor presidente.

Señores deputados, señoras deputadas.

Ben, esta proposición non de lei presentada polo Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galiza, referida a ese chamado Plan Hurbe –humanización, urbanización e equipamentos–, eu máis ben vou facer un xogo de palabras e máis dunha bendición *urbi et orbi* para os concellos do Partido Popular. Aquela palabra, que en latín era para a cidade de Roma e o mundo, este é para os concellos do Partido Popular. É dicir, unha bendición feita dende o Partido Popular, dende o Goberno da Xunta, a eses concellos, precisamente un ano antes das eleccións municipais.

Non é casualidade, cando se fala da austeridade noutras cuestións, cando se están facendo recortes importantes na sanidade, na educación pública, cando non se está licitando por exemplo obra pública dende esa consellería, dende ese grande grupo empresarial, ese *holding* de empresas que temos aquí na Galiza, primeiro ademais chamado MATI Corporation, que non está a facer realmente nada de nada de nada, iso si, tramitando rapidamente, de présa, leis, e o tema de ordenación do territorio, que nos levan a unha maior desfeita, pois aparece de pronto nesa austeridade 96 millóns de euros, un ano antes das eleccións municipais. 96 millóns de euros para realizar; á parte, xa o sacan sabendo cantas actuacións; non dá oportunidade aos concellos que non sexan da

súa cor de poder presentar algunha actuación que poidan precisar; 53 actuacións en algo máis de 40 concellos. Pero, curiosamente, son 34 millóns para equipamentos públicos, 27,5 para humanización de rúas e 34 para mellora de espazos públicos.

Dicía na presentación deste Plan Hurbe o señor Núñez Feijóo, facía unha explicación –porque ao inexplicable hai que buscarlle palabras bonitas para podelo envolver e podelo vender de cara á cidadanía–, dicía que con este Plan Hurbe o que se pensaba era facer vilas máis habitábeis e non abandonadas, e que os cidadáns, especialmente os do mundo rural, puideran seguir a vivir no seu concello.

É que isto non se pode..., é dicir, un plan destas características nun país onde o actual Goberno galego non está apostando polo sector primario, cando son centos de explotacións agrogandeiras as que se pechan no noso país, que a única fórmula de apostar por ese sector primario, para poder fixar poboación no medio rural, pénsase que poñendo uns bancos novos, unhas novas farolas ou arranxando o espazo público neste momento de crise, somos quen de saír da crise e poder seguir a fixar poboación. É dicir, xa se parte dun erro conceptual, pero había que vender o invendíbel.

A emenda que presentamos dende o BNG, por iso, xa que vai nese sentido segundo as palabras do propio presidente da Xunta e Galiza, é pois que sexa para concellos cunha poboación menor, xa que os concellos, os núcleos urbanos onde se concentra a meirande parte da poboación é nas grandes cidades, pois que vaian dirixidos precisamente a eses concellos pequenos nos que existe dispersión e onde existe tamén un maior grao tamén de persoas que están sen traballo, e, polo tanto, permitindo desa maneira un reequilibrio territorial.

Pero se seguimos a afondar en como na traxectoria deste Plan Hurbe ata o momento, é que hai xa asinados convenios entre o señor conselleiro do grupo MATI e varios concellos e son do Partido Popular. É dicir, que ata agora esa discrecionalidade é evidente. E son: Riós, San Amaro, Melón, Verín, Palas de Rei, é dicir, concellos que no total son 770.000 euros.

Pero, curiosamente, ¿saben de onde saquei estes datos? Da páxina web do Partido Popular. Colgáronos no seu día, na

páxina web do Partido Popular, os datos dos convenios cos concellos do Partido Popular.

Se non queda claro neste Parlamento que esta partida de 96 millóns de euros é para pular para que eses concellos volvan ter un goberno do Partido Popular, pois estamos, entón, non sei, aquí alguén está confundido. Pero isto é claramente unha mostra máis da discrecionalidade e que son cartos adicados a unha precampaña para os alcaldes do Partido Popular nos concellos nos que están xa a gobernar para poder referendar ese goberno.

Por iso, dende o Bloque Nacionalista Galego, se esa é a filosofía coa que xorde o chamado Plan Hurbe, como dixen antes o *urbi et orbi*, esas bendicións para os concellos do Partido Popular, fagámolo nos concellos pequenos, fagámolo naqueles concellos onde existe ese problema de poboación e onde vive tamén a meirande parte do noso país, neses concellos pequenos dispersados.

Polo tanto, dende o Bloque Nacionalista Galego presentamos unha serie de emendas, despois falaremos coa proponente desta proposición non de lei do Grupo Socialista para ver se chegamos a un acordo para poder, na medida do posible, aínda que como portavoz do Bloque Nacionalista Galego quero que quede claro aquí: así non se aposta polo medio rural, así non se aposta por fixar poboación no noso medio rural e con políticas feitas con seriedade e responsabilidade e non a curto prazo para unhas eleccións municipais.

Partindo diso, imos tentar cando menos encamiñar, collendo a filosofía que utilizou o propio presidente da Xunta para envolver este proxecto, este Plan Hurbe, que está totalmente cheo na súa propia concepción dunha grande dose de discrecionalidade, polo menos encamiñalo e evitar que se concentren 96 millóns de euros en mans de alcaldes do Partido Popular. Porque iso sería dende logo unha mostra máis de que, ademais de levar un ano sen facer nada, cando fan algo é precisamente no momento xusto que lles convén politicamente e para xente do seu partido.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Táboas.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra don Román Rodríguez González.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, non fai moito tempo pois nesta mesma Cámara e ao respecto dunha iniciativa vencellada coa lingua galega, pois o señor Cerviño dicía que viña un pouco a limpar a súa alma, ¿non?, dicía que os socialistas querían salvar a súa alma.

Había un sentimento de culpa moi claro nesas palabras, e eu creo que este sentimento de culpa pois se volve ver nesta iniciativa. Veuse na exposición de motivos e tamén se veu un pouco na exposición que fixo a intervención da señora Barcón.

E creo que ese sentimento de culpa en política municipal se manifesta en dúas cuestións: por unha parte, o Plan E, a que vostede alude na exposición de motivos, e, por outra, o que é o reparto dos fondos económicos, a distribución das obras, en definitiva, que fan as administracións nos concellos.

Plan E. Na súa exposición de motivos vostede intenta comparar o Plan E co Plan Hurbe e intenta vender as excelencias pois do Plan E.

Hoxe, con certa perspectiva, creo que xa podemos avaliar o que foi e o que é e o que supón o Plan E, que sen dúbida foi un regalo envelenado para os concellos, e non só un regalo envelenado para os concellos, senón que foi un regalo envelenado para o conxunto dos cidadáns. Tivo unha serie de efectos perversos, unha serie de efectos perversos moi notables. E vou dar só un dato obxectivo, un dato medible. O primeiro Plan E supón 8.000 millóns de euros. O segundo Plan E supón entorno a 5.000 millóns de euros. Os dous plans E supoñen entorno –millón arriba, millón abaixo– a 13.000 millóns de euros. O recorte actual plantexado polo Goberno do Estado está en 15.000 millóns de euros.

Eu non quero entrar a comparar nin a vencellar un dato con outro e non quero caer no simplismo, non quero caer no simplismo de dicir que o Plan E pois se paga a custa dos xubilados ou que o Plan E se paga a custa de reducilles o soldo pois a case catro millóns de persoas, ¿non?, porque a veces falamos de funcionarios en abstractos, pero os funcionarios son persoas que teñen fillos, que teñen gastos, que teñen hipotecas, e parece que, bueno, recortarlles o soldo pois realmente a catro millóns de persoas pois é algo completamente normal e que non ten ningún tipo de problema.

Tivo efectos perversos o Plan E, non cumpriu os obxectivos. ¿Serviu para reducir o paro? Non. É dicir, o paro medrou exponencialmente nos últimos anos e nos últimos meses; foi un parche temporal, pero non conseguiu reducir o paro. ¿Conseguiu mellorar o financiamento dos concellos? Non, ao revés, houbo unha redución do que son os fondos do PIE, notable, sobre todo porque van a gasto corrente, e houbo incluso un incremento do gasto corrente dos concellos, porque moitos investimentos do Plan E supuxeron un incremento do gasto corrente.

¿Supuxo o Plan E pois unha capacidade –digamos– de arrastre da economía produtiva, tivo efectos engadidos na economía produtiva? ¿Serviu para asentar bases infraestruturais que xerasen maior desenvolvemento no territorio? Non. ¿Por que? Porque as obras, sobre todo as obras da primeira fase, eran –digamos–, había que facelas a correr. Era un pouco como esta película de *Coge el dinero y corre*, porque había que gastar rapidísimo os cartos. Había que meter obras que non estaban en presuposto, obras que sempre son necesarias pero que non eran prioritarias. Foi unha trampa.

Aos concellos, evidentemente –e eu son concelleiro dun concello–, nos parecía en principio magnífico, ata que lle vimos a letra pequena. E foi unha trampa. Foi unha borra-chera auténtica de aceras, de farolas, de paseos, de carteis, e agora estamos na resaca. E agora estamos –digamos– nesa resaca, nesas políticas anticíclicas que tanto cacarexan vostedes e que en certa medida pois nos están situando no punto no cal estamos.

E, por encima, eses 13.000 –millón arriba, millón abaixo–, 13.000 millóns de euros, sacáronse de endebedamento, co cal se incrementou o déficit público notablemente.

Se a iso lle sumamos xa pois tamén o que estamos vendo estes días respecto á política municipal do Partido Socialista, onde un día os concellos non poden endebedarse, ao día seguinte si poden endebedarse, pois xeran un espectáculo no ámbito da política municipal que é realmente asombroso e que, sen dúbida, pois se estudará –quero saber– nas universidades non dentro de moito tempo.

Porque, ademais, porque, ademais, vostedes o que practican é unha política para os concellos de café para todos. Vanlles prohibir sacar créditos a uns concellos que estean saneados,

que fan os seus deberes, que –digamos– cumpren cos consellos de conta, que aproban os orzamentos en tempo e forma, vanos tratar igual que aqueles que están completamente á marxe do rigor xeral, ¿non?

Esa política de café para todos é coma a política de aprobado xeral. Ao final, un aprobado xeral, ¿que fai nunha aula? Pois que os alumnos se relaxen, que os alumnos pasen de todo, que os alumnos perdan interese, perdan motivación, e iso realmente a súa política municipal, a súa política en xeral de café para todos, lévanos a unha situación que creo que é moi negativa para o conxunto da sociedade.

Respecto ao segundo síntoma de culpa: reparto dos fondos dos concellos, eu creo que vostedes aí teñen un profundo sentimento de culpabilidade, porque cando falan de sectarismo, cando falan de partidismo, realmente non se miran para nada ao espello. Vostedes estiveron no bipartito fai pouco, e creo que hai mostras tremendas de sectarismo no reparto dos fondos públicos, e tamén están gobernando institucións como por exemplo a Deputación de Lugo, onde é público e notorio: máis do 80 % de moitos dos fondos públicos da Deputación de Lugo se inviste só en concellos do Partido Socialista, co cal estamos nunha situación onde algúns queren dar exemplo do que non fan, e de aí lles vén ese sentimento de culpa.

E, por encima, intentan tapar este sentimento de culpa pois con foto. Recentemente podemos ver unha fotografía pois dun grupo considerable de alcaldes socialistas –ollo, o noso grupo, e eu persoalmente, teño o máximo respecto por calquera alcalde de calquera partido político, son –digamos– os cargos políticos máis sacrificados e os que están constantemente solucionando problemas–, pero nesa foto había unha serie de alcaldes, algunha serie de deputados, algúns estaban sorrintes, outros deputados estaban un pouco con cara de póker, case avergonzados na parte de atrás, e algúns alcaldes tamén estaban preguntándose que vimos facer aquí, ¿non? Mesmo algúns en privado chegaron a dicir que, bueno, imos sacar unha foto porque nos manda o partido quitar.

E, claro, isto engarza directamente co Plan Hurbe e co que se está falando aquí. Mire, no Plan Hurbe hai dous tipos de proxectos: os que xa están adxudicados, que son de carácter plurianual, que foron adxudicados mediante convenios firmados no bipartito, e os que están en tramitación.

Respecto aos primeiros, é bastante curioso que todos foron por convenios Xunta-concellos, e deses o 80 % do orzamento que se gasta son para concellos do PSOE e do BNG. Curiosamente, o 80 % do orzamento das obras que xa están adxudicadas de carácter plurianual que hai no Plan Hurbe pois corresponden a concellos do Partido Socialista e do BNG.

E a señora Barcón deu aquí uns cantos. Eu tamén lle podo dicir, mire, por exemplo: actuacións en execución do programa de fomentos públicos do Plan Hurbe, voulle dicir os concellos: Lugo, Vilagarcía, Ferrol, Vigo, Catoira, Culleredo. ¿Algún do PP? Non. Lugo, Vilagarcía, Ferrol, Catoira, Culleredo.

E se pasamos por exemplo a outra liña, humanización de rúas, convenios xa feitos, vostedes non foron sectarios: Santiago de Compostela, Vigo, Ferrol e, bueno, entra Miño, afortunadamente entra Miño.

En todo caso, son bastante... mmm..., ese sentimento de culpa se nota porque teñen un pasado moi recente e teñen un presente tamén moi recente nalgunhas institucións –como xa dixen, na Deputación de Lugo–.

Mire, en todo caso, o Plan Hurbe non quere ser un Plan E, non o quere ser, non busca a súa emulación, non busca copialo, como vostede di na exposición de motivos. O que quere –díxoo a señora Barcón– é incrementar a calidade de vida dos galegos naqueles concellos onde intervén, mellorando os espazos públicos, urbanizando rúas, mellorando en definitiva o contorno no cal vivimos.

E mire, ¿como poden vostedes tan alegremente falar de opacidade, de arbitrariedade, de non transparencia? Teñen un pasado moi recente que os delata, e ese pasado moi recente vémolos mesmo neste caso na Consellería de Medio Ambiente, onde o 80 % das obras hidráulicas recentemente contratadas por esta consellería na época bipartita foron parar a concellos exclusivamente do PSOE, ou téñeno presente nalgunha institución como pode ser a Deputación de Lugo, onde entorno ao 80 % dos fondos que se distribúen son para concellos do Partido Socialista.

Mire, vostedes en política municipal son unha auténtica tómbola, é unha auténtica noria –dígollos no sentido que vos–

tedes están entendendo–, unha auténtica tómbola, e unha auténtica noria cuasi folclórica –xa digamos–, no ámbito do folclorismo.

E, por favor, señores socialistas, miren, a estas alturas debían baixar xa da nube, debían abrir xa os ollos, debían asumir o seu pecado, que saben que o teñen: primeiro negar a crise, despois gastar con mans cheas, despois non tomar ningún tipo de medidas, que só cando xa estabamos coa cabeza debaixo da auga pois acordarse das cousas. Son case como os músicos do Titanic, que ven que a nave se está afundindo e a vostedes non lles pasa absolutamente nada. Por iso, señores socialistas,...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: ... –Si, remato, señora presidenta.– fagan a súa penitencia, que a teñen bastante grande. Deixen de intentar salvar a súa alma, como dixo o señor Cerviño, no seu caso con iniciativas coma esta. E, por favor, teñan un pouco máis de rigor cando fagan ese tipo de iniciativas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Román.

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Barcón Sánchez.

A señora BARCÓN SÁNCHEZ: Señor Rodríguez, xa vexo que ten vostede unha preocupación pola miña alma. Eu xúrolle que se tivera algunha confiaría no señor Beccaría, que xa sabe vostede que é o que ten; xa vexo que están vostedes, bueno, percorridos por ese espírito e pola cuestión da alma. Asegúrolle que temos a alma, a conciencia e a consciencia de facer as cousas moi ben, señor Rodríguez.

Mire, a min xa me parecía que, claro, que non podía falar vostede do Plan Hurbe, porque xa nos amosou o que era, por iso falou da Deputación de Lugo e do Plan E e de Zapatero, porque, claro, ¿como vai vostede falar do Plan Urbe?, se nos acaba de dicir que o non sei cantos por cen das obras do Plan Hurbe en execución; pero ¿como en execución, se presentaron o Plan Hurbe o 15 de abril, home? ¡Ah! Ou sexa, o que

vostedes fixeron foi poñerlles un nome ás obras que estaban en marcha nos convenios asinados; ¡home!, así tamén goberno eu. Esa é a capacidade de goberno que ten ese proxecto. Vostedes colleron as obras que estaban en execución e puxeron Plan Hurbe, iso é o que significa.

Mire, señor Rodríguez, vostede di que nós somos unha tómbola en política municipal; vostedes non, porque nunha tómbola hai a cousiña do risco e con vostedes non, sempre lles toca aos mesmos, sempre lles toca aos concellos gobernados polo Partido Popular; vostedes non son unha tómbola, son un seguro, aposten vostedes sempre azul –Partido Popular–, xa verá como lle toca unha obriña.

E eu, nas críticas que vostede fixo ao Plan E, vostede verá. Mire, o que fixo unha piscina climatizada foi o seu concello, pero tamén fixo dous novos centros sociais, arreglou o pavillón municipal; ¡home!, igual lle veu ben o Plan E. En calquera caso, se non estivo ben xestionado, vostede saberá que ao mellor no seu concello sobra a piscina municipal e faltaban escolas infantís ou bibliotecas. Iso vai a custa do que vostede quere facer.

Mire, señor Rodríguez, vostede dixo que nós co Plan E fixemos café para todos. Café para todos non; o que lle demos foi a oportunidade a todos os cidadáns e a todos os concellos – estiveran gobernados polo partido que estiveran gobernados– de ter a maior capacidade investidora dos últimos anos –a única que non podían– e a responsabilidade dos gobernantes municipais de elixir e de decidir; e, por certo, parece-me que fai vostede moi mal negocio criticando un plan xusto, equitativo e que fixo un reparto dos fondos sen mirar as cores políticas. Vostedes claro que non fan café para todos; vostedes, café, copita y puro para os do Partido Popular.

E, finalmente, fixo vostede unha alusión que, como profesor universitario, aaaaa..., regular. Isto de son vostedes iguais en política educativa, aprobado para todos; ¡non home!, vostede xa vexo que segue a teoría de Baltar sénior, que é: “as oposicións só as poden aprobar os máis listos, os do Partido Popular”.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

Pasamos á votación das proposicións non de lei. Pechamos as portas.

Comezamos pola votación da proposición do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María José Caride Estévez e catro deputados máis.

¿Chegaron a algún acordo, señora Caride?

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Si, señora presidenta, moitas grazas.

Afortunadamente, creo que nestes tempos de crise e dificultade conseguimos chegar a un acordo, consenso, sobre esta PNL, que paso a ler:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a presentar o Plan estratéxico para a economía galega, que o Goberno está a elaborar, coa incorporación de estratexias, obxectivos, indicadores de rendemento e compromisos orzamentarios de gasto, que será tramitado na Cámara polos procedementos regulamentariamente establecidos para que reciba as aportacións dos diferentes grupos parlamentarios.

Todo iso co obxectivo de promover os programas de investimento e as reformas encamiñadas a mellorar o emprego, a competitividade, a produtividade e a cohesión social da nosa economía, e avanzar no proceso de converxencia cos territorios máis desenvolvidos de Europea.

O dito Plan estratéxico para a economía galega deberá incorporar, froito do diálogo social cos sindicatos e empresarios, a actualización do acordo pola competitividade, diálogo social que será un instrumento de concertación permanente para analizar a situación da crise actual e xerar un clima de confianza e estabilidade”.

Paso o texto.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Caride.

Votamos entón a proposición tal como a leu a señora Caride.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia documento número 9693, por iniciativa de D.^a María José Caride Estévez e catro deputados máis, sobre o cumprimento dos compromisos do

Acordo pola competitividade de Galicia 2008-2011 e o impulso do diálogo social coa convocatoria de empresarios e sindicatos para concertar as iniciativas e respostas que require a actual situación de crise.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta iniciativa.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación a iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Teresa Táboas Veleiro.

¿Chegaron a algún acordo, señora Táboas?

A señora TÁBOAS VELEIRO: Si, chegamos a un acordo. Vouno ler. Por sorte, chegamos a un acordo, dada a importancia desta infraestrutura ferroviaria, e son tres puntos:

“1.– Negociar unha partida mínima de 100 millóns de euros do chamado Plan extraordinario de infraestruturas do Ministerio de Fomento para proceder ao mantemento e recuperación da continuidade funcional da liña de ferrocarril convencional do eixo atlántico para implantar un servizo de proximidades no contorno das grandes cidades galegas.

2.– Solicitar a elaboración dun plan de infraestruturas ferroviarias de proximidade para Galiza, en colaboración co Goberno galego.

3.– Crear o ente ferroviario de Galiza, co obxecto de impulsar unha rede de servizos de proximidade nas áreas máis importantes do noso país, baixo o prisma da intermodalidade”.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Prégolle que, cando poida, faga chegar o texto.

Votamos a proposición tal como a leu a señora Táboas.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego documento número

30566, por iniciativa de D.^a María Teresa Táboas Veleiro, sobre o inicio de negociacións co Goberno central para comprometer unha contía mínima de cen millóns de euros do chamado Plan extraordinario de infraestruturas do Ministerio de Fomento, co fin de iniciar en Galicia un servizo de proximidade que permita un modelo alternativo de mobilidade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, esta iniciativa queda aprobada por unanimidade.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don Rosendo Luis Fernández Fernández e catro deputados máis.

¿Hai algún acordo?

Ben, entón vótase a iniciativa tal como está plantexada.

Votación do texto orixinario da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia documento número 31708, por iniciativa de D. Rosendo Luis Fernández Fernández e catro deputados máis, sobre a demanda ao Goberno central dun pacto, en coordinación coas comunidades autónomas, pola sostibilidade e a calidade do sistema sanitario.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 11 ; abstencións, 22.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta iniciativa.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación a proposición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Isabel Sánchez Montenegro.

¿Hai algún acordo?

Por favor, déanlle voz ao escano do señor Blanco.

O señor BLANCO ÁLVAREZ: (O señor Blanco Álvarez pronuncia palabras que non se perciben)... entre os grupos, citada, e que queda do seguinte xeito:

“O Parlamento de Galiza acorda manifestarse en contra da construción do encoro denominado salto de Suarna, na conca alta do río Navia, en territorio dos concellos da Fonsagrada e Navia de Suarna (Lugo) e Ibias (Asturias), promovido pola empresa Saltos do Navia.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, no uso das súas competencias exclusivas en materia de medio ambiente para o territorio galego, presente alegacións contrarias ao estudo do impacto ambiental do proxecto de aproveitamento hidroeléctrico do salto de Suarna e adopte as medidas necesarias para preservar os recursos naturais do río Navia e da súa conca.

Reclamar ao Goberno central a anulación definitiva da concesión do aproveitamento hidroeléctrico do río Navia á empresa concesionaria, que data de 1963, atendendo deste xeito a histórica demanda, social e institucional, dos concellos da Fonsagrada e Navia de Suarna.

Que se solicite do Goberno de España a incorporación da declaración do río Navia libre de novos aproveitamentos hidroeléctricos no Plan hidrolóxico nacional, que se está realizando neste intre.

Poñer en marcha o plan director de ordenación dos recursos naturais da Rede Natura de Galiza para logo desenvolver os plans de ordenación e de xestión dos recursos naturais das distintas figuras de protección ambiental declaradas neste territorio, como son o LIC, a reserva da biosfera e a Rede Natura 2000.

E que se favoreza o mellor aproveitamento dos recursos naturais da zona (agropecuarios, forestais, enerxéticos, piscícolas, turísticos ou recreativos) dentro do Plan Impulsa Lugo para beneficiar esta zona e compensar o atraso socioeconómico producido pola permanente ameaza dos encoros nos últimos setenta anos”.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Blanco.

Votamos entón a proposición non de lei tal como a leu o señor deputado.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei documento 32058, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a Isabel Sánchez Montenegro e D. Fernando Xabier Blanco Álvarez, sobre a construción do enco-ro denominado salto de Suarna na conca alta do río Navia, promovido pola empresa Saltos del Navia, nos termos municipais da Fonsagrada, Navia de Suarna elbias, nas provincias de Lugo e Asturias, e as actuacións para levar a cabo pola Xunta de Galicia ao respecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda por tanto aprobada por unanimidade.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don Pedro Arias Veira.

¿Hai algún acordo, señor Arias?

Votámola entón tal como foi plantexada.

Votación do texto orixinario da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia documento número 32719, por iniciativa de D. Pedro Manuel Arias Veira, sobre a actuación do Goberno galego para a inclusión no futuro marco enerxético nacional do desenvolvemento das enerxías renovables en Galicia e a presentación de propostas ante a posible adopción de medidas de reaxuste retroactivo para unha nova reordenación do sector.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 33.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda por tanto aprobada esta iniciativa.

Votamos a continuación... Perdón. Déanlle voz ao escano do señor Losada. ¿Para que quere a palabra, señor Losada?

O señor LOSADA ÁLVAREZ: (O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben). na súa intervención.

Digo que explicación de voto na medida en que o voceiro do Partido Popular na súa intervención non se pronunciou sobre a emenda que nós presentamos.

A señora PRESIDENTA: Pero, en todo caso, tiña que pedir a palabra o voceiro do Partido Popular, que foi o que non se pronunciou, non vostede. Quero dicir que (*Interrupcións*), neste caso, eu creo que o posicionamento do seu grupo está xa na votación, señor Losada. Moitas grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Pasamos a votar a continuación a proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Mar Barcón Sánchez e cinco deputados máis.

¿Hai algún acordo, señora Barcón?

A señora BARCÓN SÁNCHEZ: Si, presidenta.

Hai acordo co Bloque Nacionalista Galego. Modifícase o punto número 1 da parte resolutiva da iniciativa presentada, que quedaría como segue:

“Repartir os fondos do chamado Plan Hurbe entre todos os concellos galegos de poboación inferior a 50.000 habitantes, introducindo para o cálculo das axudas dous factores: o número de persoas desempregadas e a dispersión da poboación”.

O resto queda exactamente igual.

Grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Barcón.

Votamos entón a proposición non de lei tal como a leu a señora Barcón.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia documento número 33138, por iniciativa de D.^a María del Mar Barcón Sánchez e cinco deputados máis, sobre as actuacións para levar a cabo en relación co desenvolvemento do Plan Hurbe.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38 .

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA: Continuamos coa orde do día, neste caso o punto cinco, de interpelacións.

Interpelación de D. Fernando Xabier Blanco Álvarez, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha dalgún plan específico para frear a crise e o desemprego en Galicia

A señora PRESIDENTA: Para formular a interpelación ten a palabra don Fernando Blanco Álvarez.

O señor BLANCO ÁLVAREZ: Señora presidenta.

Señorías.

Señora conselleira.

A verdade é que tiven a tentación de entoar aquí o aleluia, por vela a vostede aquí comparecer para explicar temas –espero– que afecten ao país, é dicir, a crise económica, o impacto que ten en Galiza, as medidas, as alternativas que o Goberno galego quere poñer en marcha, e, polo tanto, a solución dos problemas que os galegos e as galegas teñen. E digo isto porque é posible grazas precisamente a unha interpelación do Bloque Nacionalista Galego. Vostede non quixo comparecer para explicar a situación en Galiza da crise, furtou ese debate. Tampouco quixo comparecer para explicar os recortes que se fixeron como consecuencia dun recorte do Estado e, polo tanto, a priorización deses recortes. E hoxe pois non queda máis remedio que comparecer aquí para que falemos do que realmente lles importa aos galegos e ás galegas, que é a crise económica, o efecto que está tendo no emprego, no desenvolvemento das empresas, na situación do comercio, dos autónomos e tamén indubidablemente das medidas que o Goberno galego quere poñer en marcha, se é que quere poñer algunha, ou sencillamente o Goberno galego está na estratexia de apoiar o que se está facendo a nivel de Estado para desgastar a Zapatero, para desgastar ao

Goberno e, polo tanto, esa é a prioridade, e a prioridade non é resolver os problemas dos galegos e das galegas.

Eu espero que hoxe, efectivamente, vostede responda a cal é a planificación que ten ou que pensa poñer en marcha para afrontar a crise económica, mais aló evidentemente destes plans aos que nos teñen vostedes acostumbrados, plans absolutamente mediáticos, de cara á galería, sen ningún contido na práctica, é dicir, sen ningún efecto para frear a crise económica. E a proba é que está crescendo o desemprego até límites que nunca se coñeceron, as explotacións agrarias están pechando, estase perdendo peso no sector do mar e os comercios, os autónomos e as empresas son cada vez menos; e, polo tanto, están producindo un incremento do desemprego, que claramente prexudica ao conxunto da cidadanía.

Vostedes empezaron o ano poñendo en marcha uns orzamentos e facendo un fincapé especial nas liñas básicas de actuación e no importante que era a austeridade e sobre todo o rigor nas contas. Non deixa de sorprendernos –e aínda hoxe e a pesar das preguntas que lle temos formulado– como é posible que uns orzamentos aprobados a final do mes de decembro no mes de xaneiro teñan unha modificación de 5 millóns de euros para incrementar o gasto corrente nunha consellería. É dicir, gustaríanos que nos explicara como é posible vir aquí cuns orzamentos e falar da redución do gasto corrente para no mes de xaneiro incrementalo en 5 millóns de euros, única e exclusivamente cun obxectivo, e era que as contas pareceran mellores, que efectivamente había máis gasto ou había maior redución do gasto corrente do que en realidade se podía facer. ¿Por que? Porque na modificación que vostedes mesmos poñen en marcha fan referencia á clara insuficiencia presupostaria para atender obrigacións contraídas. ¿Que pasou entre o 30 de decembro e o 1 de febreiro para que vostedes fagan un cambio desa entidade? Pois sencillamente que eran uns orzamentos para vender afora, pero que na parte substancial, no que lles dá corpo, non se correspondían co que vostedes declaraban aquí.

Despois anunciaron tamén o Plan Impulsa Lugo e o Plan Impulsa Ourense, e descubrimos que fai unha semana aínda se adxudica o plan estratéxico, o plan estratéxico, para estas dúas localidades. ¿Que sucede ademais? Que en Ourense xa hai un plan estratéxico e en Lugo tamén hai algúns. Non lles debe gustar ningún, ¿queren formular outro novo? Pero polo

menos non anuncien a posta en marcha dun plan estratéxico, como era o Plan Impulsa Lugo e o Plan Impulsa Ourense, que o único que fai é rebaixar as cantidades necesarias que se utilizaban fóra dese ámbito para proxectos de máis de 500.000 euros para baixalo a 200.000.

¿Con que situación? Pois, por exemplo, que algo que eu supoño que non discutiremos nesta Cámara como é que a provincia de Ourense ten un importante valor nas súas augas e polo tanto no impulso a todos aqueles proxectos turísticos vinculados á balnearioterapia e ao valor da auga como elemento de saúde, pois non teñen subvención porque non están contemplados na orde; e, polo tanto, aqueles que queren poñer en marcha proxectos deste tipo resulta que non os poden poñer porque non hai subvención deste plan.

Outro segundo aspecto, pois que en zonas claramente agrarias, gandeiras, tampouco proxectos de melloración da industria, da capacidade industrial de transformación do sector lácteo son susceptibles dese tipo de financiamento. É dicir, obviamente era un plan que nacía novamente para venderse afora pero non para poñelo en práctica. Tanto é así que, despois de catro preguntas, aínda non nos respostaron se obxectivamente o que figura no texto do Plan Impulsa de que vai haber xuros cero para os créditos do Banco de Crédito Europeo efectivamente vai ser así. Porque o que se lles está dicindo aos empresarios que acoden alí é que non. E o señor conselleiro de Industria non foi capaz de negar esta evidencia tampouco nunha interpelación que nese sentido plantexamos.

E hoxe novamente descubrimos outro, e é que o Plan Hurbe xa está feito, que o Plan Hurbe xa está en marcha, está en execución. Un plan que anuncian o 15 de abril e que hoxe xa nalgúns casos está para rematar. Pero, vamos a ver, se isto era un elemento de desenvolvemento de combate da crise, loxicamente agora os concellos estarían traballando nos proxectos ou estarían presentando os proxectos para desenvolver plans que efectivamente teñan un efecto sobre a crise. Pois non, resulta que están xa tamén rematados.

É dicir, que ata o de agora, en función da avaliación dos resultados que houbo, incremento do paro, desaparición de empresas, desaparición de explotacións agropecuarias, desaparición de moitos barcos tanto de baixura como de altura no sector do mar, evidentemente os seus plans non funcio-

naron. E non funcionaron porque nin eran estratéxicos nin realmente existían como tal. E, polo tanto, vai sendo hora de que acabemos con este discurso que non leva a ningún lado e se poñan en marcha iniciativas, propostas desde o Goberno que realmente si teñan contido.

Non vale vir aquí novamente a sinalar a todo o señor Zapatero; o señor Zapatero ten a súa responsabilidade e nós claramente nos temos definido en Madrid en contra de determinadas iniciativas e poñendo alternativas enriba da mesa; por exemplo, na eliminación do IVA para aplicar en xuño ou establecendo un IVA súper reducido para produtos da cadea alimentaria. É dicir, estamos poñendo enriba da mesa proposicións. ¿Por que non o fan vostedes? Pois moi sencillo: porque non queren asumir o custo e o gasto de poñer enriba da mesa medidas que dalgunha maneira poden ter certo rexeitamento. Porque, mire, en época de crise efectivamente igual hai que facer recortes, imos discutir que recortes, onde e como se fan. Pero hai algúns que por ideoloxía eses recortes o fan incluso cando non hai crise económica, porque na prestación social, na prestación de servizos públicos, indubidablemente o Partido Popular non lidera ese *ranking*.

Mire, nós imos poñerlle encima da mesa algunhas propostas para que o Goberno da Xunta de Galiza non estea de espectador, non estea na inacción, sencillamente como cómplice dunha estratexia do Partido Popular a nivel do Estado para ver se desgastan ao Goberno do Estado. Mire, cando hai un recorte vostede ten opcións, ten que priorizar e pode poñer alternativas. E non o digo tanto polo importe cuantitativo máis senón por definir claramente onde vai recaer a crise. ¿Que camiño?, ¿que itinerario ten vostede?

Vostedes chegaron aquí dicindo que ían rebaixar —e, ante unha pregunta que lle fixen, así o recoñecía— o imposto de renda para os ingresos de menos de 17.000 euros. Non o puxeron en marcha en función dunha crise económica. ¿Por que non pon en marcha vostede outras medidas para compensar, por exemplo, para subirlles ese imposto aos que cobran por riba de 95.000 euros? No seu tramo ten capacidade para facelo, ten capacidade para facelo. E están mandando en todo caso unha idea de por onde se quere combater a crise. Pero é moito máis cómodo non poñer nada enriba da mesa, non se ten ese desgaste, e sencillamente o que vostedes están a esperar é que pase o cadáver do inimigo por diante da súa porta. O problema é que o cadáver que vai

pasar por diante da súa porta non é o do señor Zapatero, é o de moitos galegos e galegas que van ver como un Goberno non é capaz de defender os seus intereses, a súa calidade de vida e, polo tanto, o crecemento socioeconómico que necesita Galiza. Hai moitas máis medidas que podemos poñer en marcha.

Mire, a loita contra a fraude fiscal. Fixéronse campañas moi potentes para evitar os accidentes que hai na rede viaria a nivel de Estado e a nivel de Galiza. Campañas moi potentes con moitos medios, con moitos recursos, para un tema importante; non é un tema menos importante a fraude fiscal. ¿Sabe vostede que os técnicos da Asociación Española Tributaria –e supoño que o sabe– cifran en 56.000 millóns de euros a fraude existente no Estado? ¿Non lle parece que ese é un mecanismo importante de recuperación de recursos para poñelo á disposición e neste momento dos que menos teñen? A loita contra a fraude fiscal ¿non debera ser un elemento esencial, un puntal de ataque aos problemas da crise económica? ¿Puxo vostede en marcha algunha iniciativa neste sentido para reducir dentro das súas competencias a fraude fiscal existente en Galiza? Porque estas son as claves.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señor Blanco.

O señor BLANCO ÁLVAREZ: ¿Que van facer co imposto de patrimonio? ¿Que co de sucesións? Porque a situación mudou e mesmo as posicións que había neste tipo de impostos fai dous anos non poden ser as mesmas agora, porque agora hai que priorizar. E hai que elixir de que bando se está, e hai que elixir quen vai pagar esa crise. E, polo tanto, hai que tomar decisións que dalgunha maneira garantan que efectivamente saibamos primeiro se vostedes queren facer algo ou sencillamente se van quedar aquí quedos dentro desa estratexia do Partido Popular.

Desde logo, eu creo que os galegos...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señor Blanco.

O señor BLANCO ÁLVAREZ:... e as galegas o que están esperando é que por parte deste Goberno se poñan en marcha iniciativas que realmente sexan algo máis que fume, que teñan a necesaria enerxía para impulsar este país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a conselleira de Facenda, dona Marta Fernández Currás.

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Fernández Currás): Moitas grazas, presidenta.

Señorías, bos días.

Para comezar a miña intervención, quero recordar que a Xunta non ten a única chave da creación de emprego. Iso é un resultado da política monetaria, do comportamento xeral do contexto económico, da política fiscal do Estado, da estabilidade financeira e das expectativas do sector privado.

Téñolle que lembrar que os analistas cifran precisamente en termos de emprego ese axuste que acabamos de soportar e que vostedes din que non fale de Zapatero pero que é Zapatero quen o decide. E nada máis e nada menos 120.000 empregos, algún deles tocaralle tamén a Galicia. É dicir, as nosas posibilidades de creación de emprego están limitadas polo crecemento, e ese non depende só de nós, porque ten condicionantes importantes en función da evolución do resto da economía española, que, como vostede sabe, son o noso socio comercial principal. E isto non é un laio, é a mera constatación da realidade. Porque, miren, a creación de emprego público non nola permiten, é básica a taxa de reposición, pero ademais non sería nin xusto nin lóxico proceder á creación de emprego público nos termos que ata o de agora tivemos nos exercicios anteriores.

Nós o que temos que facer é xerar condicións de emprego, e iso afecta directamente ao nivel de crecemento. E ese crecemento ou decrecemento non depende unicamente de nós. De feito, Galicia tiña definidas e deseñadas unhas previsións de crecemento que se puxeron de manifesto no primeiro trimestre e tamén se porán de manifesto no segundo trimestre; ata o terceiro trimestre en que alguén decide por nós; a partir de aquí quen decide decrecer e quen decide perder máis empregos non somos nós; pódese restrinxir gasto sen comprometer o crecemento, e iso é o que nós estamos facendo.

E cando lle pedimos ao Estado que reduza ministerios non estamos falando só de gasto administrativo e funcional do mesmo, que non é menor. Porque xa sabemos que hai un

principio na física administrativa: que todo órgano creado tende a expandirse. Pero non, falamos das políticas públicas inherentes a eses ministerios, moitas delas baleiras de contido, replicantes ou redundantes, con medidas que están facendo outras administracións públicas, fundamentalmente as comunidades autónomas, ou ben políticas que tiñan sentido noutro momento da historia de España, pero neste momento non se xustifican.

¿Galicia que está facendo? Pois Galicia está facendo moitas cousas. Nós poñemos enriba da mesa todas as enerxías e todos os instrumentos dende que chegamos ao Goberno. Aínda que non temos, sen dúbida, capacidade na política monetaria, si se empregou a capacidade reguladora sobre o sistema financeiro para conseguir unha caixa galega de aforros con sede en Galicia e vocación de atención ao aforro e financiamento da economía galega. Estarán de acordo que isto é moi importante para o crecemento galego, non só para que Galicia dispoña dun instrumento financeiro achegado á terra, senón porque ela procurará financiamento; esta caixa procurará financiamento ás pemes e terá especial sensibilidade cos proxectos estratéxicos galegos.

Aínda dentro desta mesma causa de crise económica, o problema da liquidez e o acceso ao crédito, a Comunidade Autónoma tamén está facendo cousas: está potenciando ao máximo o Igape, facilitando a liquidez ás empresas galegas e especialmente ás pemes, a través dos avais, dos convenios coas entidades para o acceso ao préstamo, con avais compartidos coas sociedades de garantía recíproca, de facilidades para abaratar o custo das operacións de crédito-préstamo, e tamén está utilizando a súa capacidade de préstamo en empresas utilizando as liñas abertas do Banco Europeo de Investimentos.

Poderase dicir que ningunha destas ferramentas é novidade, pero ninguén lle pode negar a este Goberno que, en lugar de seguir interpretando que a crise económica non existía, ou que os seus efectos serían pasaxeiros, fose consciente desde o primeiro momento da importancia do que estaba ocorrendo e da necesidade de tomar medidas inmediatas.

Unha primeira medida inmediata foi recoñecer que as contas, de deixalas ir, suporían un desfase financeiro que Galicia non podía admitir. Esta interpretación realista e responsable deu lugar á elaboración dun plan de choque cunha

dobre finalidade: conter o gasto superfluo para equilibrar as finanzas dentro do exercicio fiscal e canalizar os recursos dispoñibles cara a medidas de impacto inmediato sobre a actividade económica, ben establecendo rebaixas ou incentivos fiscais a favor do gasto en bens de uso duradeiro –viviendas ou automóbiles–, ben acudindo aos sectores económicos prexudicados, evitando a perda de empregos e a desaparición de empresas. E isto tamén é política de emprego.

En todas as liñas iniciadas a actividade de mellora das canles do crédito ao acceso á liquidez das empresas ofrece por parte da Xunta, e moi especialmente da Consellería de Economía e do Igape, uns graos de actividade que multiplican por varios enteiros as axudas a beneficiarios realizadas en anos anteriores. A pesar de que os mercados de crédito daban sinais de estaren perdendo liquidez, nós estamos aí, nós estamos aí.

A actuación de política económica da Xunta durante a segunda metade do 2009 e nos meses transcorridos do 2010 foron criticadas de insuficientes dende o principio, simplemente porque se ativeron á disciplina orzamentaria que impoñen os recursos ordinarios realmente existentes e as limitacións ao endebedamento.

Pero imos tratar de gastar máis e non de gastar mellor, reducindo o gasto innecesario, improdutivo, substituíndoo por gasto responsable e produtivo.

Tan inmediato foi este enfoque que, dende o primeiro momento da lexislatura, avogouse pola contención e pola diminución, ata onde fose, posible dos gastos correntes, invertendo unha tendencia crecente que tiña esta Comunidade Autónoma ata o de agora. Tamén unha actitude de racionalización das estruturas administrativas, sobre todo o que concirne ás administracións paralelas, que foron inmediatamente sometidas á revisión. Porque este Goberno non negou a crise en ningún momento.

A actitude activa e austera, que comezou pola redución de altos cargos e o aforro no funcionamento burocrático da administración, permitiu manter a intensidade e a calidade dos servizos públicos e aínda suplementar os ingresos doutras administracións: as corporacións locais. Somos solidarios coas corporacións locais, a diferenza doutros. E as universidades, como solidarios coas universidades.

Aínda a pesar deste escenario, no orzamento 2010 fomos quen de manter un grao de investimento público superior ao de anos anteriores, utilizando, si, un recurso moi criticado por algúns, que é a colaboración público-privada, unha fórmula avalada pola Unión Europea, recollida na nosa Lei de contratos, e máis ten que aprobar o Estado o propio orzamento para dar validez a estas fórmulas de colaboración público-privada, como unha nova forma de xestión.

Somos conscientes de que non abonda con paliar os efectos inmediatos da crise, senón que a recuperación virá da man dun cambio de modelo, no que ten moito que dicir a avaliación e a reconsideración de cada unha das políticas públicas.

A Xunta de Galicia non improvisou un plan, que acabou comprometendo a estabilidade financeira do Estado, e a credibilidade das finanzas españolas, senón que tomou un tempo, si, certamente un tempo, ¿para que? Para abrir o diálogo social, o proceso de concertación, e deseñar un Plan estratéxico do 2010-2014 que inclúe eses plans de Lugo e Ourense, co horizonte de 2020, coa finalidade de identificar as liñas de actuación, o establecemento das condutas que teñen que levar a nosa rexión á converxencia con Europa, a nosa incorporación ao posto que corresponde como rexión histórica de Europa, a nosa potencialidade económica.

A eficiencia enerxética, a introdución da innovación e a creatividade a todos os niveis, ás empresas e aos negocios, nos fogares e nos traballadores, a apertura da internacionalización da economía galega, sobre todo polo que respecta ao papel do sector público, unha administración que é capaz de darlles aos cidadáns os servizos que merecen, achegándolles en termos de calidade, suficiencia e eficiencia e que funcionen de maneira económica, custando xusto o debido, avaliando o resultado das súas actuacións, valorando os custos, en que medida contribúen aos obxectivos programados.

Estas son as liñas da política económica da Xunta para saír da crise e facer unha Galicia, cidade única, próspera e solidaria, un lugar para vivir.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

Grupos parlamentarios para fixar posicións.

Ten a palabra don Abel Losada Álvarez polo Grupo dos Socialistas de Galicia.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Si, moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, conselleira, bos días.

Bueno, evidentemente cambiou as chuletas: onte era o argumentario do PP de Génova e hoxe son os powerpoint do Goberno do que forma parte, pero, en todo caso, seguimos movéndonos literalmente en literatura; literatura que está ben, pero literatura.

Mire, eu alégrome do seu comezo. Comezou dicindo que a Xunta de Galicia non tiña a única chave para a creación do emprego. Por certo, eu recordo cando o presidente da Xunta estaba na oposición como lle dicía ao presidente Touriño que o único responsable do desemprego que había en Galicia era el. Eu alégrome de que vostedes cambiaran de posición e se deran conta agora de que, efectivamente, a Xunta non ten a única chave, pero ten unha chave importante.

Gustárame saber que fan, tampouco o sei moi ben; está ben: ten que contestar o Goberno, pero boto de menos, aínda que fora por solidariedade de goberno, ¿non?, o conselleiro de Economía e Industria e a conselleira de Traballo, que, home, nisto algo deberían de ter que dicir.

Por certo, tamén me gustou outra cousa. O anterior Goberno, xusto cando vostede deixou de formar parte del, en xaneiro do ano 2008, recoñeceu expresamente a situación de crise da economía galega. Por certo, con medidas... –si, si... con medidas aprobada no Consello da Xunta, con medidas aprobadas no Consello da Xunta, de dinamización da obra pública, esa obra pública en que vostedes deixaron 500 millóns de euros sen gastar –seguro que sabe do que lle falo–, e, por certo, tamén dinamizando a financiación empresarial. Logo falaremos algo do Igape. A verdade é que o tiña preparado por se quen comparecía era o conselleiro Guerra. Pero, bueno, como vostede fixo referencia ao Igape, pois tamén vou falar diso.

Mire, señora conselleira, isto é o diferencial do crecemento do PIB entre España e Galicia entre o primeiro... –eu sei que vostede ten vocación docente, o cal está moi ben; entón, déi-

xeme que eu tamén a desenvolva un pouco-. É o diferencial do PIB, a diferenza entre España e Galicia entre o primeiro trimestre do ano 2009 e o primeiro trimestre do ano 2010. No primeiro trimestre do ano 2009, a diferenza favorable a Galicia era de 1,3 puntos; hoxe é de -0,4 puntos. A taxa inter-anual –seguro que o sabe, pero por se non ten o dato á man– é para España de -1,3 % do PIB e para Galicia do -1,7 % do PIB.

E isto é un dato incuestionable. Vostede pode vir aquí, pode traernos powerpoint, pode mesmo –que despois tamén falaremos del– traernos o Plan estratéxico Galicia 2010-2014, pode traer o que queira. Pero os datos, os datos macroeconómicos da evolución da produción en Galicia, son exactamente eses.

Por certo, outra cuestión que tamén me satisfizo especialmente. Dixo que era necesario un cambio de modelo. Ten razón, tenllo que ir contar tamén a Esperanza Aguirre a Madrid. Porque recorde que, cando o Goberno de España dixo que era necesario un cambio de modelo, a señora Aguirre, pois, con esa finura intelectual que a caracteriza, dixo que só coñecía dous: o capitalismo e o comunismo. Ou sexa, que pode nalgunha desas viaxes que fai a Madrid ir por alí e explicarlle que, efectivamente, a economía galega, a economía española, a da Comunidade Autónoma de Madrid, a de Europa, necesita efectivamente, necesita efectivamente, un cambio de modelo, necesita un cambio de modelo.

Pero imos falar un pouco da situación, da situación que tiña este país cando vostedes chegaron ao Goberno. Tiña un plan anticrise –as obsesións son persoais, señor Sueiro–, tiña un plan anticrise. Un plan feito para un contexto de crise específico que indubidablemente non era o mesmo que o do mes de maio do ano 2010. Pero existía, existía un plan de dinamización da obra pública, existía un mecanismo de incremento substantivo na financiación empresarial.

Por certo, vostede falou –a min gustárame ter números, ¿sabe?–, falou dos incrementos do Igape. Eu emprázoo, emprázoo, a que na última intervención diga cuantitativamente cales foron os incrementos do Igape en termos de financiación empresarial. É dicir, que convenios novos firmou o conselleiro Guerra co Banco Europeo de Inversións ou co Instituto de Crédito Oficial. A min me gustaría que mo dixera, porque, claro, é moi fácil vir aquí e falar do incre-

mento en termos etéreos dunha realidade que sabe perfectamente que é unha realidade exclusivamente mediática.

E o certo é que, cando vostedes chegaron ao Goberno e o señor Feijóo, en fin, nun exercicio de mosquetero absolutamente eu creo que irresponsable, falaba dos corenta e cinco días, falaba de que a súa prioridade era o desemprego –iso seguro que o recorda, seguro que recorda o debate de investidura: “loitarei contra o desemprego con todas as miñas forzas, porque é o principal obxectivo do meu Goberno”–, ¿pódenme dicir que fixeron para loitar contra o desemprego? A verdade é que non fixeron nada e, se fixeron algo, un auténtico desastre, porque hai o maior número de desempregados da historia económica de Galicia, que seguro que vostede, señora conselleira, tamén sabe: 236.000 persoas.

Pero, por certo, o problema non son tanto os desempregados –que o son, sen ningunha dúbida–, senón que son sobre todo –e volvo a algún compañeiro de Goberno ausente– aquelas familias que teñen todos os seus membros desempregados. ¿Sabe cantas son? 60.000. Son responsabilidade fundamentalmente da conselleira de Emprego e Benestar. Aumentaron nun trimestre –entre o último trimestre do ano 2009 e o primeiro do ano 2010– 15.000 fogares en Galicia nos que todos os seus membros están parados ou inactivos.

Señora conselleira, ¿de verdade que pode vir aquí a contar-nos unha historia de que isto vai ben e que vostedes están facendo? Se están facendo, estano facendo mal. Eu creo que non están facendo nada, pero, se o están facendo, estano facendo radicalmente mal.

E, por suposto, aumenta o desemprego e baixa a ocupación, e a economía galega perde músculo día tras día, e pechan empresas día tras día. Hoxe temos o caso das auxiliares da naval de Marín. Por certo, o conselleiro foi facer a foto dicindo que estaban traballando a tope para buscar unha solución. Eu non o dubido, pero o certo é que a solución, como noutros temas, non chega.

As solucións chegan noutro sentido, señora conselleira. Chegan cando a conselleira de Benestar e de Tránsito di que non lle tremerá a man para firmar os ERE que fagan falta. Aí si, aí sabemos que intereses se defenden; sabemos que intereses se defenden desde o Goberno do que forma parte.

E, por certo, tamén ese novo modelo de crecemento do que vostede falou e que dixo que facía falta, a verdade é que o Grupo Socialista o botou de menos nos presupostos do ano 2010. Nós presentamos emendas para reforzar o tecido empresarial, e fundamentalmente en termos de economía do coñecemento, de I+D+i. Votaron en contra de todas elas, señora conselleira, diminuíron as partidas de I+D+i, diminuíron as partidas de apoio empresarial. ¿Cal é o novo modelo de crecemento? ¿O dun concurso eólico que ten literalmente paralizado o sector? ¿O da piscifactoría de cabo Touriñán? ¿Ese é o novo modelo de crecemento? Eu non sei de que nos está falando. Salvo que pretenda tomarnos o pelo, francamente non sei de que nos está falando. Non sei se o novo modelo tamén é a baixada de impostos, esa que ían facer, que logo non fixeron. Baixaron un que ten unha repercusión económica e social mínima e, por certo, lineal; enfoque redistributivo –que vostede fala tanto diso cando vén aquí– importante, por seguir co plan de choque; o plan de choque 1, que era aquel dos 1.200 millóns de euros, o que vostede –que sen dúbida manexa e controla ben os presupostos– sabe que só o 10 % cambiaron de partida presupostaria. Entón, é que non estaban tan mal asignados presupostariamente se o 90 % estaban na liña que vostede considerou oportuna para desenvolver un plan de choque na economía de Galicia, ¿non? Non o estaba facendo tan mal o anterior Goberno, señora conselleira. ¡Que lle vou dicir a vostede, que formou parte del!

Por certo, no caso do reequilibrio territorial, Plan Impulsa Lugo e Plan Impulsa Ourense. Díxoo o voceiro do BNG: fume. Só serviu para que os delegados provinciais e o señor Rueda se fixeran fotografías nos concellos de Galicia, de Lugo e de Ourense. Señora conselleira, só para iso, non hai nin unha inversión, dicíao o voceiro... Pediron agora, ou sexa, contrataron agora ou licitaron un estudo estratéxico da provincia de Ourense e da provincia de Lugo. Por certo, esperemos que sexa mellor que a memoria que presentaron cando presentaron os plans, porque, por certo, era de suspenso dun alumno de primeiro –vostede, que dá clase, sabe de que lle falo, ¿verdade?–, de suspenso dun alumno de primeiro. É dicir, non había o máis mínimo apoio cuantitativo, é dicir, era un puro powerpoint dunha consultora mala, dunha consultora mala.

En termos de licitación pública, señora conselleira, pois efectivamente estamos na situación que estamos: 500 millóns de euros menos de licitación pública, no ano 2009;

eu non sei se iso son políticas anticíclicas, procíclicas, en fin, como vostede queira chamarlle, pero desde logo o que é, nun contexto de crise como o actual, con 236.000 parados, un auténtico escándalo, unha auténtica incapacidade de xestión. Quero pensar que é incapacidade de xestión, porque pode ser outra cousa, ¿sabe? Pode ser que vostedes, como en moitos outros aspectos, non dean a cara, e estean recortando sen dicilo, porque vou facer un pequeno exercicio cuantitativo.

O Goberno de España anunciou 15.000 millóns de euros de recorte no ano 2010 e 2011; o PIB de Galicia é o 5 %, máis ou menos, do PIB español; polo tanto, 750 millóns de euros. Mire, estes 750 millóns de euros que o Goberno español deu a cara para dicir onde e por que se recortaban, estano recortando vostedes: 500 millóns de euros sen executar e 200 millóns de euros de recorte nos servizos sociais desta Comunidade Autónoma. (*Aplausos.*)

¿De que nos vén falar aquí? ¿De que nos vén falar? Fálanos, literalmente, de mentiras, ademais con pouco sentido do Estado. Porque teño tamén outra valoración; neste caso onte vostede o repetiu como conselleira dun Goberno presidido polo señor Feijóo, pero foi o señor Feijóo quen avanzou a nova: primeiro, que España estaba intervida –unha xeración de confianza importante–; e logo dixo outra cousa tamén: dixo que o Goberno de España tiña o 11 % do déficit e o Goberno galego o 1. Vostede, ¿canto recada do que gasta?, ¿o 20 % aproximadamente?, ¿de onde sae unha parte importante do déficit do Goberno de España? Das transferencias das comunidades autónomas, señora conselleira...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Non, non, sae de aí, señora conselleira.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E por certo, mire, eu teño... Si, si, perfectamente. Eu teño unha síntese perfecta do que é a política do Goberno galego; é vostede cando di: “Facenda controlará cada euro de las subvenciones...”, o mesmo día que o señor Rueda leva 120.000 euros ao presidente do Partido Popular en Caracas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Losada.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra don Pedro Manuel Arias Veira.

O señor ARIAS VEIRA: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, señora Currás.

A esquerda ten un grave problema, un serio problema; é un problema do pasado, da realidade, do que fixo, é o problema da realidade. Tiveron a oportunidade de estar xestionando toda a política económica central, toda a política económica autonómica, aquí en bipartito, no conxunto de España o Goberno socialista apoiado polo conxunto da esquerda española, e resulta que toda a súa xestión foi un estrepitoso fracaso, un fracaso do sono, ese fracaso do sono, do paro, do emprego masivo, dos sonos, é dicir, o sen sentido da incompetencia, porque os sonos da incompetencia producen estes monstros.

Entón, ¿que pasa? Non ven a crise do ladrillo, non ven a crise financeira e teñen unha excesiva consideración de si mesmos, é dicir, ese tipo de arrogancia, de pensar que soamente teñen modelo económico e que en torno a eles estaba todo o fracaso. Pero viñan dunha traxectoria histórica onde o Partido Popular, durante o período 1996-2004, acadou taxas de pleno emprego, de crecemento, de saneamento, que deu e referendou tamén aquí en Galicia, todas as comunidades autónomas, deulle un capital de credibilidade económica asociando o Partido Popular, precisamente, á calidade de xestión, e ese tipo de elemento de que a mellor política social, a verdadeira vertebración social, a cohesión social, non dividindo pobres, ricos, loitas de clases, conflitos interterritoriais... (*Murmurios*).

Non, un médico, señor Pose, un médico é moi importante que sexa competente, porque unha persoa pode ser marabilloso, pode traerlle almofadas, pode traer unhas enfermeiras... (*Omitense termos aos que se refire o artigo 105.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia*), todo, pero resulta que mata, mata porque é incompetente, non, perdón, mata porque é incompetente. (*Murmurios*.)

Isto é o que está pasando coa esquerda. É dicir, está conducindo a este país a unha crise por incompetencia esperpéntica. Porque o de onte no *Boletín Oficial do Estado*, é dicir, señora Currás, vostede, que é profesora de Economía Públi-

ca, ¿que diría –como diría o meu antecesor, o señor Losada– cando algunha persoa tacha un erro de planificación estratéxica para toda a Administración local que non ten en conta durante seis meses o freo de todo o endebedamento de todo o sector local en España para a inversión pública de longo prazo e resulta que considera un erro contable, un erro de transcripción? Despois de todo iso, é que considera ao pobo, a todo o pobo de España, de Galicia practicamente, pois, en fin, ¿que trato, que consideración ten este Goberno do que son os cidadáns!

E, polo tanto, cando ten ese erro de práctica real, ten que reformular gravemente o seu discurso teórico. ¿En que consiste o discurso teórico-económico hoxe da esquerda en Galicia? En España tamén, pero en Galicia se basea en dous elementos de distorsión, unha falacia lóxica, é dicir, *post hoc propter hoc*, é dicir, isto agora vostedes entraron, o pobo vos apoiou, conseguiu unha alternancia e contra todo prognóstico, non o esperaban facía anos, ¿non?, é dicir, non esperaban que as enquisas deran o recambio en Galicia; entón di: bueno, pero nós deixámoslles en herdanza unha crise económica e agora nós, cando existan cifras de paro, ¿que fai vostede por elas?, ¿que fai vostede para loitar contra o problema que nós lles deixamos?

Entón ten que utilizar a falacia *post hoc propter hoc* pensando que as persoas van asociar simultaneidade e confundir que é causalidade. Pero iso é un erro inocente, porque todo o mundo sabe que as cousas ocorren simultaneamente, que se simultanean, pero as cousas non as ocasiona o que está ocorrendo ao lado; porque cando sae o sol ou canta o galo non dicimos: o sol sae porque canta o galo. O paro non é por iso, senón que o paro é porque a confluencia de ladrillo, crise financeira, incompetencia é tan profunda, e a reiteración do Goberno central, que detenta a clave do endebedamento, a clave do déficit público desatado. E non é o mesmo, señor Losada, aquí hai unha mistificación que é unha autocorrelación de factores que debería vostede, é dicir, que calquera persoa entende.

Cando non había esa crise de 10 % de PIB tamén estaba a Administración central dando, transferindo, porque é o que ten a titularidade de recadación de IVA e IRPF en Galicia e simplemente fai unha devolución de presión fiscal. Pero cando resulta que, a consecuencia da súa política económica e da súa crise financeira e incompetencia,

resulta que se afonden os ingresos e aínda encima multiplica os gastos, e multiplica os gastos non con criterios de produtividade, resulta que entón esa é a causa do déficit, e agora esa causa de que estamos asistindo precisamente pode dicir que estamos ao desmentido sistemático non soamente de erros en boletín oficial, senón o Partido Socialista, en xeral a esquerda, incluso o señor Fernando Blanco tamén, é dicir, hai que facer recortes sociais, dalgún xeito matizar pero sen matiz; é dicir, está, hai unha inversión progresiva de que o que dixen onte non vale hoxe, pero seguro que non vale tampouco mañá, porque de ser o paladín do Estado de benestar, agora quere plantexarse: fomos o Estado de benestar, pero os nosos excesos de solidariedade conduciron a esta situación, multiplicada fundamentalmente por unha crise internacional deses señores das finanzas que son os amigos do PP; porque a clave fundamental é o papel teórico-político que xoga o papel en todo este entuerto.

O PP non é o partido que na práctica real creou catro millóns e medio de postos de traballo en todas as comunidades autónomas españolas, non é o partido que deixou a mellor herencia económica ao Partido Socialista no 2004, e ao bipartito aquí en Galicia no 2005. Non é iso, é o amigo deses conspiradores, dos Madoff, de todos aqueles que precisamente crearon a crise financeira. Pero aquí ese é o PP, teoricamente, nada máis, todo ese tipo de construción.

Loxicamente, como estamos nun pobo intelixente —como demostrou o galego nas autonómicas do ano pasado e como se está detectando nos sondeos no conxunto de España—, estase afundindo a esquerda política. Ese é o problema gravísimo que ten: estase afundindo, e a única dúbida é canto nos vai custar unha alternancia responsable en Galicia e en España. ¿Canto nos vai custar unha alternancia responsable nas vilas e deputacións en Galicia?, ¿canto nos vai custar?, ¿cantos novos parados?, ¿cantos novos pufos?, ¿canto novo endebedamento?, ¿canto novo odio?, ¿cantas pancartas?, ¿canto vai ter que sufrir o pobo galego?, ¿canta crispación e tristura imos ter que pasar?

Aquí hai outro talante, señora Currás. Nós xa sabemos en parte, colegas, dalgún xeito, coma el, el sempre son, en fin, sempre dáme un pouco de corte e dalgún xeito referendar o que está facendo o Executivo que comparto, porque xa se sabe... *(Murmurios.) (Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor. Deixen rematar ao señor Arias.

O señor ARIAS VEIRA: En fin, todos somos un tanto incomprendibles, ¿non?, sempre temos unhas zonas de sombras, non soamente as mulleres son o sexo... ... *(Omitense termos aos que se refire o artigo 105.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia), os homes tamén temos as nosas carencias... (Murmurios.) (Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Señor Arias, é que, perdón, pero non escoito...

Ben, señor Arias, non escoitei, pero mellor, se lle parece, céntrase na súa cuestión e determinadas cuestións... *(Murmurios.) (Interrupcións.)*

Por favor, señora Pontón, déixeme, estou a falar co señor Arias.

Gustárame, señor Arias, que en todo caso, se pode vostede, creo que mellor determinados termos non vale a pena emplealos neste Parlamento; prégolle que os retire.

Siga coa súa cuestión.

Gracias, señor Arias.

O señor ARIAS VEIRA: Si, era un estereotipo. Retíroo.

Dentro destas interrupcións, un tampouco non pode hilvanar con absoluta, ¿non?, corrección política todo o que ten que dicir.

Nós dicimos: primeiro, esta Xunta amosou política de austeridade, de recoñecemento de talante. Segundo, está dando un escenario financeiro co plan estratéxico, é dicir, de confianza, seguridade e previsibilidade. Terceiro, xa sabemos aquí que toda axilización técnico-administrativa, moi importante, está amosándose en todo o ámbito do Igape, en todo o conxunto da administración. Terceiro, xa sabemos que a estatística, a información económica que está dando a súa consellería, non forma parte da nube de fume que como a utilización...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señor Arias.

O señor ARIAS VEIRA: ... que en todas as intervencións un pouco é difícil. Quero dicir, que realmente nos parece que dentro do ámbito das competencias que se teñen, dos 11.000 millóns teóricos de presupostación, comparados soamente con 100.000 millóns de desfeita que ten o déficit público en España, realmente incluso é milagroso —e repito: é milagroso— que en Galicia non esteamos nesa senda de afundimento, teñamos un Goberno moitísimo máis valorado que está o Goberno central no conxunto de España, e iso en análise diferencial significa que me parece que se está nunha senda correcta.

Como dicía o presidente Feijóo, mentres existan problemas, realmente incluso os parados, non debemos incorrer no ensoberbecemento nin na autosatisfacción, porque incluso...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Arias.

O señor ARIAS VEIRA: Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Si, por favor, por orde.

Ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Si, señora presidenta.

Terá vostede observado que durante este debate se teñen feito afirmacións, ¿non?, do tipo médicos con enfermeiras... *(Omitense termos aos que se refire o artigo 105.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia)*, agora mesmo recentemente que as mulleres somos o sexo... *(Omitense termos aos que se refire o artigo 105.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia)*, que cremos que son absolutamente desafortunadas, que atentan contra o decoro da Cámara e das mulleres, e que nós cremos que, por dignidade e porque nesta institución non se nos agrida colectivamente ao conxunto das mulleres, deberían retirarse do *Diario de Sesións*. Parécenos que é o lóxico e requiriríamos que ese tipo de afirmacións sexistas non teñan lugar nesta Cámara.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Pontón.

Señora Barcón.

A señora BARCÓN SÁNCHEZ: Presidenta, grazas.

Na mesma liña, para pedirlle que continúe vostede na liña que abreu no Pleno pasado. Recordará que vostede mesma repasou o libro de sesións e insistía en retirar unhas palabras. E a min me parece que esa alusión —certamente non sei como calificala porque non só é sexista, senón que é un pouquiño hasta rancia— de que os médicos son competentes e as enfermeiras... *(Omitense termos aos que se refire o artigo 105.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia)*, que xa se ve de donde... , en fin, a orixe, do señor Arias...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

A señora BARCÓN SÁNCHEZ:... pois me parece que tiñan que ser retiradas.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Barcón.

¿Si, señor Arias?

O señor ARIAS VEIRA: ... como sexo... ... *(Omitense termos aos que se refire o artigo 105.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia)* é unha cita de Freud, de Sigmund Freud...

A señora PRESIDENTA: Señor Arias, non ten a palabra.

Señor Arias, ¿me deixa responder, por favor?

Eu creo sinceramente que non me escoitaron, pero creo que chamei a atención ao señor Arias... *(Interrupcións.)* No, no, pedinlle que retirara as súas palabras e entendín que o señor Arias aceptaba. Hombre, creo que cambiou o ton... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Vamos a ver, eu creo que ás veces se escoita nesta Cámara o que se quere escoitar, señora Pontón. Eu pedinlle ao señor Arias que retirara as palabras que me parecía que non formaban parte do decoro desta Cámara. Por suposto, as dou por retiradas.

E nalgún caso quero tamén recoñecer que ás veces me vén o eco e non escoito ben, pero está claro que todos esos termos serán retirados. E de feito o dixen e llo dixen ao señor Arias, que creo que aceptou plenamente, e así o entendeu esta Presidencia. Por tanto, está retirado.

Moitas gracias.

Ten a palabra o señor Blanco Álvarez.

O señor BLANCO ÁLVAREZ: Señora presidenta.

Señorías.

Acabaremos falando de todo menos da crisi, porque entre que vostede, señora conselleira, non quere entrar a poñer enriba da mesa as propostas do Partido Popular, e entre que outros falan doutras cousas que non teñen nada que ver, pois a verdade é que os que nos estén escoitando, desde logo, o que van a sacar é unha conclusión bastante negativa deste Parlamento. E eu laméntoo, laméntoo porque, efectivamente, o Parlamento debe ser esa ágora donde se debaten propostas, iniciativas, ideas, que teñen como obxectivo, ademais, beneficiar o conxunto da sociedade, garantir ese desenvolvemento, garantir a calidade de vida, que, desgraciadamente, non é o que está a suceder.

Efectivamente, algúns temos soños, soños que permitiron a outros que os traballadores teñan dereitos, que haxa unha Seguridade Social pública, que haxa os dereitos humanos, porque se tiñan soños. O problema é daqueles que os soños solo os roncan, e deso tamén hai moito neste Parlamento, me parece a min. Pero, en todo caso, señora conselleira –e xa fiando no que foi a súa intervención–, vostede reconeceu que no tema do emprego temos escasas responsabilidades. Houberálle agradecido moito que estivera na lexislatura anterior para decírlle nas bancadas do Partido Popular. Porque daquela toda a responsabilidade era do Goberno galego, toda absolutamente; polo tanto, tampouco poden mudar as cousas en tan pequeno espazo de tempo dunha maneira a outra.

Segundo. Dice que vostedes poñen enerxía e instrumentos, e ademais fixo unha referencia concreta ao caso das caixas de aforro galegas. Bueno, en todo caso terá que recoñecer que aí a enerxía e os instrumentos mesmos quen os puxo maioritariamente, polo menos nas súas propostas neste Parlamento, foi o Bloque Nacionalista Galego, que foi quen fixo as mocións, as proposicións non de lei e mesmo a Lei de caixas de aforro galega. E na mesma idea lle convido, en todo caso, a poñer agora aquí tamén as propostas que este Goberno vai facer fronte á crise económica, que non dixó vostede ningunha.

Eu emplaceille en temas de política fiscal, de imposto de patrimonio. ¿Que non é competencia de aquí? Oiga, pero vostedes fan moitas para mandar a nivel de Estado. E no próximo período de sesións vai haber unha moción do Bloque Nacionalista Galego sobre política fiscal e outras medidas que terán que poñer vostedes aquí enriba da mesa se están de acordo ou non, non van escapar dese debate.

Porque vostede veu aquí a decir que non hai nada, que non teñen propostas, que non teñen iniciativas, e o peor é que efectivamente é así. E non é que non as teñan, é que non as queren poñer enriba da mesa. Porque a pesar dos pesares, a pesar dos erros que está a cometer o Goberno, despegan vostedes pouco nas enquisas, que é a única preocupación que ten agora o Partido Popular.

O Partido Popular non está disposto a resolver os efectos da crisi sobre a sociedade galega. O Partido Popular o que quere é gañar as eleccións xerais seña como seña e ao coste que seña. E nesa estratexia non se poden poñer medidas na mesa porque algunhas, efectivamente, ante unha crise económica non son populares; máis, se non se explican, se non se explican acaidamente e se non se priorizan naqueles donde efectivamente teñen que facer o esforzo. Por eso nós falabamos das rendas máis altas para cubrir os das rendas máis baixas: o imposto do patrimonio e o imposto de sucesións. Non puxo ningunha e falou do rigor e da austeridade, pero sigue sen explicar como é posible que nese rigor e nesa austeridade se lle escapen 5 millóns de euros nunha consellería; por certo, na que ten sentado á súa esquerda, 5 millóns de euros.

¿É que eses 5 millóns de euros se produciron de golpe? Non, é que novamente estamos ante unha estratexia de decírlle á xente algo a ver se así entra definitivamente a idea de que son rigorosos, de que son austeros, cando vostedes cambiaron 5 millóns de euros para sellos de correos, para teléfonos, para fax, para electricidade, que son gastos que tiñan que estar xa contemplados. Pero eses datos, os reais, e todos os cambios que habrá ao longo deste orzamento, evidentemente o que identifican e o que claramente manifestan é que vostedes non tiñan proxecto.

Porque, mire, no plan estratéxico ese que vostedes van facer, de 46.000 millóns –que, por certo, é un sumatorio dos catro presupostos, dos catro orzamentos, vindeiros– priorizan

unha serie de eixes como a sociedade da información, as políticas de I+D+i, a modernización e a internacionalización das empresas, que son neste momento donde aplicaron esencialmente os recortes producidos pola decisión do Estado.

Mellora da competitividade e internacionalización da empresa, que o señor de Economía e Industria durante a presentación dos seus orzamentos manifestaba que era o eixe vertebrador da súa política, baixa 16,4 millóns de euros. Xa tiña rebaixado nos orzamentos 16,4 millóns de euros. ¿Nos poden explicar aquí como é posible priorizar ese eixo e planter a maior redución de todos os orzamentos precisamente aí?

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Blanco, por favor.

O señor BLANCO ÁLVAREZ: Pois é moi sencillo, porque, en definitiva, vostedes están a aplicar sen ningún tipo de criterio, nin análise nin avaliación nin priorización, ese recorte dunha maneira mecánica, botándolle a responsabilidade ao Goberno do Estado, que ten unha parte, e outra vostedes, por non facer o que teñen que facer. E é enfrentar eses recortes do Estado con políticas activas aquí, con decisións políticas aquí, que é o que non están facendo. E, en todo caso, pedindo tamén cambios a nivel de Estado, dentro das competencias que ten, para que realmente os cidadáns non paguen esta crise.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Blanco.

Ten a palabra a conselleira de Facenda, dona Marta Fernández Currás.

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Fernández Currás): Moitas grazas, presidenta.

Señorías, ¿saben canto son 500 millóns de euros de licitación que din vostedes que deixamos de facer? Pois, miren, un 1% do PIB galego. É o que poderíamos facer devolvendo unhas contas en vez de cumprir o obxectivo de estabilidade orzamentaria do 1% –que é o que fixemos–, devolvendo as contas do resto das comunidades autónomas, que teñen un 2,2% de déficit. Ocorre que o señor Losada e algún outro

son os únicos dogmáticos que quedan da indisciplina presupostaria e todo o equilibrio, porque mesmo o coordinador intelectual xa se baixou dese discurso, e agora o que importa é o equilibrio das contas públicas.

Pero, ben, nós loxicamente non temos –digo ben, non temos– a única chave de creación de emprego, temos a obriga de xerar as condicións de emprego. E a obriga de xerar as condicións de emprego se fai por vías distintas de unicamente o gasto público. Non vale con achegar gasto público a esguello para tapar ocós, a menos que o que se pretenda facer é unha política de emprego guadiana, como a dos plans E, que desaparecen e logo rexorden. Pero, mire, nós o que si temos é unha nova concepción do gasto público, do orzamento e da política económica dun goberno.

Nós non cremos na concepción incrementalista do gasto público. Xa se acabou ese discurso de que o mellor xestor é o que máis gasta. Mesmo o presidente Zapatero... Vanme desculpar se o cito, porque ocorre que son a única que non pode aquí falar de Madrid, pero vostedes falan de Esperanza Aguirre, do Partido Popular, de qué imos votar na convalidación do decreto lei, aquí todo o mundo fala, e a única que non pode falar é precisamente a conselleira de Facenda. Pero precisamente é o que fai, e, se me permiten, ao mellor pode ser un modelo, un modelo de incrementar a factura social un 50%. Pero está falando de factura social; o gasto social non se incrementou en calidade no 50%, só en factura social. Pois nós non cremos nesas facturas, nós cremos na importancia de enxuciar cada un dos proxectos públicos e rematar axiña, inmediatamente, esas memorias de obxectivos e programas que din: obxectivo, gastar todo o capítulo VI. Pois non, nós pensamos que os investimentos son, sen dúbida, importantes, pero de pouco valen se non teñen asegurada a súa viabilidade desde un punto de vista financeiro. Porque non ten sentido anunciar cousas e non facelas; e non ten sentido, moito menos, licitar cousas e logo suspendelas.

Os investimentos, que sen dúbida serán importantes para o futuro do noso país, porque aínda temos que converxer –aunque outros están sacrificando os investimentos que necesitamos– teñen que sufrir tamén esa avaliación. E non serve loar o investimento sen máis e ao tempo demonizar o gasto corrente que vai garantir a produtividade dese investimento para o futuro, mesmo nuns tempos de escasez financeira,

onde eses investimentos vanse ter que financiar con débeda pública cando a haxa, porque precisamente o que non temos xa é aforro corrente nestes intreos.

Pero, mire, nós si temos un plan. Nós temos unha política económica que, por certo, vostedes mesmos acaban de apoiar. Porque o que pretendemos é un obxectivo de país, unha actualización do Plan de competitividade dentro dese Plan estratéxico 2010-2014 ou 2010-2020. E queremos definir e conservar o equilibrio e a sostibilidade asignando aos xestores metas de realizacións, medindo os resultados óptimos e buscando a coherencia deses obxectivos acadados, desos resultados acadados, cos obxectivos estratéxicos de Galicia. ¿Para que? Para xerar, a través deses eixes que definimos como necesarios para o crecemento, a gran cohesión...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, conselleira, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Fernández Currás):... territorial, social e económica que Galicia necesita e poder garantir así un auténtico Estado de benestar, unha auténtica mellora de calidade de vida dos galegos.

Señores, temos plan e temos medidas: 105 medidas. Téñenas enriba da mesa e pódenas comprobar.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

Substanciamos a continuación o punto sete da orde do día, de preguntas orais ante o Pleno.

Pregunta de D. Fernando Xabier Blanco Álvarez, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os pasos que está a dar o Goberno galego para a aplicación dos artigos non recorridos ante o Tribunal Constitucional da Lei 10/2009, do 30 de decembro, de modificación do Decreto lexislativo 1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das leis 7/1985 e 4/1996, de caixas de aforros de Galicia (art. 155.5)

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra don Fernando Blanco Álvarez.

O señor BLANCO ÁLVAREZ: Cando no mes de outubro o Bloque Nacionalista Galego presentaba a Lei de caixas de aforro galegas o facía con dous obxectivos. Por un lado, impulsar a fusión das caixas galegas, e, polo tanto, garantir que de cara ao futuro houbera unha caixa galega que poidera operar en Galiza e, polo tanto, ter o respaldo financeiro, o respaldo mesmo da obra social en Galiza e os centros de decisión en Galiza para garantir o desenvolvemento económico e social do país, e tamén para introducir cambios substanciais no funcionamento das propias caixas, desde unha maior transparencia nas tomas de decisións, desde unha maior democratización na elección, desde garantir tamén a participación pública a través do Parlamento galego nos consellos de administracións e nas assembleas xerais. En definitiva, de darlles tamén unha maior vinculación cos sectores estratéxicos económicos do país. Eses eran os obxectivos nese mes de outubro e eses son os obxectivos hoxe tamén.

Durante todo este proceso, difícil, que tuvo, indudablemente, moitas dificultades, agora a realidade é que pode haber unha fusión de caixas galegas, e, polo tanto, hai que redactar tamén un protocolo de fusión das mesmas.

A pregunta que nós queremos facerlle ao Goberno é que pasos está dando para poñer en marcha esa Lei de caixas de aforro galegas que non están recurridos polo Tribunal Constitucional. Porque, indudablemente, aquilo que non está recurrido, obriga tamén que ese protocolo de fusión recolla aspectos desa lei. E, polo tanto, debemos garantir que, en todo caso, ese protocolo de fusión seña respectuoso coa lei aprobada no Parlamento galego por unha ampla maioría e que, indudablemente, marca o itinerario a seguir, e eso afecta a moitas das cuestións que hoxe están en debate.

Polo tanto, é importante para nós, efectivamente, que non se perda de obxectivo que non só era esa fusión, senón tamén unha modificación substancial do funcionamento das caixas de aforro galegas para servir, en definitiva, mellor aos intereses do país, aos intereses dos galegos e das galegas.

E o Goberno ten unha obriga: desenvolver o regulamento no seu momento e poñer en marcha e respectar aqueles articulados que non están recurridos. E, polo tanto, por eso lle preguntamos, ¿que pasos está a dar este Goberno para garantir

que nese proceso, nese protocolo de fusión, se respecte a Lei de caixas galegas aprobada neste Parlamento?

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Blanco.

Para responder, ten a palabra a conselleira de Facenda.

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Fernández Currás): Moitas grazas, presidenta.

Efectivamente, señor Blanco, a lexislación galega de caixas de aforro data do 2005, pero a relativa aos órganos de goberno era moi anterior, do 1985, aínda que parcialmente modificada no 1989 con ocasión da sentenza do Tribunal Constitucional 45/89, que vostede coñece ben.

Os tres partidos políticos ofreceron a súa modificación precisamente porque esa lei tiña eivas, e, conscientes da situación económico-financeira do país, nesta Cámara se decidiu tramitala de urxencia, precisamente para, neste contexto, neste novo contexto, ter unha lei sen eivas, unha lei que arranxase todos os defectos da lei anterior. Así xorde a Lei 10 do 2009, que incorpora 28 artigos, algúns novos, outros modificados e 11 disposicións adicionais.

Aínda que tamén se tocan, desde logo, os criterios ordenadores, as modificacións fundamentais abranguen os órganos de goberno, a obra social e a autorización para as fusións.

O recurso interposto polo Goberno central perante o Tribunal Constitucional provocou a suspensión de nada máis e nada menos que dez artigos, referentes basicamente aos órganos de goberno e á obra social.

Pero os artigos efectivamente vixentes afectan ás disposicións xerais, aos criterios ordenadores, ás cotas participativas no referente ao órgano que acorda a emisión ou rexistro destas cotas participativas, ao funcionamento dos órganos de goberno e ás fusións.

Ao longo destes meses, o principal interese deste Goberno foi continuar a defender que Galiza tivese caixa de aforro. A alternativa era ter unha, unha gran caixa de aforro, ou ningunha. E o proceso de reordenación se está levando a cabo con éxito, aínda que os atrancos foron moitos, e vostede o

sabe. Teño que aproveitar para agradecer a actitude nobre, xenerosa e coherente do seu partido.

Neste momento, desde os servicios supervisores que ten a Consellería de Facenda, estamos levando a cabo toda a nosa función: as accións autorizatorias, as supervisoras, as inspectoras, as actuacións relativas á obra benéfica e social; pero nestes intres, loxicamente, a nosa principal preocupación é o seguimento das 14 mesas constituídas para levar a cabo ese proxecto de fusión, que ten que estar rematado o 30 de xuño: a elaboración do plan de negocio, a eventual petición de axudas ao FROB, a elaboración da estrutura organizativa da nova entidade e a elaboración dos novos estatutos. Nese proceso estamos agora mesmo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, conselleira.

Ten a palabra o señor Blanco.

O señor BLANCO ÁLVAREZ: Si, efectivamente, o proceso de fusión que acaba de comezar non era nin moito menos a estación Términi. Esa decisión de proceder a esa fusión, que algúns defendimos desde o inicio sen ningún tipo de dúbidas porque cremos que era importante para o país, non está exenta de que agora, precisamente nesas 14 mesas constituídas para resolver desde cuestións de solvencia a problemas laborais, a modelo económico, que se poñan en marcha, cumplan escrupulosamente co que é o espírito e o articulado tamén da Lei de caixas. É dicir, que nese protocolo de fusión que terá que ser establecido entre Caixa Galicia e Caixa Nova, indudablemente, se respecten aspectos moi importantes que figuraban nesa lei.

Fai uns días, unhas semanas, asistíamos precisamente a unha decisión que a nós nos preocupaba, era a enaxenación duns activos importantes dunha empresa estratéxica —eu creo— para o país a un capital alleo e, polo tanto, á posible modificación no futuro dese centro de decisión. Poden darse máis circunstancias en función dun previsible adelgazamento dos activos.

A lei establecía claramente no seu espírito [...] no articulado directamente xa, nas inversións deses activos, pero tamén no desinvestimento destes activos. Indudablemente, a Xunta de

Galiza ten que ter un papel, e o ten que ter porque eso é o que lle cobertura precisamente á lei, garantir o que na súa parte expositiva explicaba con claridade, e era unha maior vinculación entre as caixas de aforro, neste caso entre a caixa galega, e o desenvolvemento económico e os sectores estratéxicos do país.

Nese protocolo de fusión poden poñerse en marcha iniciativas que non vaian na dirección do que a Lei de caixas recolle. E nós o que queremos saber é se o Goberno galego vai facer esa función de supervisión e de control dese protocolo de fusión, para que, indubablemente, cando se traiga a este Parlamento veña cumprindo todo o articulado e o espírito que a Lei de caixas ten. Porque, indubablemente, ese proceso de fusión...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Blanco.

Ten a palabra a conselleira de Facenda.

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Fernández Currás): Grazas, presidenta.

Si, efectivamente, a Consellería de Facenda está tutelando ese protocolo de fusión. O que non lle podo desvelar aínda é o protocolo de fusión que non está feito. Pero a incerteza xurídica que xerou a interposición do recurso impide na práctica executar os preceptos modificados correspondentes aos órganos de goberno e á obra social; asemade, fai practicamente imposible desenvolver regulamentariamente a lei.

Respecto ás disposicións e aos criterios ordenadores, ao trátarse de principios xerais, a posibilidade de desenvolvemento é practicamente nula e ademais ten pouco valor engadido.

Respecto do apartado referente ao funcionamento de órganos de goberno, a exhaustividade da lei, xunto coa suspensión de determinados artigos, impide calquera profundización normativa.

No que se refire ás fusiós, a norma legal, dende logo, semella suficiente, porque o único do que estamos falando e mudamos na lei foi a autorización, e, precisamente, a posibilidade de que veña a esta Cámara e sexa oído o Parlamento e se aprobe polo Consello da Xunta. Como vostede sabe, antes quen aprobaba era a Consellería de Facenda.

Neste proxecto de fusión actualmente están en marcha a elaboración do proceso de negocio, que, como digo, ten que facer proxeccións a medio e longo prazo, proxeccións que non son doadas de facer. Pero, anque temos pouco tempo, chegaremos, chegaremos co cumprimento da data prevista.

E temos que definir a organización operativa e comercial da nova caixa. O proxecto de fusión incluírá como mínimo o contido do artigo 51.2 do Decreto lexislativo 1/2005. Elevárase aos consellos de administración, será aprobado polas asembleas xerais, logo se remitirá á Xunta, virá ao Parlamento e definitivamente se coñecerá.

Adicionalmente a todo o anterior, pois loxicamente a Xunta sigue facendo o que ten que facer, a súa actividade supervisora a todos os niveis. A nivel societario, referente ao funcionamento e composición dos órganos de goberno e tamén das operacións vinculadas. A nivel financeiro, supervisión fundamental nestes intre de profunda crise económica, que, de terse feito con anterioridade, fundamentalmente no momento de crecemento excesivo, non pagaríamos agora os excesos que tanta efectividade e competitividade e eficiencia estallan custando ás nosas caixas. Tamén a obra benéfica-social, nun contexto onde os beneficios das caixas non son os que foron; polo tanto, ten que ter unha vixilancia máis estrita do contido desa obra social. E tamén na transparencia, porque unha caixa de aforro cómpre que teña unha obriga de transparencia moito maior que calquera outra empresa mercantil.

Malia a eiva que supón ter suspendidos dez artigos, os restantes están plenamente vixentes, e a supervisión e inspección...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Fernández Currás):... feita pola Consellería de Facenda cúmprese integramente.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pregunta de D. Alejandro Gómez Alonso, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións que se van desenvolver dentro do Plan MOVE no ano 2010

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta, ten a palabra don Alejandro Gómez Alonso.

O señor GÓMEZ ALONSO: Gracias, señora presidenta.

Señor conselleiro de Medio Ambiente.

Señorías.

Sen dúbida algunha, un dos grandes acertos da nosa formación política noutras etapas do Goberno á fronte da Xunta de Galicia foi, sen dúbida algunha, o impulso decidido e firme que se fixo a prol da construción das nosas autovías e o impulso da obra pública.

Sen dúbida algunha, un dos grandes acertos das nosas anteriores etapas de goberno foi o impulso a eses importantes acordos aos que se chegou co Goberno central para conseguir que as autovías chegasen ao noso país, pese a con retraso, pero que chegasen.

Sen dúbida algunha, señorías, un dos grandes acertos das nosas anteriores etapas de goberno foi levar a cabo esa planificación da obra pública e ese impulso da construción da nosa rede viaria a través dos instrumentos de planificación axeitados.

Quero lembrar os planes aprobados no 1990, no 2001 e no ano 2004. Por iso, señorías, tamén consideramos que é un importante acerto o impulso da obra pública que se está a levar pola actual Administración autonómica, e que este impulso da obra pública se esté a levar a cabo a través dun novo instrumento de planificación, que é o Plan MOVE.

Cando o señor conselleiro aprobou o Plan MOVE en agosto do ano 2009, fixo dous importantes anuncios.

Primeiro. Deixou claro cales son os obxectivos construtivos da nosa rede viaria de aquí ao ano 2015, e eses obxectivos construtivos teñen un cronograma de execución, posta en servicio, inicio das obras e tramitacións administrativas dende aquí hasta o ano 2015. É máis, hasta se fixan uns obxectivos temporais para o ano 2020.

E o segundo. Anunciou un importante esforzo investidor para correir catro anos de parálise que tivemos na nosa rede

viaria, cun importe de nada máis e nada menos que 4.192 millóns de euros.

E hoxe, señorías, xa que estamos a falar tanto de economía e de medidas económicas, queremos reafirmar o noso compromiso co impulso da obra pública como unha das medidas claves para saír da crise económica. Hoxe por eso consideramos que é axeitado que por parte do Goberno se faga balance dos cinco primeiros meses de execución deste Plan MOVE. Pero tamén queremos deixar claro que non estamos de acordo coa política seguida dende o Goberno central, por exemplo, polo señor ministro de Fomento, de erixirse primeiro como o gran licitador e defensor da obra pública para despois xustificar que non fai falla para saír da crise económica porque fomos un dos países que máis invisteu nesta materia.

Consideramos, señorías, que non sólo foi un erro do ministro dicir que iba paralizar obras sen dicir cales, senón que o que é peor, señorías, non xenerar ou romper a confianza que se había xenerado nun primeiro momento.

Por eso, señor conselleiro, dado que estamos nunha importante crise económica na cal o sector necesita un goberno que lle diga as cousas certas e que xenere confianza, por eso, señor conselleiro, nos gustaría saber...

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Gómez Alonso.

O señor GÓMEZ ALONSO:... cales son as actuacións que vos-
tede vai desenvolver no Plan MOVE no ano 2010.

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

Ten a palabra, para respostar, o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O señor CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Hernández Fernández de Rojas): Si, señora presidenta.

Señor Gómez Alonso, a verdade é que, como sabe vostede, a principal diferenza entre o Plan director de estradas do Goberno anterior e o Plan MOVE é precisamente que o Plan MOVE establece datas concretas para a posta en servizo das diferentes actuacións.

As actuacións a desenvolver dentro do Plan de mobilidade, ordenación viaria e estratéxica para o ano 2010 van dirixidas, como non podería ser doutro xeito, ao cumprimento deste documento reitor para a creación e desenvolvemento de infraestruturas no noso territorio

No que levamos de lexislatura, a Xunta de Galiza puxo en servizo 46 quilómetros de vías de altas prestacións, e na actualidade, dentro das actuacións contempladas no Plan MOVE, estase a traballar en 160 novos quilómetros de vías de altas prestacións que, en concreto, correspóndense cos seguintes itinerarios:

A vía Ártabra no contorno da Coruña, á que se destinan este ano 22 millóns de euros, con traballos en dous dos tramos previstos para esta vía, que suman 10 quilómetros de lonxitude.

A vía de altas prestacións entre Brión e Noia, de 18 quilómetros, e tamén a variante de Noia, cunha consignación anual próxima aos 10 millóns, e no que podó dicir que a metade desta vía entre Brión e Noia estará á disposición dos usuarios neste verao, seis meses antes do previsto, e o resto no primeiro trimestre do ano próximo, tendo en conta tamén que esperamos que a variante de Outes se atope rematada neste mesmo ano 2010.

A vía de alta capacidade Carballo-Berdoias, 41 quilómetros que desbloqueamos ao chegar ao Goberno e onde comezarán os traballos antes de que remate o vindeiro verao. Acompañado este itinerario co treito entre Cee e Sardiñeiro, que tamén está en obras.

Outro dos treitos que estamos mobilizando neste ano 2010 é a autovía Ourense-Celanova, que escomenzamos fai uns días. A vía de alta capacidade do norte, onde estamos traballando en dous dos treitos previstos para este itinerario, con 17,5 millóns de euros no ano 2010. A vía de altas prestacións Sarria-Monforte, con 28,7 quilómetros e 29,7 millóns de euros, como continuación do itinerario Nadela-Sarria, onde estamos precisamente mobilizando a execución da redacción do proxecto de desdoblamiento, igual que faremos tamén ao inicio da redacción dos proxectos da Ronda Bulevar de Ourense e da nova conexión de Santiago coa Costa da Morte.

Estamos continuando coa execución da variante de Marín, 3,7 quilómetros e 8,7 millóns de euros de investimento; a

autovía Baión-Curro, xunto co nudo de Curro; a vía de alta capacidade de Tui-A Guarda, en dous dos tres tramos no que está dividida; e tamén estamos escomenzando a execución do novo acceso á Plisan, que son 4 quilómetros e 18,9 millóns de euros.

Estas son en liñas xerais as principais actuacións que estamos desenvolvendo e que prevemos levar a cabo ao longo deste ano 2010, seguindo a planificación establecida neste Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica de Galicia, onde –insisto– puxéronse en servizo nesta lexislatura, ata o de agora, 46 novos quilómetros e estamos traballando neste momento en 160 novos quilómetros de vías de altas prestacións.

Moitas gracias e máis nada.

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, conselleiro.

Ten a palabra o señor Gómez Alonso.

O señor GÓMEZ ALONSO: Gracias, señora presidenta.

Señor conselleiro, 160 quilómetros de vías que están en construción. Isto é xustamente, gran parte deses quilómetros, eran os que estaban retrasados na lexislatura pasada. É dicir, que como vostede nos vén aquí a anunciar, con este novo orzamento e con este novo instrumento de planificación o que se vén a recuperar é o tempo perdido neses catro anos de Goberno bipartito... (*Murmurios.*) (*Interrupcións.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor GÓMEZ ALONSO:... donde tan só foron capaces de poñer en servizo 100 quilómetros de 500. (*Aplausos.*)

Pero tamén con este anuncio, señor conselleiro, vostede está lanzando un importante mensaxe de credibilidade ao sector da construción e aos sectores económicos do noso país. (*Murmurios.*) (*Interrupcións.*) Mensaxe que, por certo, non está sendo lanzado polo ministro de Fomento, que cando presentou o seu orzamento utilizou o slogan que iba investir cando máis se necesita e iba investir onde máis se necesita. Curiosamente, na nosa rede viaria o señor ministro de Fomento –e queremos amosar así a nosa preocupación–, antes de iniciar os recortes, os incrementos nos orzamentos

da rede viaria 2010 galegos son do 0%. O señor ministro de Fomento con eses orzamentos, antes de recortalos, tan só iba pór en servizo, de aquí ao 2012, 100 de 400 quilómetros. Agora queremos amosar a nosa preocupación polo que vai a pasar coa nosa rede viaria do Ministerio de Fomento en Galicia, señor conselleiro, porque se antes de recortar o orzamento, co famoso compromiso do señor ministro de impulsar a obra pública, se iba a pór unha cuarta parte do que necesitaba Galicia, agora nos preguntamos que é o que vai a pasar con todos os proxectos construtivos que xa viñan adiados da lexislatura anterior.

Señor conselleiro, para nós esta clase de afirmacións son moi importantes. Primeiro, porque estamos nunha fonda crise económica e hai que xenerar confianza. E, segundo, porque vén a pór ben ás claras cal é o Goberno, cal é a formación política, que de verdade cre nas obras públicas como elementos vertebradores e necesarios para saír da crise económica...

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Gómez Alonso.

O señor GÓMEZ ALONSO: En resumidas contas, nós somos os que de verdade investimos máis cando máis se necesita e... *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

Ten a palabra o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O señor CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Hernández Fernández de Rojas): Moitas gracias, señora presidenta.

A verdade é que parece que á oposición non lle gusta recoñecer as actuacións onde estamos traballando, pero é a realidade, xunto con outras actuacións, á parte das que me referín na miña primeira intervención, nas que estamos traballando. Por exemplo, a variante de Carballo, adxudicada a redacción do proxecto este mesmo mes; as de Monforte-A Guarda; a circunvalación Leste de Ourense; a execución da conexión da AP-9 co aeroporto de Alvedro. Por certo, esperamos que neste tema o ministerio cumpra o seu compromiso de autorizar a execución desta actuación, posto que o único que lle pedimos ao ministro é que cumpra a súa promesa de autorizar esta conexión.

E conforme ás directrices do Plan MOVE tamén estamos realizando traballos de mantemento e conservación da rede viaria autonómica, destinando máis de 71 millóns de euros ao longo do ano 2010. Incrementamos tamén nas medidas relacionadas coa seguridade viaria, superando nun 10% os investimentos adicados a ese fin no ano anterior, ata acadar 55 millóns de euros. Continuaremos e estamos a facer o compromiso electoral e de goberno de sufragar a redución das peaxes autonómicas que iniciamos o pasado 18 de maio. E tamén impulsamos e melloramos a integración paisaxística das estradas e tamén un programa específico dirixido á minoración do ruído no contorno precisamente das estradas autonómicas.

En relación, señor Gómez Alonso, co seu interese pola evolución futura desta planificación, debo indicar que o Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica é un documento que entendemos que foi realizado con rigor, que a diferenza doutras programacións anteriores contempla e compromete prazos e fixa precisamente as necesidades orzamentarias concretas.

Evidentemente, foi feito cunhas previsións e nun escenario determinado que poden verse influídos polas circunstancias e pola conxuntura económica, pero neste momento o plan mantén o seu ritmo e trataremos de cumprir os horizontes temporais de posta en servizo das infraestruturas nel recollidas.

Esperamos que isto poida facerse así, e, en todo caso, tamén decimos que este Goberno ten claro que unha cuestión é a planificación e outra moi distinta é a programación. O Plan de mobilidade do Goberno galego é o Plan MOVE, e o será durante todo o período da súa vixencia.

Neste primeiro ano, a dotación para o plan é superior á propia anualidade prevista no mesmo. A previsión no orzamento do MOVE para o 2010 quero recordarlle que era de 462 millóns de euros, e o orzamento da consellería foi de 521,4 millóns de euros para, precisamente, as actuacións previstas no Plan MOVE.

Para o ano 2010, veremos cales son as dispoñibilidades orzamentarias e actuaremos en consecuencia, lóxicamente priorizando con responsabilidade e intentando acadar a necesaria cohesión territorial. Actuaremos coa mesma responsabilidade que nos levou a falar de austeridade e de rigor

cando outros aínda –e gusto recordar esto– falaban de que estabamos na *Champions League* das economías do mundo. Foron precisamente eses os que nos levaron á situación na que nos atopamos agora.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Ignacio Javier López-Chaves Castro e D. José Fervenza Costas, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación do proxecto da Cidade da xustiza de Vigo

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta, ten a palabra don Ignacio López-Chaves.

O señor LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, a pregunta que formulamos agora desde el Grupo Parlamentario del Partido Popular de Galicia es sobre la situación de la Ciudad de la justicia en Vigo, una infraestructura necesaria y fundamental en Vigo y su área. Pero hay que hablar, para referirse a la Ciudad de la justicia, de su historia.

En el año 2005 se firmó un acuerdo entre la Xunta de Galicia y el Ayuntamiento de Vigo –Jesús Palmou, conselleiro y Corina Porro, alcaldesa–, en el cual se establecían las obligaciones claras de cada una de las instituciones. La Xunta de Galicia construía la Ciudad de la justicia y el Ayuntamiento cedería los terrenos.

Pero, sin embargo, en el año 2005 se produce un cambio que va a afectar a la construcción de esta Ciudad de la justicia. Se cambia el Gobierno de la Xunta de Galicia y se producen los retrasos y paralizaciones con una voluntad no manifestada, pero sí real, de no querer construir la Ciudad de la justicia.

En el año 2006 no se dedica un solo euro a la Ciudad de la justicia, y en el año 2007 se produce también otro cambio que va a afectar a la agilidad de este proyecto. Se elige un nuevo alcalde en la ciudad de Vigo y empieza el período de fotos y de maquetas. En el año 2007, decían que a mediados del 2008 comenzarían las obras. Llega el año 2008, otra foto y otra reunión, y decían que en 2009 las obras se iniciarían y el alcalde que los terrenos estarían a disposición de la

Xunta de Galicia a finales del año 2008, como recogen los medios de comunicación. Pero a finales de 2008 el conselleiro del Gobierno bipartito comparece aquí, en el Parlamento, y dice que no había terrenos disponibles; de nuevo otro retraso. Y llega el año 2009 y siguen sin ceder los terrenos del Ayuntamiento de Vigo.

La colaboración, que inicialmente era que uno construía la Ciudad de la justicia y otro cedía los terrenos, se convirtió en que ni uno quería construir la Ciudad de la justicia ni el Ayuntamiento de Vigo quería ceder los terrenos. Eso sí, originó incluso las quejas del juez decano de Vigo, que llevó al alcalde de la ciudad a afirmar que en un año y cuatro meses –según aparece en los medios de comunicación– los terrenos estarían disponibles por la Xunta de Galicia. Sin embargo, ese período, que era cuando anunció enero del año 2009, ya ha pasado y no existe nada.

Conocemos, por tanto, el compromiso de la Xunta de Galicia, incluso un compromiso presupuestario, y sin embargo, por otro lado, el alcalde de Vigo no cede los terrenos. Llevan tres años y lo único que ha aparecido en la ciudad de Vigo es un documento aprobado en el cual se acuerda: inicio dos trabajos precisos para la obtención, por cualquiera de los medios admitidos por la ley, dos terrenos necesarios. Es decir, lo único que existe después de tres años de gobierno municipal en Vigo es que dicen que van a adquirir los terrenos por vías legales.

Por lo tanto, conocemos que la actuación de la Xunta anterior, de la bipartita, sólo fueron fotos y maquetas; que el actual alcalde de Vigo no cedió los terrenos, y, por tanto, queremos conocer la situación actual, queremos conocer cual va a ser la actuación de la Xunta de Galicia y cuales van a ser las posibilidades de construcción de la Ciudad de la justicia.

Nada más y muchas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Para responder, ten a palabra o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Chaves, nós si que queremos facer a Cidade da xustiza de Vigo, por eso a temos metido no Plano de infraestruturas xudiciais que empezou este ano, remata no ano 2015 e xa está dando resultados.

Algúns decían que era fume, que non había cartos. Pois por dar un primeiro dato, o 87% do orzamento deste ano para grandes reparacións está en execución ou a punto de adxudicarse.

Mire, se pode estar facendo por unha razón fundamental, porque as cidades están colaborando. Está colaborando Pontevedra, está colaborando Coruña, está colaborando Ourense, entendendo que hai certas cuestións que deben quedar fóra das liortas políticas. E agora hai que ver se o alcalde Vigo entende o mesmo, porque, se o entende, dende logo imos poder facer o que é unha absoluta necesidade, estou de acordo con vostede.

Mire, é unha necesidade porque hai problemas de espacio agora mesmo nos xulgados de Vigo. É unha oportunidade tamén, porque Vigo, dende logo, ten que seguir crecendo, ten que seguir tendo máis xulgados, pero para eso é necesario prever con suficiente antelación o espacio que fai falta, e estamos todos de acordo en que é unha demanda non só dos profesionais da xustiza senón da sociedade viguesa en xeral.

Nós o temos todo preparado. Existe unha reserva de terreo. É verdade que no seu momento o Partido Socialista se opuxo e houbo un retraso, por eso a modificación do Plan xeral. Existe un proxecto, é o proxecto do Goberno anterior, custou 650.000 euros. A min me parece excesivo, pero, dende logo, o imos aproveitar, non vamos facer outro diferente. Existe unha garantía de financiamento da Xunta tan real como eses sete millóns e medio que xa se están gastando este ano, e existe, dende logo, vontade política, que é o fundamental.

Nós si temos vontade política de facer as cousas. Eu non quero que se siga falando da Cidade da xustiza de Vigo como unha maqueta. Queremos facer o edificio e o queremos facer realmente, pero para eso xa lle digo, e insisto, en que é necesaria a vontade política das dúas partes. A nosa está enriba da mesa, a ver se o alcalde de Vigo esta vez é verdade que dá o paso e fai os movementos necesarios para conseguir que as súas declaracións de tantos anos, que vostede relatou, ao final se conviryan en feitos.

Haberá que pensar que despois das súas derradeiras declaracións, efectivamente existe por fin esa vontade política. Di que xa está traballando, a min mo dixon nunha carta que me remitiu hai sete meses. En fin, pasaron sete meses, non coñezo resultados, a pesar de que llo preguntei. Vamos a confiar en que esa vontade política por encima de liortas, como entenderon outras cidades, tamén a hai.

Dende logo lle poden decir unha cousa, se se está traballando de verdade, se pode manter perfectamente o compromiso desta consellería, deste conselleiro que lles fala, de que en canto estén os terreos á disposición, de xeito inmediato poden comezar as obras. A Xunta de Galicia neste ano fixo todo o que había que facer, o que non estaba feito nos anos anteriores; agora tócalle ao alcalde de Vigo. Eu non quero discutir co alcalde de Vigo. Lle gusta discutir moito, incluso lle dá tempo a discutir co Partido Popular. O que quero son realidades e facer o edificio.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor López-Chaves Castro.

O señor LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Gracias, presidenta.

Gracias, conselleiro. Es verdad, no cabe un alfiler en el actual edificio de los juzgados de Vigo. Pero está claro que el alcalde de Vigo no quiere poner en marcha la Ciudad de la justicia y la boicotea. Existe voluntad política para construir por parte de la Xunta la Ciudad de la justicia, existe dotación presupuestaria, existe reserva de terrenos en el plan general, lo único que hace falta es que el alcalde de Vigo y el gobierno municipal cedan los terrenos, porque los edificios se hacen sobre terrenos, no se hacen sobre el aire; en el aire se hacen maquetas y se hacen fantasías y usted habló de maquetas.

Y efectivamente, mire, esa es una respuesta del anterior Gobierno de la Xunta. ¿En qué gastaba el dinero de la Ciudad de la justicia? Realización maqueta de primer accésit, realización maqueta de tercer premio, realización maqueta de segundo premio, realización maqueta de segundo accésit, realización maqueta de tercer accésit, maqueta complementaria de la exposición del concurso. Tenían tantas maquetas que hasta incluso organizaron una exposición de las maquetas en la ciudad de Vigo. (*Risos.*) (*Murmurios.*) Fue lo único que hubo de la Ciudad de la justicia. (*Aplausos.*)

Hace falta, por tanto, que el ayuntamiento de Vigo ceda los terrenos. Pero existe además un acuerdo de este Parlamento, de septiembre de 2009, en el cual se exige al gobierno municipal que ceda los terrenos de esta importantísima infraestructura en la ciudad de Vigo. Pero hay que tener en cuenta una cosa, en los presupuestos del año 2010 del Ayuntamiento de Vigo hay cero euros para la expropiación de los terrenos de la Ciudad de la justicia.

Agradecemos el compromiso de la Xunta de Galicia en el proyecto de la Ciudad de la justicia, la Xunta bipartita solamente se dedicó a presentar maquetas y proyectos, no existió voluntad política. Ahora en la actual Xunta de Galicia existe voluntad política, existe dotación presupuestaria, en el plan general existen los terrenos; el único problema es la falta de actuación del alcalde de Vigo, que no quiere ceder los terrenos para la construcción de la Ciudad de la justicia. Insisto, en tres años sólo un papel, un papel en el cual dice que el ayuntamiento...

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor López-Chaves.

O señor LÓPEZ-CHAVES CASTRO:... [...] por vía legal.

Muchas gracias. *(Aplausos.)*

(O señor Lobeira Domínguez pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Señor Lobeira, prégolle que escoite con respecto os intervinentes nesta Cámara; non é o seu turno e non ten a palabra. Non me gusta estar chamando a atención. *(O señor Lobeira Domínguez pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿É a liberdade? E a liberdade tamén dos que falan aquí cando lles toca. Ben, a vostede non lle toca falar e non quero ter que chamarlle á orde, por favor.

Continuamos.

Ten a palabra, para a réplica, o conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas gracias, señora presidenta.

Efectivamente, señor Chaves, maquetas foi o que eu topei cando cheguei e preguntei como estaba a Cidade da xusticia; un proxecto básico e moitas maquetas, que costaron 628.000 euros. Pero como, loxicamente, nos proxectos básicos e nas maquetas non se pode meter a xente que demanda un servizo de xustiza eficaz, o edificio hai que facelo. E levamos sete meses esperando, insisto, en principio confiando en que o Concello de Vigo non deixa pasar un solo día sen facer os movementos necesarios para a expropiación. É que os terrenos son necesarios, así o entenderon todos os concellos e así agardo que tamén o estea entendendo o alcalde de Vigo.

Porque é verdade que hai moitos retrasos, é verdade que no ano 2007 o señor Caballero anunciou, en compañía do anterior conselleiro, que as obras comenzarían inmediatamente, a principios de 2008; en 2008 houbo outro anuncio, pero para dicir que se adiababan hasta o ano 2009; e no ano 2009, un pouco antes das eleccións, dixo que seis meses máis para empezar as obras. A realidade son maquetas, un proxecto básico, 628.000 euros gastados en plásticos e en papel, pero nin unha sola actuación para que o edificio se poida facer realmente.

Despois aí está outra cousa que tamén é preocupante. A previsión orzamentaria do bipartito para facer o edificio da Cidade da xustiza en Vigo era de 4,2 millóns de euros. Está claro que non eran cartos dabondo, que non se podía facer un edificio con 4,2 millóns de euros. Acabamos de actualizar a previsión a eses 15 millóns de euros que están agardando a que o alcalde de Vigo mova ficha, agardando a que sexa verdade todo eso que nos está contando de que se está movendo para poñer á disposición os terreos e agardando ao final que as obras podan comenazar.

Eu quero volver a dicir aquí en sede parlamentaria, e que quede claro, que lle toca ao Concello de Vigo mover ficha. Non vamos caer en ningún momento noutra cousa que non sexa dicir eso. Non vale de nada discutir, non vale de nada acusar a ninguén, non vale de nada o que fixo ata o de agora o señor alcalde de Vigo neste asunto. O que toca é poñerse a traballar. A Xunta está esperando a ter os terreos, e ao día seguinte Vigo poderá ter a Cidade da xustiza que merece.

Moitas gracias. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, conselleiro.

Pregunta de D.^a María Concepción Burgo López e catro deputados máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns do incumprimento do acordo parlamentario referente á ampliación ata catrocentas da oferta de prazas para estudantes de medicina no curso 2010-2011

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra dona María Concepción Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas gracias, señora presidenta.

Moi bos días a todos.

Señor conselleiro, como vostede sabe perfectamente, o 10 de decembro nesta Cámara en sesión plenaria aprobouse unha proposición non de lei, por unanimidade de todos os grupos, que instaba a Xunta de Galicia a ampliar o número de plazas ofertadas na Facultade de Medicina da Universidade de Santiago para o curso 2010-2011 ata chegar ás 400 prazas. Eu creo que todos podemos considerar que, unha vez decidido esto en sesión plenaria, unha consellería democrática e eficiente na súa xestión faría o seguinte: falar de forma inmediata coa Universidade de Santiago de Compostela e falar de forma inmediata coa Facultade de Medicina para decirlle, comunicarlle, o acordo desta Cámara e ademais poñer en común os problemas que isto podía traer ou non á facultade e arranxar –quedaban catro meses– todos os problemas con tempo suficiente.

Pero, sorprendentemente, en lugar desta reacción lóxica e democrática o que atopamos é que a Facultade de Medicina decidiu, sen saber nada disto, ofertar 350 prazas para o curso que vén, dado que, como di e como manifestou publicamente a equipa de goberno da Universidade de Santiago, ninguén da Consellería de Educación nin de Sanidade se puxera en contacto con eles para explicarlle e para trasladarlle a decisión deste Parlamento. E iso era a súa responsabilidade, loxicamente.

Cando coñecemos isto, sae a oferta de prazas da Universidade de Santiago de Medicina e se pregunta á consellería por que non se comunicou, coma sempre, por certo, o secretario de Universidades sae aos medios de comunicación atacando as universidades, o que é un continuo na súa xestión e na xestión do secretario de Universidades.

Non, señor conselleiro, é así porque está nos medios de comunicación; o señor secretario de Universidades dixo que

el non tiña por que comunicar nada á universidade e que a facultade xa o tiña que saber, e así zanzou a situación. Eso si, despois dixo que iba a elevar loxicamente esa proposta á Conferencia Xeral de Política Universitaria e ao Consello Galego de Universidades. Xa sei que onte ou antonte aprobouse ese número de prazas ofertadas –400– para o próximo ano, pero o que queremos saber é por que esa decisión tiña que levarse a cabo en contra dunha decisión que, sen saber nada máis, tivo a Facultade de Medicina. ¿Por que tiña que levarse...

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ:... por que tiña que levarse...

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

Ten a palabra para respostar o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Señora presidenta, bos días.

Señora deputada, teño que decirlle que a Xunta de Galicia, concretamente a Consellería de Educación, cumpriu con exactitude a decisión da Cámara galega en relación á ampliación da oferta de prazas da Facultade de Medicina.

Somos respectuosos co traballo e a función que desenvolve, por suposto, o Parlamento de Galicia; e, por suposto, tamén actuamos baixo o absoluto respecto á autonomía das universidades e das facultades. E actuamos conforme á competencia de coordinación, ordenación e planificación do sistema universitario galego.

Fixemos o que tiñamos que facer e cumprimos en forma e en prazo. Primeiro, pese a que a Universidade de Santiago propuxo 350 prazas para Medicina, a consellería defendeu que fosen 400, tal e como estaba planificado desde 2008 e como recolle asemade o acordo parlamentario. Pero, é máis, a Universidade de Santiago de Compostela xa fora coñecedora, meses antes do acordo parlamentario, do desexo da Xunta de aumentar a oferta do número de prazas en Medicina. Foi coñecedora a través do seu reitor, a quen eu e o secretario xeral de Universidades lle trasladamos a existencia dun informe do bipartito que recollía as previsións de necesida-

des de titulados en Medicina ata o ano 2013. As consellerías de Sanidade e de Educación do anterior Goberno avalaron unha planificación de prazas de Medicina que ofertaba 400 para o curso 2009-2010 que, como saben, non foi executada; e a ampliación gradual ata chegar a 500 no horizonte académico 2012-2013. Ese informe, que xa fora remitido en abril do ano 2008 ao Ministerio de Educación, foi asumido polo responsable da Universidade de Santiago de Compostela; por tanto, a Universidade de Santiago, a través do seu máximo representante, era coñecedora da previsión de 400 prazas que recollía o informe do anterior Goberno bipartito e da vontade da actual Consellería de Educación de propoñerlle ao ministerio esa cifra. E logo veu o acordo parlamentario, como vostede fixo público.

En segundo lugar, a Consellería de Educación informou das prazas previstas ao Consello Galego de Universidades na súa xuntanza do 14 de maio celebrado no campus de Ourense. Así lle podo explicar que nesa xuntanza informouse de que como cada ano se enviaba ao Ministerio de Educación a oferta de prazas para cada un dos grados do sistema universitario, entre eles a petición de 400 prazas para a Facultade de Medicina, sobre as que non houbo ningún pronunciamento en contra.

E, terceiro, a Conferencia Xeral de Política Universitaria abordou onte, na súa xuntanza ordinaria no Ministerio de Educación en Madrid, a proposta trasladada pola Xunta e aprobou esa oferta para o vindeiro curso. Insisto, a Consellería de Educación cumpriu co acordo parlamentario e co obrigado respecto á autonomía das universidades. Por iso non entendo a súa pregunta, señora de Burgo, sobre todo cando vemos que a Conferencia Xeral de Política de onte aprobou precisamente a proposta da Xunta de Galicia desas 400 prazas. Non entendo, agás que vostede defenda que se salten os pasos normais.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Gracias, eso é todo. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a señora Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas.

Pois moitas grazas, señor conselleiro, porque deixou ben clariño que vostedes non comunicaron á Universidade de

Santiago o acordo desta Cámara. O dixo tal cual. Había un acordo do anterior Goberno, que non é unha lei, polo tanto, non de obrigado cumprimento; e, dada a obsesión deste novo Goberno por apartar todo o que fixo o anterior, non me estraña que a Universidade de Santiago non soupera que ese precisamente si iba a quedar en vigor, fronte a outros moitos que non.

¿Me quere explicar por que a Universidade de Santiago ten que enterarse de que vostedes tamén queren subir as 400 prazas e que hai unha decisión no Consello Galego de Universidades de maio? ¿Por que non o sabían antes? Porque gardar a autonomía non é non dialogar. Xa sei que o diálogo a vostede moito non lle gusta, coma sempre, pero aquí hai soamente dúas razóns: ou ben non quixeron cumprir un mandato democrático desta Cámara; ou ben cometeron —coma sempre, tamén— un erro en xestión, esquencéronse de avisar á Universidade de Santiago do que estaba a pasar. Ambas as dúas cousas son graves; dende logo, máis grave a falta de democracia que a falta de xestión, dende o meu punto de vista, pero tamén é grave a falta de xestión. Vostede elixa que fixeron, ou unha ou outra, porque o que é certo é que puxeron nunha situación a verdade é que incómoda a unha facultade que xa podía estar de acordo en pedir esos 400. E vostede buscando tamén, como sempre, un enfrentamento, e nunha actitude que parece obrigar agora á Facultade de Medicina a poñer en marcha 400 prazas por culpa de que non a avisaron. Polo tanto, escolla, señor conselleiro, porque aquí hai dúas cousas, e por iso pregunto isto, ou ben falta de democracia ou ben falta de xestión. O que vostede me diga eu o creo. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Burgo.

Ten a palabra o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Señora deputada, vexo que vostede non escoitou a primeira parte da pregunta. Díxenlle que meses antes xa se viña falando co reitor, e o reitor era coñecedor precisamente tanto do acordo previo como da proposta da propia consellería, meses antes xa, incluso, do acordo previamente. Porque diálogo e respecto á autonomía das universidades é o que amosa este Goberno sempre e este conselleiro, señora de Burgo, díggollo en serio.

O traslado ao Consello Galego de Universidades e á Conferencia Xeral de Política Universitaria permitiulle tamén á consellería, por suposto, darlle resposta a ese acordo parlamentario. E repito que previamente se falara tamén das prazas co propio reitor –volvo reiterar– dentro do que era o marco de respecto á autonomía universitaria. Acordo no que se instaba que se ampliase a 400 para o curso 2010-2011 e a posibilidade de seguir ampliando, según o estudo de necesidades, a previsión do Goberno central e da propia Comunidade Autónoma. E o conseguimos, a Facultade de Medicina, que depende da Universidade de Santiago, ofertará o vindeiro curso 50 prazas máis, xa que pasará das máis de 350 actuais ás 400 defendidas desde a propia consellería, e, por suposto, tamén polo acordo parlamentario.

A nova oferta de prazas conta ademais co respaldo do Ministerio de Educación e coa felicitación do Ministerio de Sanidade. Desta forma, a Administración galega deu un paso máis para a cobertura das necesidades de profesionais da medicina nos centros sanitarios galegos para os vindeiros anos. Ademais, esperamos que tamén o Ministerio de Educación cumpla nese sentido, pois xa leva dous anos de retraso, a promesa e comunique ás comunidades autónomas tamén o resultado dun informe que están a elaborar sobre as necesidades do sistema sanitario español.

Aínda así, en Galicia estamos a sacar adiante os compromisos acadados aquí de prazas para medicina. É máis, pódolle lembrar que o acordo dese día incluía tamén o segundo punto, onde se instaba a Xunta a –e cito textualmente– impulsar a participación na formación práctica dos alumnos na medicina na totalidade dos centros sanitarios da rede do Sergas, por medio de fórmulas xa acordadas entre o ámbito universitario e sanitario que cumpran os estándares de calidade. Tamén estamos a cumprir esa cuestión, de feito, o pasado 14 de maio, no encontro do Consello Galego de Universidades presentáronse os adiantos na execución do acordo das bases para cooperación universitaria na docencia do grao de medicina asinado en febreiro.

Así xa se constituíu a Comisión mixta do sistema galego de universidades para a docencia clínica. Nesa comisión están representadas todas as partes. Tras isto, constituíronse as comisións docentes do grao de medicina de cada un dos hos-

pitais do Sergas, cuxas composicións foron fixadas a proposta do propio Sergas e do decano da Facultade de Medicina, sendo aprobadas por unanimidade.

Polo tanto, esta consellería defende que as nosas universidades –e así o vén decindo– colaboren para ser así máis competitivas, algo...

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad):... que as propias administracións universitarias entenderon.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

Pregunta de D. Abel Losada Álvarez e catro deputados máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego da execución do Plan de desenvolvemento integral de Ferrol, Eume e Ortegal durante o ano 2009

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra dona Beatriz Sestayo Doce.

A señora SESTAYO DOCE: Gracias, señora presidenta.

Bos días, señor conselleiro.

A pregunta ten que ver, está relacionada, cun plan de desenvolvemento –como sabe– das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal. Un plan que foi denostado no seu día polo Partido Popular, que foi criticado polo Partido Popular alí onde estaba, e que, de feito, foi necesario que chegara o Goberno bipartito á Xunta de Galicia para que se sumara a esa iniciativa tomada, por certo, dende Ferrol, non dende a política, senón dende Ferrol, dende unha asociación de sindicatos, empresarios, cámara de comercio e asociacións, como vostede coñece agora, que decidiron dar un paso adiante na necesidade de saír do monocultivo ao que estaba sometida a comarca de Ferrolterra.

Durante o Goberno bipartito a verdade é que era moi fácil coñecer os avances deste plan, toda vez que, como sabe ou

debería saber, había unha xuntanza mensual presidida polo propio conselleiro de Economía, señor Fernández Antonio, o director do Igape, e que contaba con numerosos membros, na que mensualmente se analizaban e se avaliaban cales eran as melloras, así como as carencias, deste plan de desenvolvemento, do Plan Ferrol.

O certo é que, unha vez que tomou posesión o Goberno de Núñez Feijóo, existe unha primeira xuntanza en decembro na que dice que vai colocarlle a vostede ao fronte para facer ese seguimento como se viña facendo, porque así o pediron expresamente todos, a unanimidade das persoas que integran a asociación impulsora do Plan Ferrol, nunha primeira xuntanza de contacto que despois sería continuada. O certo é que só houbo unha máis, esa é a realidade; se acabaron e remataron eses seguimentos mensuais, remataron esas avaliacións dos plans, rematou esa información pública que estaba tendo a Consellería de Economía, o Igape e a Xunta de Galicia a respecto do desenvolvemento do Plan Ferrol, e o único que atopamos é anuncios –como non–, anuncios mediáticos, porque a verdade é que as comparecencias en pleno non se lles dan ben. Por certo, aproveite para pedirlle unha vez máis a comparecencia en xustiza, se pode ser, ¿verdade?, despois dun ano, para poder explicar todo aquilo que explicaba o seu compañeiro do Partido Popular.

En todo caso, a verdade é que nos atopamos con cifras mediáticas confusas e estrañas, porque, por unha parte, avanza vostedes a creación de 3.400 postos de traballo en dous anos, que despois, si se avanza na páxina ou en distintos medios de prensa, son 2.400, mil menos. Seica dá igual, dado o rigor das súas cifras, pois mil menos, mil máis, para vostedes dá igual; poderían dicir tranquilamente que son 5.000 postos de traballo e se quedarían tan tranquilos. Pero quixéramos coñecer...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Sestayo.

A señora SESTAYO DOCE:... cal é a valoración do Goberno galego...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Sestayo.

Para responder, ten a palabra o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Sestayo, coñezo esa reunións que se tiñan mes a mes. Tampouco eran mes a mes, que non lle conten historias, porque mo conta a mesma xente que estaba aí e me dicían para o que valían.

Mire, vostede fala de anuncios. Eu vou coller simplemente expresións da súa propia pregunta. Me di que en marzo de 2009 Ferrolterra e os concellos transitaban na boa dirección; decía que deron vostedes paso a un futuro moi esperanzador; decía que toda a zona –entendo que todos os concellos– avanzaba na senda do desenvolvemento a un ritmo nunca antes acadado. Isto en marzo do ano 2009, e me fala vostede de anuncios.

Mire, señoría, señora Sestayo, eu lle fago unha pregunta moi sinxela. ¿Sabe vostede canto medrou... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señora Sestayo.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):... en términos netos o número de afiliados á Seguridade Social nos concellos do ámbito de Ferrolterra en dous anos que van dende marzo de 2007 a marzo de 2009? ¿Sabe cal foi ese saldo positivo, ese futuro esperanzador e ese ritmo nunca antes acadado? Catorce altas en términos netos á Seguridade Social en dous anos, señora Sestayo; catorce altas.

Isto é un perfecto resumo do que vostedes estaban facendo no mes de marzo do ano 2009, que era contarlle á xente historias, dicirlle que non pasaba absolutamente nada, que todo o que tiñamos por diante era perfecto, que non había por qué preocuparse; pintalo todo de cores. E vostede me fala de anuncios, señora Sestayo.

Din tamén que dende a chegada do novo Goberno á Xunta de Galicia non hai información sobre o Plan Ferrol. Lle vou dicir unha cousa, o que non hai nin vai haber é nin falta de realismo nin, sobre todo, a propaganda que vostedes facían, porque eso non o cre ninguén. Non o cre ninguén, como se veu pouco tempo despois de que vostedes dixeran que o futuro era esperanzador.

Mire eu creo que o Plan Ferrol é un perfecto exemplo, poucos haberá tan bos, que exemplifique a guerra que vostedes se traían dentro do bipartito. No Plan Ferrol vostedes mesmos estiveron de acordo, e así o decía a asociación impulsora, que se concebía –e leo textualmente– como unha fronte común integrada polas administracións públicas, as organizacións patronais e as entidades sindicais. E, efectivamente, agora estamos todos, agora está a Xunta de Galicia, están as organizacións sindicais e están tamén as patronais. O malo é que cando estaban vostedes só estaba a metade da Xunta de Galicia, a Consellería de Industria –que digo eu que algo terá que ver no Plan Ferrol– nin estaba nin se lle esperaba. Era un plan do PSOE e os do Bloque non podían estar. Esa era a realidade do Plan Ferrol que nos reconece a xente que sigue, que estaba antes e que está agora.

E mire, postos a transmitir sensacións, eu me pregunto, se todo iba tan ben e nós viñemos estragalo, ¿por que exactamente o 23 de novembro de 2008 vostedes tiveron unha manifestación promovida pola propia asociación impulsora para dicir que non se estaban cumprindo as medidas? Esa é a realidade, e o seu de verdade si que era propaganda, señora Sestayo. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, conselleiro.

Ten a palabra a señora Sestayo.

A señora SESTAYO DOCE: Non sei se teño un tempo adicional para contestar as cinco preguntas que fixo o señor conselleiro. Non, teño que seguir preguntando. Pois entón prego, atendendo á democracia, ao dereito constitucional que vostede creo que debe coñecer, o mesmo respecto, un mínimo respecto por este Parlamento, señor Rueda. Lembre que é vostede quen se somete ao control do Parlamento, non son eu. *(Aplausos.)*

En todo caso, pido que responda. Aquí hai un anuncio na páxina *web* de cando compareceu vostede aquí... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora SESTAYO DOCE: Non, non [...] poden consultar, anuncian a creación de 3.400 postos de traballo, despois falan de 2.400 postos de traballo, e, cando se lles pregunta,

din que non se sabe exactamente cantos serán. Supoño que ao mellor ten algo que dicir.

Se fala de 2.600 persoas que entrarán en formación con cargo a ese Plan Ferrol. Por certo, deses 2.600 creo que acaban de empezar os 50 primeiros. Van ben, van ben. Creo que van cun ritmo anual, dende logo, ben valorado.

Entón, eu pregunto, señor Rueda, no uso do meu dereito, e vostede ten que responder, ¿se van crear 3.400 postos de traballo nestos dous anos 2010-2011, a metade cada ano, ou sexa, a metade este ano? ¿Que ritmo vai levar a creación de traballo por parte do Goberno galego?

Non me conteste, porque xa sabemos os datos creados, por certo, porque compareceu o director general de Industria do Goberno estatal, pero eso non nos interesa porque xa o coñecemos e este é o Goberno galego.

Por certo, falando de desaparición do conselleiro de Industria, non apareceu nin unha soa vez por Ferrol, respecto do desenvolvemento do Plan Ferrol, deste gran Goberno monocolor e tan forte do Partido Popular, señor conselleiro Rueda.

Entón, un pouco de rigor, e fago preguntas claras. ¿Cantos postos de traballo están creados por parte da Xunta de Galicia –por certo, tampouco apareceu a señora Mato–...

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Sestayo.

A señora SESTAYO DOCE:...neste ano e cantas persoas...*(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

Ten a palabra, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Señora presidenta.

Señora Sestayo, o conselleiro de Industria non vai porque xa vou eu, e despois podo falar con el e nos coordinamos. Esa é a diferenza co que había antes; esa é a diferenza. *(Aplausos.)*

Mire, pero eu lle vou a falar do Plan Ferrol. Si, claro que lle vou responder á pregunta. Xa vexo que lle molesta moito que

Ile diga como iba antes o Plan Ferrol, pero creo que é bo saber onde estabamos antes para decidir hacia onde temos que ir agora.

Mire, eu creo que avanzamos a bo ritmo, sinceramente llo digo; doulle datos. Aprobamos para o seu financiamento un total de 449 proxectos, que son un 61% máis que no último ano de vostedes, eses anos de gran ledicia, de futuro esperanzador: 288 proxectos, fronte a 449.

Melloramos a xestión dos préstamos a xuro cero para as empresas privadas que concede o Ministerio de Industria, pero hai que xestionalos despois, ¿sabe?: 92,2 millóns de euros, (*Murmurios.*) case o mesmo nun ano que vostedes en dous anos de futuro esperanzador e donde todo iba moi ben e donde non tiñamos por qué falar da crise porque non a tiñamos encima.

Imos aproveitar o cen por cen do crédito dispoñible para concesión de préstamos. Vostedes non esgotaban esta partida.

Se vai destinar un investimento e as cifras son as que lle vou dicir: 18 millóns de euros entre 2010 e 2011 para dinamizar a contratación de desempregados; 2.600 alumnos en formación que despois van ter traballo e 2.400 desempregados en subvención directa. Espero que dea algo máis que esas 14 altas que tiveron vostedes en dous anos de futuro esperanzador.

E mire, imos apostar seriamente polo turismo. Imos crear, estaba pendente –non sei por qué non o fixeron, porque todo o mundo di alí, nesas reunións ás que eu si vou, que é necesario–, unha marca turística de Ferrolterra para dinamizar un sector moi importante e polo que hai que apostar.

Vamos a potenciar o porto de Ferrol, doblamos a aportación que lle fai o Igape no convenio que ten co porto. Vamos apostar polas infraestruturas. No ano 2010 o 50% dos tramos da VAC Ferrol-San Cibrao ou está en execución ou está en expropiación. Abrimos unha liña pioneira, que hai que miralo aí porque é un recurso importante, para aproveitar a enerxía das ondas, a enerxía undimotriz.

Pero mire, por último podíamos seguir, lle podo dar moitos datos, pero, como vostede di, non hai demasiado tempo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero lle vou dicir a gran aposta que poden facer vostedes por Ferrolterra,

e vostede, como é de Ferrol, me entenderá perfectamente. Mire, quedan apenas trinta días para que se cumpla o semestre de Presidencia europea e para que se cumpran esas apostas da señora Fernández de la Vega, e sobre todo do señor Zapatero, que decía que iba facer algo para levantar o veto á construción civil en Navantia-Fene. Dígalle que lle quedan 30 días, pregúntelle se fixo algo, porque a nós non nos dá nada, e así, por fin, poderán redimir os dous anos do Plan Ferrol no que o bipartito non fixo absolutamente nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: ¿Señora Sestayoy?

Señora Sestayoy, ha estado vostede no debate. Vostede é unha deputada experimentada e sabe como funciona o Parlamento, polo tanto, non lle vou a dar a palabra.

Se lle parece, vamos a continuar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Me parece moi ben, se vostede considera que o conselleiro non lle contestou, pois terá que volver a facer as preguntas que estime oportunas, que é o seu dereito.

Pregunta de D.^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a investigación dos crimes da ditadura franquista en Galicia

A señora PRESIDENSA: Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señora presidenta.

“Querido don Manuel, quero neste intre despedirme en vosté de todos os irmáns. Non hei de entrar en detalle para lle explicar o asesinato que comigo e os demais compañeiros se vai cometer. De todos os procesos habidos ha de resaltar o noso, resolto dunha maneira claramente arbitraria, obedecendo a un desexo de venganza e terror.

Pídolle a vosté e a todos que no momento do triunfo e da liquidación do sucedido non esquezan os culpables.”

Estas son palabras que creo que poden chegar, ao mellor, a tocarlles o corazón que nos deixou escritas Víctor Casas pouco antes de que o fusilaran no ano 1936.

Cometeu o delito de ser un galeguista, de defender a República e de defender, polo tanto, uns ideais democráticos. E creo que no seu testamento, que podemos recoller nesta carta, deixou un mandato moi claro ao conxunto da sociedade e a aqueles que acreditan na democracia: “nos esquezades os culpables”.

Isto é precisamente polo que durante moitos anos levan loitando moitas asociacións deste país, moitas familias que tiveron represaliados e represaliadas, e tamén desde o Bloque Nacionalista Galego: a necesidade de reparar as vítimas, de recuperar a súa memoria e tamén de recuperar, en certa maneira, a vontade de quen foron mártires desta patria e mártires en defensa de valores democráticos.

Nós, desde o Bloque Nacionalista Galego, defendemos que esta sociedade ten dereito a coñecer, a investigar, os crimes da ditadura franquista, e ademais non só iso, non só a coñecelos e a investigalos, senón tamén a reparar a memoria das vítimas e, polo tanto, condenar aquelas persoas que cometeron auténticas barbaridades.

Cremos que, se analizamos o dereito internacional, ademais comprobamos como os crimes masivos e xenocidas non son, por definición, amnistiábeis, e mesmo comprobamos no noso entorno como países que tiveron ditaduras moito máis recentes que as que houbo no Estado español foron capaces de romper con esa impunidade e, polo tanto, foron capaces de dar pasos adiante para reparar a dignidade de quen deu a súa vida por defender, en todo caso, ideas democráticas.

E cando falamos do Estado español o que vemos é que aquí houbo unha ditadura franquista que produciu unha violencia masiva e planificada. Vemos tamén como na Galiza o que houbo foi un proceso de aniquilamento clarísimo dos dirixentes de todos aqueles movementos contrarios ao fascismo e que tivo unha dimensión que non é comparable á que pasou en ningún lugar do Estado español. Temos máis de 10.000 persoas represaliadas, máis de 4.000 persoas que foron asasinadas neste país, a maior parte delas nas cunetas, enterradas...

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO:... en fosas comúns, que vostedes...*(A señora Pontón Mondeño pronuncia palabras que non se perciben)* *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

Ten a palabra o señor conselleiro de Cultura e Turismo.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Varela Fariña): Gracias, presidenta.

Moitas gracias, señora Pontón, pola súa pregunta.

Considero máis que necesario comenzar a miña intervención manifestando o máximo respecto do Goberno da Xunta de Galicia de cara ás vítimas do período máis duro e doloroso da nosa historia recente como pobo que vostede acaba de mencionar. Este Goberno, pode ter por seguro, está claramente posicionado ao lado de todos os galegos e galegas que sufriron a persecución, a represión e a violencia inxustificada, e sempre o vai estar. *(Aplausos.)*

Somos quen de comprender e asumir a profunda dor de todas as nosas familias tan fondamente coma calquera, porque desafortunadamente os galegos –como vostede ben dixo– vivimos de preto a súa crudeza.

Hoxe, señoras e señores deputados, o proceso de transición á democracia concluíu con éxito a operación de recuperación do Estado de dereito, sentando os alicerces sobre os que se asenta o actual marco de convivencia que nos permite debater, libre, pluralmente e sen cortapisas nesta sede.

As organizacións sociais, políticas e sindicais, democráticas, da man dos poderes públicos, estamos obrigados a preservar os valores que a democracia e a liberdade impulsaron para transformar o noso país no que hoxe é. Valores democráticos que non son patrimonio de ningún grupo político en particular, senón que pertencen e teñen sentido porque naceron por e para o servizo de toda a cidadanía.

O tema que hoxe nos ocupa require, señora deputada, dunha especial prudencia e respecto. Debemos ser plenamente conscientes delo, porque afecta a moitos dos dereitos fundamentais garantidos pola Constitución: o dereito á igualdade, á non discriminación, á liberdade, á intimidade persoal e familiar, á liberdade de expresión e información, á tutela xudicial efectiva, e especialmente o máis básico de todos eles, que é o dereito á vida e á integridade física.

A Xunta vai a seguir apoiando activamente as investigacións dirixidas á recuperación da memoria e da voz dos represaliados galegos, e non vamos a poñer punto final á súa difusión entre a nosa cidadanía. Iso demostra o feito de que a Consellería de Cultura e Turismo retomou no ano 2009 o convenio asinado polos nosos antecesores no cargo coas tres universidades galegas vixente ata finais do pasado ano. Un convenio que permitiu rematar con plena normalidade a cuarta fase do programa de accións conxuntas dirixidas a desenvolver a investigación histórica sobre a represión en Galicia e que supuxo a asunción dunha inversión de 240.000 euros o ano 2009, superando amplamente as cantidades executadas no programa pola Consellería de Cultura e Deporte nos anos 2006 e 2007 e igualando as do 2008. Como resultado dos mesmos obtivéronse 4.000 fichas, realizáronse 1.000 entrevistas sobre a guerra civil e xuntouse un amplo abanico de imaxes e investigacións de expedientes militares.

Chegados a este punto, señorías, no que o principal esforzo xa se materializou, o máis urxente agora é facer fronte ás novas necesidades do proxecto, que serán asumidas pola Consellería de Cultura e Turismo tamén no ano 2010. Para elo, respectando a expresión do...

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Varela Fariña): Quixera rematar dicindo. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

Ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Grazas, señora presidenta.

Lamento –en todo caso quero dicirillo– que cando hai unha práctica de avisar e deixar algo de tempo máis para cortar a palabra, aquí sexa taxante porque este tema parece que molesta.

A señora PRESIDENTA: Perdoe un momento, señora Pontón.

Eu creo que non se cre vostede o que di.

A señora PONTÓN MONDELO: Si.

A señora PRESIDENTA: Porque entón non estivo neste pleno. Pero desde que empezaron as preguntas o único que está a facer esta Presidencia é medir o tempo. Tres minutos para preguntar e dous minutos para a réplica. Entón..

A señora PONTÓN MONDELO: Non se lle cortou a palabra a ninguén como se me cortou a min.

A señora PRESIDENTA: Eu lle rogo que non diga o que sabe vostede que non é verdade. Aquí se está a respectar o tempo a todo o mundo.

Ten vostede a palabra para acabar a súa intervención.

A señora PONTÓN MONDELO: Como non nos vamos a poñer de acordo, creo que é máis útil, en todo caso, utilizar o tempo para esta cuestión.

Ben, señor conselleiro, vostede fala dunha maneira que sabe que non se está axustando á realidade. Desde que o Partido Popular volveu á Xunta de Galiza teñen pasado cousas que son, do noso punto de vista, moi graves e que demostran como vostedes queren darlle carpetazo a todo o que ten que ver coa investigación da memoria histórica en Galiza.

Podemos falar de como lle recortan un 90% aos fondos para o proxecto dos nomes e as voces. Podemos falar de como vostedes deixan de colaborar na exhumación de fosas. Podemos falar de como vostedes non lle deron continuidade á homenaxe nacional que cada ano se lle facía ás vítimas do franquismo na illa de San Simón. Podemos falar de como vostedes non volveron a reunirse nin a convocar o Consello Galego da Memoria Histórica. Podemos falar de como eliminaron as axudas para as asociacións de recuperación da memoria histórica.

Creo que todo iso é moi sintomático de cal é a liña de actuación ou de como pretenden que a illa de San Simón, que foi a maior cárcere que houbo neste país, que había un proxecto no que había ademais un consenso coas asociacións de recuperación da memoria histórica para ubicar alí un centro de recuperación da memoria histórica, para que ese fora un lugar no que os galegos non esquecérámos o que pasou neste país, vostedes queren convertilo –díxonos nunha ocasión– nun sitio alegre.

A nós parécenos que a mellor maneira de honrar as vítimas non é borrando a súa memoria; o seu esquecemento non é honrar a súa memoria. E desde que vostedes chegaron hai un intento claro...

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO:... de eliminar o apoio a todo o que se refire á recuperación... (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura e Turismo.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Varela Fariña): Señora Pontón, tamén eu lamento non ter máis tempo para discutir este tema, penso que é dunha importancia esencial. Pero teña por seguro que todos os aquí presentes coincidimos na importancia que ten o respecto polos represaliados, pola súa memoria e pola sensibilidade dos seus. No que non estamos de acordo, sinxelamente, é no enfoque institucional que hai que darlle a esta especial consideración polas vítimas.

De pouco valen as conviccións, señora Pontón, se non as dotamos dun contido cultural verdadeiramente enriquecedor, se non aproveitamos as sinerxias positivas que poden xerarse estimulando unha creación que sexa libre e plural, porque esa é a verdadeira esencia de democracia.

O actual Goberno da Xunta considera que, lonxe dos meros actos solemnes, o mellor recoñecemento que se lles pode brindar aos represaliados pasa pola investigación e a dinamización cultural. Podo anunciarlle que esta mesma semana vimos de asinar un novo convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e as tres universidades galegas, que terá vixencia ata finais do presente ano, e que van a dar continuidade aos que vostedes asinaron con anterioridade.

Rematada no 2008 –insisto, con plena normalidade– a vixencia do convenio plurianual asinado o 14 de maio de

2006, concentrarémonos agora nas novas necesidades do proxecto Nomes e voces, que pasa pola realización de traballos de mantemento físico e actualización da información recollida na base de datos de vítimas da guerra civil e a represión franquista, que se pode consultar desde o portal web *nomesevoces.com*. O noso obxectivo é poñer ao servizo da sociedade galega todo o traballo realizado neste proxecto arredor de distintos eixos de investigación: nomes, voces e lugares de represión. Este Goberno, señora deputada, xamais esquecerá as vítimas ou silenciará as palabras dos seus familiares, non é a nosa intención. Pola contra, precisamente para potenciar a súa divulgación, centrarémonos na promoción da páxina web como lugar estratéxico de difusión, a fin de garantir que as voces daqueles que xa non están poidan seguir sendo escoitadas e sirvan de exemplo ás novas xeracións de galegos e galegas.

Pero non se trata esta dunha actuación aillada, tamén esta mesma semana presentaremos o Plan de usos da illa de San Simón, un enclave sabemos que emblemático, tendo sempre moi presente a súa trágica historia, que se configurará como un espazo aberto e construtivo para os creadores, os artistas e o público en xeral. Non vamos a facer un porto deportivo, que é o que tiñan vostedes pensado facer. Impulsaremos como centro cultural de referencia para albergar actos culturais, didácticos e educativos de calidade e con proxección internacional.

Pensamos que a cultura é a mellor maneira –a cultura e o pensamento, que é o que vamos a facer na illa de San Simón– de honrar os mortos e as vítimas.

Gracias. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, conselleiro.

Esgotada a orde do día, remata a sesión.

Moitas gracias e bos días a todos.

Remata a sesión ás dúas e media da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

- 1.- Acuña do Campo, Carmen PSdeG-PSOE
- 2.- Adán Villamarín, Carme (BNG)
- 3.- Álvarez Chao, Emma (PP)
- 4.- Arias Veira, Pedro (PP)
- 5.- Aymerich Cano, Carlos (BNG)
- 6.- Baamonde Díaz, Agustín (PP)
- 7.- Balseiro Orol, José Manuel (PP)
- 8.- Baltar Blanco, José Manuel (PP)
- 9.- Barcón Sánchez, Mar PSdeG-PSOE
- 10.- Barros Sánchez, Natalia (PP)
- 11.- Blanco Álvarez, Fernando Xabier (BNG)
- 12.- Bouza Santiago, Ana Luisa (BNG)
- 13.- Burgo López, Concepción PSdeG-PSOE
- 14.- Cajide Hervés, María del Carmen PSdeG-PSOE
- 15.- Caride Estévez, María José PSdeG-PSOE
- 16.- Castiñeira Broz, Jaime (PP)
- 17.- Cerviño González, Francisco PSdeG-PSOE
- 18.- Cobián Fernández de la Puente, Pablo (PP)
- 19.- Díaz Lugilde, Yolanda (PP)
- 20.- Díaz Pardo, Angeles (PP)
- 21.- Escribano Rodríguez, Javier (PP)
- 22.- Fernández Fernández, Rosendo (PP)
- 23.- Fernández Leiceaga, Xoaquín María PSdeG-PSOE
- 24.- Fervenza Costas, José (PP)
- 25.- Fraga Santos, Silvia PSdeG-PSOE
- 26.- Francisco Rivera, Juan Carlos PSdeG-PSOE
- 27.- Gallego Calvar, Carmen PSdeG-PSOE
- 28.- Gallego Lomba, Manuel PSdeG-PSOE
- 29.- García López, José Antonio (PP)
- 30.- García Pacín, María Isabel (PP)
- 31.- Goldar Güimil, Jesús (PP)
- 32.- Gómez Alonso, Alejandro (PP)
- 33.- Lage Tuñas, José Manuel PSdeG-PSOE
- 34.- Lobeira Domínguez, Bieito (BNG)
- 35.- López Campos, José Carlos (PP)
- 36.- López Rodríguez, Dámaso (PP)
- 37.- López Vidal, Pablo Xavier PSdeG-PSOE
- 38.- López-Chaves Castro, Ignacio Javier (PP)
- 39.- Losada Álvarez, Abel PSdeG-PSOE
- 40.- Meijón Couselo, Guillermo PSdeG-PSOE
- 41.- Méndez Romeu, José Luís PSdeG-PSOE
- 42.- Negreira Souto, Carlos (PP)
- 43.- Novoa López, Enrique (PP)
- 44.- Núñez Feijóo, Alberto (PP)
- 45.- Oubiña Solla, Rosa (PP)
- 46.- Paz Franco, María Tereixa (BNG)
- 47.- Piñeiro Martínez, Marisol (PP)
- 48.- Pontón Mondelo, Ana Belén (BNG)
- 49.- Pose Mesura, Modesto PSdeG-PSOE
- 50.- Prado del Río, Paula (PP)
- 51.- Puy Fraga, Pedro (PP)
- 52.- Quintana González, Anxo Manuel (BNG)
- 53.- Quintas Álvarez, María PSdeG-PSOE
- 54.- Rego González, Ismael PSdeG-PSOE
- 55.- Rodríguez Arias, Marta (PP)
- 56.- Rodríguez González, Román (PP)
- 57.- Rodríguez Miranda, Antonio (PP)
- 58.- Rojo Noguera, Pilar (PP)
- 59.- Romero Fernández, Cristina Isabel (PP)
- 60.- Ruíz Rivas, Manuel Santos (PP)
- 61.- Sánchez Montenegro, Isabel (BNG)
- 62.- Santalices Vieira, Miguel Ángel (PP)
- 63.- Seoane Romero, María (PP)
- 64.- Sestayo Doce, Beatriz PSdeG-PSOE
- 65.- Soneira Tajés, María Soledad PSdeG-PSOE
- 66.- Suárez Canal, Alfredo (BNG)
- 67.- Sueiro Pastoriza, Alberto (PP)
- 68.- Táboas Veleiro, María Teresa (BNG)
- 69.- Tomé Roca, José PSdeG-PSOE
- 70.- Valcárcel Gómez, Marta (PP)
- 71.- Varela Sánchez, Ricardo PSdeG-PSOE
- 72.- Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis (PP)
- 73.- Vázquez Fernández, Manuel PSdeG-PSOE
- 74.- Verdes Gil, Sonia PSdeG-PSOE
- 75.- Viéitez Alonso, Henrique (BNG)



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25